



Creando valor para a sociedade



Memoria de Responsabilidade Social 2010/2011

UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Índice

CARTA DO REITOR.....	7
INTRODUCCIÓN.....	9
1. ACERCA DA MEMORIA	11
2. A USC EN CIFRAS.....	17
3. CREACIÓN DE VALOR PARA A SOCIEDADE.....	21
QUEN SOMOS?	
VISIÓN XERAL DA USC	27
1. MISIÓN, VISIÓN E VALORES. PRIORIDADES ORZAMENTARIAS	29
2. ESTRUCTURA DE GOBERNO E ORGANIZATIVA.....	33
2.1. Estructura de goberno	33
2.2. Estructura organizativa.....	34
3. O NOSO CONTORNO. RISCOS E OPORTUNIDADES	39
4. OS NÓSOS GRUPOS DE INTERESE.....	43
4.1. Perfil do persoal	46
4.1.1. Persoal docente e investigador (PDI).....	47
4.1.2. Persoal con cargo a actividades de I+D.....	50
4.1.3. Persoal de administración e servizos (PAS).....	50
4.2. Perfil do alumnado	52
5. OBXECTIVOS ESTRATÉXICOS	55
6. XESTIÓN DA RESPONSABILIDADE SOCIAL.....	57
6.1. Principios da xestión socialmente responsable da USC.....	57
6.2. Pactos e iniciativas subscritos e pertenza a aso- ciacións e redes	60
6.3. Comunicación e participación.....	60
6.4. Valedor da Comunidade Universitaria.....	61

QUE FACEMOS? A DOCENCIA, A INVESTIGACIÓN E A TRANSFERENCIA63

1. A DOCENCIA: A OFERTA ACADÉMICA DA USC	65
1.1. Titulacións de 1º e 2º ciclo e graos	65
1.2. Posgrao oficial	68
1.3. Doutoramento	69
1.4. Materias de nivelación (materias ponte)	70
1.5. Posgrao propio	71
1.6. Formación continua	72
1.7. Estudos de IV ciclo	72
1.8. Formación transversal.....	73
2. INVESTIGACIÓN E TRANSFERENCIA	75
2.1. Capacidade investigadora.....	76
2.2. Cualificación do persoal investigador.....	78
2.3. Formación de novo persoal investigador	79
2.4. Campus Vida.....	80
2.5. Campus do Mar	82
2.6. Transferencia, valorización e emprendemento.....	83
2.7. Cátedras propias	90
3. SERVICIOS DE APOIO Á DOCENCIA E A INVESTIGACIÓN.....	93
3.1. Biblioteca	93
3.2. Arquivo Histórico	95
3.3. Servizo de Publicacións e Intercambio Científico....	95
3.4. Servizos relacionados coas TIC	96
3.5. Servizo de Normalización Lingüística	97
3.6. Universia.....	98

COMO SOMOS? RESPONSABILIDADE SOCIAL.....99

1. ESTUDANTES	101
1.1. Programa A Ponte entre o Ensino Medio e a USC.	102
1.2. Bolsas.....	102
1.2.1. Bolsas para estudos de 1º e 2º ciclo do Ministerio de Educación	102
1.2.2. Bolsas e axudas propias da USC.....	103
1.3. Apoio titorial extraordinario.....	103
1.4. Innovación na docencia. TIC.....	104
1.5. Integración e igualdade de oportunidades.....	105
1.5.1. Integración de estudantes con necesidades especiais ...	105
1.5.2. Axudas para a utilización dos servizos do SUR.....	105

1.6. Inserción laboral	106
1.6.1. Orientación laboral.....	106
1.6.2. Fomento do autoemprego.....	107
1.6.3. Prácticas en empresas e institucións	107
1.7. Aloxamento, comedores e transporte	109
2. XESTIÓN DO CAPITAL HUMANO.....	111
2.1. Formación.....	111
2.2. Igualdade.....	111
2.3. Selección e promoción, compensación e bene- ficios sociais.....	113
2.4. Seguridade e saúde	114
2.4.1. Seguridade no traballo	114
2.4.2. Servizo de Vixilancia da Saúde.....	115
2.5. Representación sindical	116
3. GARANTÍA DE CALIDADE.....	117
3.1. Xestión da calidade nos centros.....	117
3.2. Oferta de calidade.....	119
3.3. Convocatoria de accións de mellora	120
3.4. Xestión de calidade.....	120
3.5. Sistemas de información de calidade	121
4. PROXECCIÓN EXTERIOR.....	123
4.1. Mobilidade.....	123
4.2. Cooperación internacional.....	124
5. RELACIÓNS COA COMUNIDADE.....	125
5.1. Voluntariado social.....	125
5.2. Cultura	126
5.2.1. Actividades culturais formativas.....	127
5.2.2. Concertos, exposicións, representacións teatrais e outras actividades culturais.....	128
5.2.3. Fonoteca	128
5.2.4. Observatorio Astronómico Ramón María Aller.....	128
5.2.5. Museo de Historia Natural Luís Iglesias	129
5.2.6. Programa de visitas ao patrimonio histórico- artístico da USC	130
5.3. Deporte	130
5.4. Formación en valores.....	131
6. XESTIÓN AMBIENTAL.....	133
7. DIVULGACIÓN DO COÑECEMENTO.....	137
8. PREMIOS E RECOÑECEMENTOS OUTORGADOS..	141

QUE TEMOS LOGRADO? OS NÓSOS RESULTADOS	143
1. RESULTADOS ECONÓMICO-FINANCEIROS	145
2. RESULTADOS ACADÉMICOS	155
2.1. Taxas (éxito, rendemento, abandono).....	155
2.2. Premios de fin de carreira.....	158
2.3. Valoración da docencia.....	159
2.3.1. Satisfacción do alumnado coa docencia recibida	159
2.3.2. Opinión do profesorado sobre a docencia.....	159
3. RESULTADOS DE INVESTIGACIÓN E TRANSFERENCIA.....	161
3.1. Captación de recursos externos.....	161
3.2. Producción científica	164
3.3. Transferencia e valorización.....	166
4. DESEMPEÑO SOCIAL	169
4.1. Apoio ao estudantado	169
4.2. Integración social e igualdade de oportunidades... ..	170
4.3. Apoio ao persoal	171
4.4. Internacionalización.....	172
4.5. Voluntariado.....	173
4.6. Promoción da cultura e o deporte.....	174
5. DESEMPEÑO AMBIENTAL.....	175
5.1. Consumo enerxético	175
5.2. Consumo de auga	177
5.3. Xestión de residuos.....	177
5.4. Mobilidade sostible.....	178
5.5. Pegada ecolóxica	179
6. POSICIÓN DA USC NOS PRINCIPAIS RANKINGS DE UNIVERSIDADES.....	181
7. PREMIOS E RECOÑECEMENTOS OBTIDOS	183
PERSPECTIVAS	185
ÍNDICE DE INDICADORES GRI-G3	191

CARTA DO REITOR



Nestes momentos onde a complexidade se manifesta de forma máis intensa que nunca, nos que vivimos reformas e restricións aos dereitos adquiridos durante tantos anos de evolución e progreso, a universidade esforzase por seguir sendo a única institución da sociedade civil que persiste dende hai mil anos, e é máis consciente que nunca de constituír parte da solución dos problemas actuais.

Aínda que aparentemente gozamos da confianza e o respecto da sociedade, ás veces ponse en dúbida a eficiencia do noso traballo. E é posible que a culpa sexa nosa, por non ter comunicado de xeito claro o noso compromiso de servizo á sociedade, en que volcamos todos os nosos recursos e capacidades.

Temos, pois, o deber de explicar e render contas da nosa actividade ao conxunto da sociedade, porque o que somos e o que

facemos o somos e o facemos por ela, para ela e con ela, e a realidade é que sen ela, sen o seu apoio, non poderíamos dar cumprimento á nosa tripla misión universitaria nos ámbitos da docencia, a investigación e a transferencia de coñecemento e responsabilidade social.

Ese apoio tan necesario vai máis alá do soporte financeiro que precisamos da sociedade a través da súa Administración, que ben é certo que ten sido insuficiente no pasado e, a pesar do progreso constante na xeración de coñecemento, tende a reducirse aínda máis. O que precisamos é recoñecemento e confianza, a través dos cales construír relacións de colaboración e solidariedade que nos leven a traballar xuntos na creación de valor económico, social e ambiental.

Temos o convencemento de que a educación superior e a investigación conteñen a chave para resolver os desafíos desta sociedade, e temos que ser capaces de xerar alianzas con que potenciar a capacidade dos nosos escasos recursos e aproveitar todo o potencial do noso principal activo, as persoas, sen quen non habería docencia, nin investigación de calidade, nin a sociedade podería desenvolverse correctamente, pois a universidade é un poderoso instrumento cultural capaz de transformar a sociedade.

Para acadar este obxectivo precisamos dun compromiso a longo prazo por parte das administracións públicas que garanta a nosa suficiencia financeira. Os resultados e o grao de proxección acadados pola USC nestes anos non se corresponden co apoio económico recibido da Administración e do sector privado. É necesario un incremento do financiamento público para poder afrontar a cada vez maior mobilidade xeográfica, adaptarnos ao vertixinoso ritmo do cambio tecnolóxico e, sobre todo, e como consecuencia do descenso no apoio públicos ás actividades de investigación e transferencia de coñecemento, para evitar perder toda unha xeración de xente capacitada. Isto é algo que non podemos consentir, e máis cando os países e institucións cos cales competimos seguen investindo de xeito notable na Universidade.

Xa que logo, como precisamos do apoio da sociedade, tanto en termos financeiros como de recoñecemento e confianza, temos que demostrarlle o valor do que facemos. Deste xeito, a publicación desta sexta memoria de responsabilidade social da USC non é soamente un exercicio de rendición de contas á sociedade (algo do cal temos moralmente a obriga por todo o que dela obtemos) senón tamén unha chamada de atención sobre a necesidade de fortalecer os lazos que nos unen e de construír novas pontes na procura de solucións aos problemas que afrontamos nestes tempos difíciles.

Desexo que o contido desta memoria facilite este reencontro entre a sociedade e a universidade, axudando ao público lector a coñecer e comprender mellor o funcionamento da nosa institución, os valores sobre os cales se sustenta e as persoas que lle dan vida.

Juan José Casares Long
Reitor da USC

INTRODUCCIÓN



A adhesión da USC no ano 2003 ao Pacto Mundial das Nacións Unidas (Global Compact) reforzou a necesidade de integrar na nosa institución os principios, valores e prácticas do desenvolvemento sostible na educación universitaria, tal e como recollen os obxectivos do Decenio da Educación para o Desenvolvemento Sostible das Nacións Unidas 2005-2014 (UN Decade of Education for Sustainable Development).

A presente memoria ten como obxectivo informar á sociedade do desempeño da institución respecto ás diversas actuacións desenvolvidas nos eidos económico, medioambiental e social ao longo dos anos 2010 e 2011, tendo en conta que en relación coas actividades académicas se toma como período de referencia o curso

académico (outubro 2009-setembro 2010 e outubro 2010-setembro 2011, respectivamente).

Neste primeiro capítulo ofrecemos unha explicación do enfoque baixo o cal elaboramos esta memoria e unha primeira aproximación á que ten sido a realidade da nosa institución neste período, destacando o noso compromiso de crear valor para o conxunto da sociedade coa nosa actividade.



1. ACERCA DA MEMORIA

A Universidade de Santiago de Compostela aborda un novo esforzo de rendición de contas e transparencia coa publicación da súa sexta memoria de responsabilidade social. Se ben isto pon de manifesto que se trata dun compromiso xa arraigado, cremos que é o momento de realizar algúns cambios tanto na forma como no fondo para mellorar o seu impacto e relevancia.

Se no ano 2004 a USC se adiantaba ao resto das institucións de educación superior españolas sendo a primeira universidade en elaborar unha memoria de responsabilidade social, referida ao exercicio 2003, hoxe a USC quere seguir sendo pioneira e liderar o progreso cara a un modelo de xestión universitaria máis participativo e máis integrado na sociedade á cal presta os seus servizos. Isto require procesos de comunicación abertos a través dos cales poidamos identificar as demandas dos nosos grupos de interese e facilitar que estes coñezan, e recoñezan, o impacto das nosas actividades. A memoria de responsabilidade social debe converterse nun instrumento a través do cal someternos ao escrutinio da comunidade universitaria e do conxunto da sociedade, dando conta dos nosos logros, e tamén das nosas limitacións, e explicando de que xeito pretendemos facer efectivo o noso compromiso de mellora continua. A través da información proporcionada na memoria, os nosos grupos de interese deben ser capaces de valorar na súa xusta medida os nosos esforzos para dar cumprimento á nosa tripla misión universitaria nos ámbitos docente, investigador e de transferencia e responsabilidade social, adquirindo unha visión integrada e completa do valor xerado coa nosa actividade. E, en último termo, a memoria de responsabilidade social debe ser tamén un exercicio de autoavaliación, mediante o cal os responsables do goberno da institución tomen, se cabe, unha maior conciencia do impacto das decisións tomadas e poidan retroalimentalas coa valoración que os diversos grupos de interese fagan dos seus resultados.

Co afán de incrementar o grao de coñecemento da súa realidade por parte de todos os seus grupos de interese, a USC leva anos mellorando e incrementando a provisión de información sobre a súa actividade, mediante a publicación de memorias sobre os seus diversos ámbitos de actuación, servizos e resultados e empregando a *web* como instrumento esencial para dar a coñecer o seu día a día. Corremos, non obstante, o risco de caer na trampa da “infoxicação”. O noso compromiso coa transparencia e a rendición de contas tennos levado en ocasións a xerar e comunicar información que non sempre resulta relevante, que peca de certa desorde e que resulta, incluso, redundante.



Pero non soamente se fai necesario impoñer orde e aplicar criterios de relevancia e eficiencia na xeración e provisión de información, senón tamén nos sistemas de recompilación e rexistro dos datos a partir dos cales se elabora esa información. A información estatística sobre o Sistema Universitario Español (SUE), en xeral, e sobre o Sistema Universitario de Galicia (SUG), en particular, resulta hoxe en día difícil de conseguir en prazos de tempo razoables tras o peche de cada curso académico ou ano natural (no caso do SUG, o último documento con información estatística publicado pola Consellería de Cultura, e Educación e Ordenación Universitaria refírese ao curso académico 2008-2009) e os datos reflicten, en ocasións, inconsistencias cos manexados polas propias institucións universitarias. Dentro destas, a obtención dos datos sobre as múltiples facetas da actividade universitaria atópase lonxe de estar sistematizada e sofre tamén os efectos perversos que xera a obriga de ter que proporcionar información diferente para diferentes organismos supervisores, o cal consome unha gran cantidade de recursos e esforzo e dificulta a construción dun sistema interno de xestión da información eficaz.

O Ministerio de Educación, Cultura e Deporte está traballando na construción do Sistema integrado de Información Universitaria, co que se pretende que tanto cada universidade como os órganos competentes en materia de política universitaria dispoñan de datos fiables, actualizados e inmediatos sobre un conxunto homoxéneo de indicadores referidos aos diversos aspectos que conforman a actividade das institucións de educación superior, para estimular a transparencia e facilitar a comparabilidade. Ata o momento traballouse soamente coa información relativa á xestión académica.



A USC está mellorando nesta liña os seus sistemas de xestión da información, axustándose ás esixencias dos novos esquemas estatais e autonómico para a avaliación da actividade universitaria e atendendo tamén as súas propias necesidades e, moi especialmente, procurando mellorar a captura e o tratamento dos datos destinados a elaborar a súa memoria de responsabilidade social.

Estes esforzos, que se irán materializando e dando froitos nos próximos anos, deben permitirnos tamén alcanzar unha maior sincronización e integración na provisión de información sobre os diferentes ámbitos da nosa actividade universitaria, tendendo a que en cada exercicio toda a información relevante sexa xerada e feita pública nun único momento e procurando facer visibles as interrelacións que existen entre eses diversos ámbitos. Así, entendemos que para mellorar a calidade e efectividade do esforzo de rendición de contas que a USC vén desenvolvendo desde hai tempo, debemos tender a unificar a información sobre o noso desempeño económico, os resultados da nosa actividade docente, investigadora e de transferencia e os nosos impactos sociais e ambientais, información que na actualidade se elabora e se divulga de modo independente, as veces pasando incluso desapercibida, e cuxa integración na memoria de responsabilidade social non ten logrado ser completa até o momento.

As memorias de responsabilidade social están experimentando un proceso de evolución en que comezan a perfilarse novas propostas que pretenden corrixir e superar as deficiencias e críticas imputables aos modelos e estándares que teñen rexido a súa elaboración nos últimos anos. Entre estas limitacións destaca, en primeiro lugar, a dispersión e saturación ou exceso da información que conteñen, consecuencia de ter canalizado a través delas a provisión de infor-

mación sobre temas sociais, ambientais ou de goberno corporativo, que pouco a pouco teñen ido converténdose en temas de interese para a sociedade e incorporándose aos requirimentos de transparencia dos órganos reguladores, pegándose ao modelo existente, en lugar de integrándose nel. Deste modo, as memorias de responsabilidade social amosan unha escasa integración da información sobre as diversas perspectivas desde as cales pode ser analizado o desempeño dunha organización (económica, ambiental e social), que tradicionalmente se teñen tratado como compartimentos estancos entre os cales non se buscaron ou puxeron de manifesto as súas interrelacións. Destaca tamén a escasa orientación estratéxica dos informes tradicionais, pois rara vez teñen procurado ofrecer información sobre as expectativas, os riscos e os compromisos de mellora no futuro.

Ante estas limitacións e co obxectivo de lograr unha maior eficiencia e eficacia na rendición de contas das organizacións de todo o tipo, estase consolidando unha nova tendencia na elaboración e comunicación de información que se coñece como “información integrada”. Un informe integrado pretende proporcionar soamente información relevante, interconectada, clara, manexable, equilibrada, verificable e fiable sobre todos os ámbitos da actividade dunha organización, dando a coñecer a súa estratexia, a súa xestión, os seus resultados e as súas perspectivas e reflectindo a súa relación co seu contexto social, económico e ambiental, facendo claras as conexións entre todos estes ámbitos e eliminando a desorde. A lonxitude e o exceso de detalles poden escurecer a información crítica en vez de axudar á comprensión, polo que só a información máis relevante debe ser incluída nun informe integrado, que debe aspirar a converterse no informe principal da organización.

Para promover o cambio cara a este novo modelo de *reporting*, constituíuse o Comité Internacional de Información Integrada (IIRC), que está traballando na xeración dun marco de elaboración de información integrada que englobe a información económico-financeira, a análise da xestión empresarial, os temas de goberno corporativo e a avaliación da contribución ao desenvolvemento sostible dunha organización.

A USC cree que é o momento de empezar a traballar nesta dirección. Con este obxectivo en mente, e mentres o IIRC avanza na súa definición do modelo de informe integrado e se melloran os sistemas de compilación e tratamento dos datos sobre a actividade universitaria, comezamos a redeseñar a estrutura da memoria de responsabilidade social para camiñar cara á xeración dun informe integrado.

Como un primeiro paso, tratamos de facer máis próximas no tempo as presentacións da memoria económica da USC para o exercicio 2011 e desta memoria de responsabilidade social, referida a este mesmo exercicio 2011 e que incorpora tamén información sobre o exercicio 2010, conectándose deste modo coa última memoria publicada para o período 2008-2009.

En segundo lugar, reformulamos a configuración da memoria de responsabilidade social para facela máis manexable e útil para os nosos grupos de interese. Así, a memoria de responsabilidade social que presentamos recolle a información máis material sobre o noso desempeño nos dous períodos obxecto de análise (anos 2010 e 2011 e cursos académicos 2009-2010 e 2010-2011) e complétase con información adicional que poderá ser consultada *on-line* no sitio *web* creado para dar soporte á memoria ou a través de enlaces a páxinas xa existentes na propia *web* da USC.

A través deste modelo de memoria pretendemos mostrar tanto á comunidade universitaria como ao conxunto da sociedade a realidade da nosa institución dun modo claro e preciso, procurando destacar aqueles datos ou feitos que mellor reflectan os resultados da nosa actividade e xestión durante o período de referencia e facilitando a súa análise a través dunha estrutura coherente e ordenada.

Así, ademais deste primeiro capítulo de introdución, que contén esta explicación do perfil da memoria e unha rápida fotografía da realidade da USC nos anos 2010 e 2011, a memoria componse doutros cinco capítulos, que pretenden dar resposta ás seguintes cuestións: quen somos? (capítulo 2); que facemos? (capítulo 3); como desenvolvemos a nosa actividade? (capítulo 4); que resultados temos alcanzado no período da memoria? (capítulo 5); e cales son as nosas perspectivas para os próximos anos? (capítulo 6).

Baixo esta nova estrutura, temos seguido prestando atención ás directrices contidas na guía G3 da Global Reporting Initiative (GRI), considerando as singularidades propias das universidades. A información reflectida na memoria procede dos rexistros contables e as bases de datos informáticas e documentais da propia Universidade, así como de bases estatísticas de recoñecida solvencia a nivel estatal e autonómico. Algunhas destas fontes, como a memoria económica da USC para os anos 2010 e 2011, conteñen información xa auditada, o que sustenta a fiabilidade e credibilidade da información ofrecida neste documento.

A memoria pode descargarse libremente en formato electrónico desde a *web* corporativa da USC (<http://www.usc.es>). Para solicitar información adicional, realizar consultas ou facer suxestións sobre o contido ou estrutura da memoria, poden dirixirse á Vicerreitoría de Responsabilidade Social e Calidade (vr.calidade@usc.es).



USC
UNIVERSIDADE
DE SANTIAGO
DE COMPOSTELA



- **Facultade de Veterinaria**
- **Hospital Clínico Veterinario**
- **Facultade de Administración e Dirección de Empresas**
- **Residencia Universitaria**
- **Facultade de Ciencias**

2. A USC EN CIFRAS

ESTRUTURA DA USC	2009	2010	2011
Campus universitarios	2	2	2
Facultades	19	19	23
Escolas universitarias	4	4	0
Escolas universitarias adscritas	3	3	3
Escolas técnicas superiores	2	2	2
Centros vinculados	1	1	1
Escolas de especialización profesional	1	1	1
Outros centros docentes	2	2	2
Institutos universitarios	17	17	17
Centros propios de investigación	6	7	7
Centros singulares de investigación	0	3	3
Departamentos	75	75	75

RECURSOS HUMANOS (a 31 de decembro)	2009	2010	2011
Persoal docente e investigador	2.264	2.300	2.262
% de mulleres	38,2	38,6	39,1
Persoal de administración e servizos	1.292	1.283	1.270
% de mulleres	57,4	57,9	56,8
Persoal con cargo a actividades de I+D: bolseiros/as	110	148	203
% de mulleres	64	59	55
Persoal con cargo a actividades de I+D: contratados/as	717	1.005	1.098
% de mulleres	43	56	57

OFERTA ACADÉMICA	2008-09	2009-10	2010-11
Nº de titulación oficiais (1º e 2º ciclo, incluíndo duplicados Santiago-Lugo)	63	63	63
Nº de graos (incluíndo duplicados nos campus de Santiago e Lugo)	2	28	48
Nº de másteres oficiais (POP ata 2009-2010)	27	61	76
Nº de titulacións propias (Práctica Xurídica e Criminoloxía)	3	3	3
Nº de programas de doutoramento	62	73	73
Nº de programas de doutoramento con mención de calidade	24	28	28
Nº de másteres propios impartidos	26	23	22
Nº de cursos especialización impartidos	28	30	25
Nº de cursos formación continua impartidos	52	51	59

ESTUDANTADO MATRICULADO E SATISFACCIÓN	2008-09	2009-10	2010-11
Titulacións oficiais de 1º e 2º ciclo e graos	26.236	25.819	25.763
Titulacións propias (Práctica Xurídica e Criminoloxía)	302	322	333
% de mulleres en titulacións oficiais e propias	65,1	64,2	63,8
Másteres oficiais		1.316	1.746
% de mulleres		61,8	60,6
Terceiro ciclo (etapas de formación e tese)	3.437	3.169	3.001
% de mulleres	56,2	55,5	55,6

Programas oficiais de posgraos (non interuniversitarios)	478	37	---
% de mulleres	56,5	56,8	---
Másteres propios	559	505	622
Cursos de especialización	428	348	327
Cursos de formación continua	1.157	1.053	868
% de mulleres (másteres propios, cursos de especialización e formación continua)	64	66,16	62,63
IV ciclo	285	299	302
% de mulleres	82,5	74,9	75,8
Satisfacción do estudantado coa docencia (1º e 2º ciclo)-Escala 1 a 5	3,46	3,49	3,53
Satisfacción do estudantado coa docencia (graos)-Escala 1 a 7 desde 2009-10	4,33	4,78	4,81
Satisfacción do estudantado coa docencia (másteres oficiais)-Escala 1 a 7 desde 2009-10	3,66	5,06	5,18

TITULADOS-AS	2008-09	2009-10	2010-11
Titulacións oficiais (1º e 2º ciclo)	4.051	4.019	4.164
Graos	---	25	78
Másteres oficiais	---	576	869
% de mulleres tituladas (titulacións oficiais de 1º e 2º ciclo e propias)	70,4	71,5	70,1
Estudiantado que acadou o DEA	495	397	375
% de mulleres que acadaron o DEA	62	65,0	62,1
IV ciclo (graduado sénior)	26	31	52
IV ciclo (graduado superior sénior)	34	0	18

INVESTIGACIÓN	2009	2010	2011
Total recursos externos captados (miles de euros)	70.654	70.099	45.911
Recursos captados en proxectos/accións competitivas (miles de euros)	30.981	31.551	22.034
Recursos captados en proxectos/accións baixo contrato/convenio e institucionais (miles de euros)	15.048	14.845	10.008
Artigos publicados en revistas JCR	1.274	1.360	n.d.
Teses de doutoramento defendidas	215	215	220

TRANSFERENCIA DE TECNOLOXÍA	2009	2010	2011
Solicitudes de patentes á OEPM	24	31	27
Concesións OEPM	14	17	25
Solicitudes noutros países	16	12	30
Concesións noutros países	2	2	3
Licenzas	1	1	6
Ingresos por regalía/licenza/venda de patentes	93.931.€	44.149.€	70.540.€


INFRAESTRUTURA E SERVIZOS	2009	2010	2011
Postos de lectura totais en bibliotecas	6.710	6.787	6.853
Nº total de equipos nas aulas de informática	2.127	2.130	2.130
Rede sen fíos: usuarios/as rexistrados wifusc	16.927	24.751	32.818
Rede sen fíos: puntos de acceso instalados	707	723	735
Número de prazas ocupadas no SUR	1.173	1.083	1.107

COMPROMISO SOCIAL E EXTENSIÓN UNIVERSITARIA	2008-09	2009-10	2010-11
Programas de voluntariado desenvoltos	50	68	60
Nº de persoas voluntarias	190	411	311
Nº de persoas asistidas (estimación)	1.008	1.474	1.215
Nº de actividades culturais (exposicións, concertos...)	137	148	133
Nº de cursos de verán	72	38	39
Nº de alumnos/as matriculados/as en cursos de verán	3.608	1.667	1.566
Nº total de estudantes e público xeral visitantes do Museo Luís Iglesias	10.722	12.811	10.328
Nº de visitantes no programa Universidade Viva	3.973	3.265	2.859

MEDIO AMBIENTE	2009	2010	2011
Consumo eléctrico (kWh)	28.093.296	27.884.970	27.408.846
Enerxía excedente vendida en coxeración (kWh)	924.916	740.924	1.481.770
Consumo gasóleo (l)	1.663.860	1.665.742	919.753
Consumo de gas natural (kWh)	17.925.061	21.753.817	26.631.373
Emisións de CO ₂ asociadas ao consumo enerxético (t)	18.839	15.886	14.331
Consumo de auga (m ³)	402.219	355.709	335.240
Residuos non perigosos (kg)	657.204	689.776	1.116.614
Residuos perigosos (kg)	58.512	56.430	54.547
Pegada ecolóxica (ha/persoa/ano) - Capacidade de absorción de CO ₂ da masa forestal galega 4,33 tCO ₂ /ha/ano	0,228	0,222	0,251

INDICADORES ECONÓMICO-FINANCIEROS	2009	2010	2011
Liquidez xeral %	111,53	121,36	158,35
Endebemento %	43,68	45,15	34,46
Relación de endebedamento %	89,67	82,40	63,15
Ingresos tributarios/Ingresos de xestión ordinaria %	0,06	0,10	0,09
Transferencias/Ingresos de xestión ordinaria %	82,24	80,54	82,15
Vendas netas e prestación de servizos/Ingresos de xestión ordinaria %	17,18	18,20	14,80
Resto de ingresos de xestión ordinaria/Ingresos de xestión ordinaria %	0,52	1,16	2,95
Gastos de persoal/Gastos de xestión ordinaria %	57,04	58,83	58,97
Transferencias/Gastos de xestión ordinaria %	2,96	4,80	4,71
Resto de gastos de xestión ordinaria/Gastos de xestión ordinaria %	40,01	36,37	36,32

CENTRO
FRENICO



Xifoides

ARCADAS COST.
(C7-C10)

FASC^S COSTALES



3. CREACIÓN DE VALOR PARA A SOCIEDADE

A xestión económica da USC caracterizouse neste bienio 2010-11 pola procura dunha maior eficiencia e pola aplicación de políticas de contención do gasto que permitisen manter o equilibrio orzamentario nun contexto de redución do financiamento público. A pesar destes axustes, conseguiuase manter o valor económico achegado ao conxunto da economía galega e obter uns resultados de investigación que sitúan a USC nas primeiras posicións do desempeño investigador das universidades españolas, contribuíndo a achegar o coñecemento científico e tecnolóxico á sociedade e impulsando o emprendemento.

As universidades manteñen unha relación de reciprocidade coas sociedades en que se insiren. Polo noso carácter público, recibimos apoio financeiro das administracións e, por extensión, de toda a cidadanía, á cal, en última instancia, se dirixe o servizo que prestamos e o coñecemento xerado. A USC desenvolve un importante papel como dinamizadora da economía e da sociedade galega, tanto na súa vertente xeradora de capital humano e forza de traballo cualificada coma en termos do seu impacto socioeconómico. As tarefas de investigación e os procesos de transferencia de tecnoloxía e coñecemento cara á sociedade conforman as bases coas cales a USC contribúe ao desenvolvemento económico do seu contorno. Doutra banda, o apoio manifesto a todos os procesos de innovación académica e científica fomentan unha cultura do emprendemento que se ve reflectida na promoción e a creación de empresas.

Ademais, promovemos e fomentamos os valores de convivencia, solidariedade, respecto, igualdade, xustiza e equidade. O compromiso social da USC canalízase, fundamentalmente, a través da extensión universitaria (cultura e deporte), o servizo de participación e integración universitaria (voluntariado, integración, promoción social), o plan de desenvolvemento sostible e as políticas internas de responsabilidade social (igualdade, conciliación, transparencia e bo goberno). Cada un destes programas ten xerado un elevado impacto na comunidade universitaria e o conxunto da sociedade e, xunto coa publicación da memoria de responsabilidade social e a creación da Vicerreitoría de Responsabilidade Social e Calidade, convertido a USC nunha universidade de referencia e, en moitos casos, pioneira, en materia de responsabilidade social universitaria, tanto no ámbito nacional coma no internacional.

Deste xeito, o valor que creamos coa nosa actividade está moi lonxe de poder ser medido en termos económico-financeiros ou verse reflectido nas nosas contas e os nosos orzamentos. Trátase en gran medida, ademais, dun valor intanxible, difícil ou mesmo imposible de medir en termos cuantitativos.

Aínda así, nun esforzo por tratar de cuantificar o valor económico xerado pola nosa actividade, á marxe dos nosos resultados orzamentarios e patrimoniais, temos estimado nun indicador o noso impacto sobre a economía galega. Tendo en conta os impactos económicos directos e indirectos da nosa institución nas cidades en que están situados os seus campus, e que derivan do investimento realizado e do gasto en consumo dos membros da comunidade universitaria (persoal e estudantes) no resto de sectores da economía, o *output* medio xerado pola USC no período 2010-2011 situouse en torno ao 0,58% do *output* xerado pola economía galega. Esta porcentaxe podería verse incrementada engadíndolle o efecto multiplicador da demanda no resto dos sectores da economía.

Valor económico xerado pola USC

	2009	2010	2011	
1. Investimento da USC: gastos de investimento reais ordinarios, sen incluír novos edificios nin persoal. Cap.VI. Investigación	35.152.401	32.613.421	32.402.299	
2. Consumo do persoal da USC: A hipótese de partida é que o consumo derivado deses ingresos forma parte da demanda asociada á actividade universitaria. Tomouse como tal a partida de salarios e aplicouse a propensión marxinal por consumir	Partidas de gasto de persoal da USC	189.969.590	186.811.690	178.794.040
	Propensión ao consumo do persoal da USC	1	1	1
	Consumo medio das familias sobre o total da renda dispoñible	81,76%	86,90%	88,40%
	CONSUMO	155.319.137	162.339.359	158.053.931
3. Estudantes: refírese ao gasto xerado polo estudiantado da USC, partindo dunha estimación do consumo que realiza o estudiantado novo en Santiago de Compostela e Lugo, incluíndo matrícula, material, desprazamento, aloxamento, manutención e ocio. Área de influencia de Santiago: Santiago, Touro, Boqueixon, Vedra, Teo, Ames, Negreira, Val do dubra, Trazo, Oroso, O Pino, Brión. Área de influencia de Lugo: Lugo, Outeiro de Rei, Castroverde, Friol, Guntín, O Corgo	Estudantes de 1º e 2º ciclo da USC*	26.236	25.819	25.763
	Estudantes de S e L*	6.717	6.610	6.595
	Estimación de consumo por estudante (euros)	3.591	3.645	3.700
	Consumo de estudantes da USC da área de influencia de S e L	24.123.808	24.095.615	24.401.549
	Estudantes de fóra de Compostela e Lugo*	19.519	19.209	19.168
	Estimación de consumo por estudante (euros)	5.735	5.809	5.885
	Consumo por ano novos estudantes fóra de S e L	111.935.458	111.589.754	112.799.146
	Consumo total de estudantes de 1º e 2º ciclo da USC	136.059.266	135.685.369	137.200.695
4. TOTAL (1+2+3): indícanos a incidencia da actividade da Universidade de Santiago de Compostela na economía galega.	Output da USC	326.530.804	330.638.148	327.656.925
	Output da economía galega (base 2008)	55.780.623.000	56.283.621.000	57.270.183.000
	Output da USC respecto á economía galega	0,59%	0,59%	0,57%

*Datos referidos ao curso académico que remata no ano indicado.

Pero está claro que a información recollida nun único indicador dificilmente pode dar conta da dimensión e alcance da nosa actividade. A USC conta con dous campus universitarios situados en dúas cidades galegas, patrimonio da humanidade, Santiago de Compostela e Lugo, nos cales no curso 2010-11 estudaron un total de 32 527 alumnos/as en todos os tipos de ensinanza ofertada; puideron escoller entre 63 titulacións oficiais de primeiro e segundo ciclo, todas elas xa en proceso de extinción, 48 titulacións de grao, 76 másteres oficiais e 25 propios e 34 cursos de especialización, ao que se suman catro titulacións propias, e o terceiro e cuarto ciclo. No que respecta ao incremento das matrículas, destaca o referente ao estudantado de másteres oficiais, que no curso 2010-11 se situou en 1 761 (un incremento do 33% con respecto ao curso 2009-10). O número de estudantado matriculado sitúa a USC entre as quince maiores universidades públicas españolas.

Dentro dos programas de mobilidade máis de 982 estudantes da USC desenvolveron os seus estudos en universidades da UE, Latinoamérica ou noutras universidades españolas, mentres que a USC recibiu un total de 1 320 estranxeiros. Ademais, liderou 16 proxectos de cooperación financiados polo Ministerio e participou como coordinadora de catro proxectos ERASMUS Mundus-External Cooperation Window (EM-ECW) coa América Latina e Asia Central.

Preto do 65% do estudantado da USC son mulleres, o que nos converte nunha universidade cunha porcentaxe de presenza feminina nos distintos grupos da comunidade universitaria superior á do resto do Estado.

En canto ao seu capital humano, a finais do ano 2011 a USC contaba con 2.262 efectivos de persoal docente e investigador, mentres que os efectivos de persoal de administración e servizos eran 1.270 persoas, e a presenza de mulleres no conxunto do persoal situouse no 45,5%. A USC promove entre o seu persoal a igualdade de oportunidades e procura ofrecer as mellores condicións de traballo, mellorando a súa formación (máis de 100 cursos para o PAS desenvolvéronse en 2010-11), garantindo a súa seguridade e saúde no traballo (683 recoñecementos médicos no Servizo de Vixilancia da Saúde en 2011) e coa achega de diversos beneficios sociais (94 prazas na Escola Infantil Breogán, 45.746,94 euros para o chamado “cheque-bebé” en Lugo).

No que respecta á investigación, no bienio 2010-2011 léronse 435 teses doutorais e acadáronse 661 proxectos de investigación en convocatorias competitivas, o que representou un total de 73,77 millóns de euros. Ademais, o persoal investigador da USC obtivo pola vía de contratos, ditames, servizos ou informes case 25 millóns de euros. Non obstante, boa parte destes resultados vincúlanse ao exercicio 2010, pois no 2011, froito dos recortes nos orzamentos públicos destinados a investigación e da crise económica, o número

de proxectos reduciuse á metade e o volume de recursos captados experimentou unha caída do 25%. A pesar disto, a USC está situada entre as 10 universidades españolas con maior capacidade de xeración de coñecemento (informe CYD 2011).

No ámbito da transferencia e valorización do coñecemento, o informe CYD 2011 sitúa a USC como a 5.^a universidade española por número de solicitudes de patentes no período 2000-2010, das cales 34 están licenciadas. A USC posúe tamén un alto potencial emprendedor e realiza un gran esforzo por impulsar a creación de empresas, con especial interese no fomento do emprendemento feminino, do que é mostra o programa Woman Emprende.

A universidade actual debe lexitimarse na sociedade moderna non só en termos de calidade do servizo prestado, senón que ademais ten que manter a confianza de quen se relaciona con ela e reclama novos posicionamentos económicos, sociais e medioambientais. A universidade, como elemento fundamental do desenvolvemento económico e social, debe orientar a súa actividade baixo criterios de sostibilidade social, medioambiental e económica, e como entidade que forma parte dun sistema de relacións humanas, debe incorporar a responsabilidade social tanto na xestión das relacións coa sociedade como na xestión das relacións coa comunidade universitaria.

En consonancia coa súa misión de servizo á sociedade, a USC potencia e apoia a inserción laboral das persoas tituladas, empregando un amplo conxunto de recursos e técnicas para facilitar dun xeito efectivo aos/ás estudantes universitarios/as de últimos cursos e recén titulados/as o inicio do exercicio profesional (946 e 361 prácticas a través do Consello Social e de Feuga, respectivamente, no curso 2010-11), así como para fomentar o emprendemento e o despertar de vocacións empresariais nos/as estudantes, doutorandos/as, profesorado, investigadores/as e alumnos/as egresados/as, resaltando a importancia das iniciativas emprendedoras no desenvolvemento socioeconómico de Galicia en prol da xeración de emprego e riqueza.

A USC tamén fomenta os valores de cidadanía como a solidariedade, a convivencia, a tolerancia e o respecto á diversidade, coa finalidade de contribuír á construción dunha sociedade máis xusta, unha cultura de paz e unha ética baseada na cooperación e na corresponsabilidade. Así, entende as actividades de voluntariado (60 no curso 2010-2011, que implicaron a 311 voluntarios) como parte fundamental da formación das persoas, xa que permiten á comunidade universitaria integrarse na realidade social mediante a súa colaboración nos diferentes programas propostos polas entidades de acción social. Por outra banda, a USC ofrece á sociedade a posibilidade de coñecer e disfrutar do seu rico patrimonio histórico e natural (2 859 visitas en 2011), traballando a prol da súa preservación e da difusión da cultura e do coñecemento, e promove todo o

tipo de actividades culturais (133 iniciativas en 2011) e deportivas, dirixidas a toda a sociedade.

E é tamén importante destacar o compromiso da USC co desenvolvemento sostible. A través do seu Plan de desenvolvemento sostible, coordinado desde a Oficina de Desenvolvemento Sostible creada en 2011, realízanse múltiples actividades de investigación, formación, sensibilización e divulgación ambiental, e xestiónase o impacto ambiental da USC (que mostra no ano 2011 unha redución do 3% no volume de residuos perigosos xerados, do 4% no consumo de auga, do 1,7% no consumo eléctrico e de case un 10% nas emisións de CO₂ asociadas ao consumo enerxético). En abril de 2011 presentouse o programa USC en Transición, un proxecto de educación ambiental con actuacións específicas para estudantes, PDI e PAS, que pretende dinamizar a comunidade universitaria para pór en marcha proxectos de transición a pequena escala que, ademais de dar a coñecer outros modos de vida máis sostibles, contribúan a reducir a pegada e a débeda ecolóxica da universidade.

Deste xeito, debuxamos unha realidade da USC moito máis rica e completa que a limitada a avaliar as súas contas económicas e os resultados da súa actividade docente e investigadora. Sendo estes excelentes, o que de verdade nos achega á excelencia é o ser capaces de devolver á sociedade máis do que recibimos dela, obxectivo no cal temos posto todo o noso empeño.



QUEN SOMOS? VISIÓN XERAL DA USC



Neste capítulo preténdese explicar cal é a orientación estratéxica da USC e como se estrutura o seu goberno e a súa organización administrativa. A comprensión da nosa orientación estratéxica require, por suposto, ter en conta o contexto que nos rodea e os riscos e oportunidades que encerra, e coñecer cales son os nosos grupos de interese e cales as súas expectativas. Deste xeito, a formulación da nosa estratexia e dos nosos obxectivos poderá ser avaliada en toda a súa dimensión, tendo ben presente que o noso compromiso coa responsabilidade social é a nosa principal ferramenta estratéxica e impregna tanto a nosa misión, visión e valores como a xestión da nosa actividade.



1. MISIÓN, VISIÓN E VALORES. PRIORIDADES ORZAMENTARIAS

Os Estatutos da USC, no seu artigo 4, recollen as funcións básicas da Universidade, que seguen a marcar as liñas de actuación e de acción da vida universitaria:

- a) A creación, desenvolvemento, transmisión e crítica do coñecemento científico, técnico e artístico, de xeito que se potenciará unha educación baseada nos principios democráticos, a defensa da paz e dos dereitos humanos
- b) A preparación para o exercicio de actividades profesionais que esixan coñecementos científicos ou artísticos
- c) A difusión, a valorización e a transferencia do coñecemento ao servizo da cultura, da calidade de vida e do desenvolvemento económico e social
- d) A difusión do coñecemento e da cultura a través da extensión universitaria e a formación ao longo de toda a vida
- e) O apoio científico e técnico ao desenvolvemento social, económico e cultural da sociedade galega que a sustenta

Sen perder de vista esta definición que se corresponde coa ben recoñecida tripla misión universitaria de docencia, investigación e transferencia e responsabilidade social, a USC redefiniu a súa misión (quen somos), visión (que queremos ser) e valores (cal é o noso compromiso) no ano 2011 para a elaboración do plan estratéxico da institución para o período 2011-2020.

MISIÓN

A Universidade de Santiago de Compostela é unha institución pública dedicada á preservación, xeración, transmisión e difusión do coñecemento de xeito socialmente responsable. É unha universidade completa, cunha ampla oferta académica en todas as grandes áreas do saber e que desenvolve unha importante actividade investigadora, o que a sitúa nunha posición destacada entre as universidades españolas, sendo pioneira en políticas de emprendemento e en transferencia e valorización dos resultados da investigación, ao tempo que proporciona un servizo esencial á sociedade galega.

VISIÓN

- Unha universidade de recoñecido prestixio, que destaque a todos os niveis pola súa solvencia académica e por una oferta atractiva capaz de captar as/os mellores estudantes, así como por unha actividade investigadora recoñecida que responda ás demandas do contorno e a criterios de excelencia científica que a proxecten internacionalmente
- Unha universidade firmemente comprometida coa sociedade, que actúe como motor do desenvolvemento socioeconómico do contorno e que sexa un referente nos temas de cooperación social, no desenvolvemento sostible, no respecto ao medio ambiente e na creación e difusión da cultura
- Unha universidade exemplar na xestión dos recursos, cun modelo de xestión áxil e transparente, cunha economía saneada e que saiba vincular o funcionamento das diferentes unidades estruturais coa estratexia institucional
- Unha universidade participativa en torno a un proxecto común, en que todas as estratexias estean centradas nas persoas, nas súas competencias e condicións de traballo, para conseguir que todo o seu persoal estea altamente cualificado e motivado

VALORES

- Preservación e potenciación dos nosos propios sinais de identidade
- Respetto aos dereitos de todas as persoas e, en particular, do noso estudiantado, das traballadoras e dos traballadores
- A procura permanente da excelencia en todas as actividades universitarias
- Compromiso coa transparencia, o rendemento de contas, a eficiencia e a eficacia na xestión dos recursos
- Compromiso cunha xestión baseada no diálogo, a participación, a confianza e a responsabilidade compartida
- Compromiso cun desenvolvemento sostible, coa equidade e coa eliminación de todo o tipo de discriminacións
- Compromiso coa transferencia de coñecemento á sociedade como contribución ao desenvolvemento social e económico de Galicia
- Compromiso de servizo á sociedade

Este marco xeral de actuación responsable que se establece nos Estatutos da USC e que configura a súa misión, visión e valores, ten sido instrumentado a través de distintos documentos, como o Código Ético da USC (aprobado no ano 2007), o Plan estratéxico de igualdade de oportunidades entre homes e mulleres para o período 2009-2011 ou o Plan de desenvolvemento sostible da USC.

E está tamén presente nos dous Campus de Excelencia Internacional da USC: o Campus Vida, que aspira a converterse nun biocampus de referencia internacional na docencia, a investigación, a transferencia e a creación sostible de riqueza, equidade e valores sociais, e o Campus do Mar, froito da colaboración entre as tres universidades galegas, o CSIC e o Instituto Español de Oceanografía, centrado no ámbito das Ciencias do Mar nas súas diferentes aplicacións económicas e sociais.

De xeito similar, a USC decide baixo criterios de responsabilidade e solidariedade as súas prioridades orzamentarias. No ano 2010, e no marco da Programación plurianual 2007-2010 aprobada polo Claustro Universitario, as prioridades orzamentarias concentráronse nos ámbitos do persoal, calidade na docencia, tecnoloxías da información e a comunicación e infraestruturas. No ano 2011, e ante os axustes orzamentarios esixidos polo goberno estatal, establécese que o eixo fundamental da institución son as persoas e, polo tanto, que as repercusións da redución orzamentaria non deben afectalas máis alá da redución establecida polo goberno do 5 por cento; mantéñense as derivas obrigatorias así como as necesidades básicas do persoal. Inclúese tamén como nova prioridade orzamentaria o apoio ás actividades de extensión universitaria e internacionalización.



2. ESTRUCTURA DE GOBERNO E ORGANIZATIVA

Para dar cumprimento á súa misión, a USC, coma calquera outra organización, precisa dunha estrutura de goberno eficaz e dunha estrutura organizativa ben definida e coordinada.

2.1. Estrutura de goberno

No tocante á nosa estrutura de goberno, debe terse en conta que a organización democrática e a participación de todos os sectores da comunidade universitaria vén garantida nos nosos Estatutos, e que a autonomía universitaria e o autogoberno nos permiten elaborar as nosas normas reguladoras e elixir os nosos órganos de goberno.

Son os órganos colexiados (Claustro, Consello de Goberno, Consello Social) e os unipersoais (reitor/a, vicerreitores/as, secretario/a xeral, o/a xerente, vicerreitores/as adxuntos/as e adxuntos/as aos/ás vicerreitores/as) os elementos que desempeñan as tarefas de goberno. O Consello Social é o órgano colexiado no cal se dá a presenza maioritaria dos representantes sociais de xeito que, garantindo a autonomía universitaria, permite que representantes da sociedade participen na xestión e na toma de decisións relevantes da Universidade, conectándoa así coa sociedade que a acubilla e nutre. No seguinte nivel da toma de decisións de xestión, correspondente aos centros que compoñen a institución (facultades ou escolas universitarias, departamentos e institutos universitarios de investigación), distinguimos tamén entre órganos colexiados e unipersoais.

ESTRUTURA DE GOBERNO		
CENTROS	ÓRGANOS COLEXIADOS	ÓRGANOS UNIPERSOAIS
FACULTADES E ESCOLAS UNIVERSITARIAS	Xunta de Facultade ou Escola	Decano/a ou director/a; vicedecano/a e secretario/a
DEPARTAMENTOS	Consello de Departamento	Director/a e secretario/a
INSTITUTOS UNIVERSITARIOS DE INVESTIGACIÓN	Xunta de Goberno e Consello Científico	Director/a e secretario/a
CENTROS SINGULARES DE INVESTIGACIÓN	Comisión Reitora	Presidente e secretario/a da Comisión Reitora

O equipo de goberno estivo formado ata xuño de 2010, ademais de polos cargos de reitor/a, xerente e secretario/a xeral, por 9 vicerreitorías e 3 vicerreitorías adxuntas. Tras as eleccións do mes de maio de 2010 constituíuse un novo equipo de goberno formado

polo reitor, a adxunta ao reitor para coordinación interna, a xerente e a secretaria xeral, 8 vicerreitorías, 2 vicerreitorías adxuntas e un comisionado para Ciencias de Saúde. Neste equipo de goberno incluíuse por primeira vez unha Vicerreitoría de Responsabilidade Social e Calidade. En xuño de 2011 levouse a cabo unha reorganización do equipo de goberno da Universidade eliminando a Vicerreitoría Adxunta para Estudos de Grao e Posgrao no campus de Lugo, e unificando as vicerreitorías de Estudos de Grao e Posgrao e a de Persoal Docente e Investigador nunha denominada de Titulacións e Persoal Docente e Investigador; unificáronse tamén as de Extensión Universitaria, Cultura e Sociedade e a de Estudantes e Formación Continua, nunha única de Estudantes, Cultura e Formación Continua; e creouse a Vicerreitoría de Relacións Exteriores e Internacionalización.

2.2. Estrutura organizativa

Para o desenvolvemento da súa actividade docente e investigadora, a USC, cos seus dous campus de Santiago e Lugo, está estruturada fundamentalmente en facultades, escolas técnicas ou politécnicas superiores, escolas universitarias, departamentos, institutos e centros de investigación e grupos de investigación, así como por aqueles centros que legalmente poidan ser creados no cadro da autonomía universitaria. Ademais, o funcionamento de todos estes centros depende da existencia de diversos servizos de apoio, moitos dos cales permiten articular o cumprimento da terceira misión universitaria de transferencia e responsabilidade social.

As **facultades, escolas técnicas ou politécnicas superiores e escolas universitarias** son os órganos encargados da organización e xestión dos estudos conducentes á obtención dos títulos académicos oficiais (licenciatura, diplomatura, graduado/a e máster) e tamén poden impartir ensinanzas conducentes á obtención doutros diplomas e títulos. Nos anos 2010 e 2011 a USC contou con 15 facultades, 3 escolas universitarias e unha escola técnica superior no campus de Santiago e 4 facultades, unha escola universitaria e unha escola politécnica superior no campus de Lugo. Non obstante, a finais de 2011 as escolas universitarias de Óptica e Optometría, Enfermaría, Relacións Laborais e Formación do Profesorado completaron a súa conversión en facultades, xa que a estrutura de estudos adaptada ao Espazo Europeo de Educación Superior supón, entre outras implicacións e de acordo coa modificación da LOU, a desaparición da distinción entre facultades e escolas universitarias.

Ademais, a USC está formada por unha **escola de especialización profesional** (a Escola de Práctica Xurídica), tres **hospitais universitarios** (Complexo Hospitalario Universitario de Santiago, Hospital Universitario Lucus Augusti e Hospital Veterinario Uni-

versitario Rof Codina) e catro **centros docentes adscritos ou vinculados** (Escola Universitaria de Tráballo Social en Santiago, Escola Universitaria de Enfermaría e Escola Universitaria de Relacións Laborais en Lugo, e o Centro Superior de Hostalería de Galicia en Santiago).

Os **departamentos** son os órganos básicos da Universidade, encargados da programación e do desenvolvemento do ensino e do apoio á investigación das áreas de coñecemento que o integran. Coordinan o ensino dun ou varios ámbitos do coñecemento, nun ou varios centros, de acordo coa programación docente da Universidade, apoiando as actividades e iniciativas docentes e investigadoras do profesorado. A USC contou durante o período 2010-2011 con 75 departamentos coa seguinte distribución por áreas de coñecemento:

Número de departamentos por grande área	
Ciencias da Saúde	18
Ciencias Experimentais*	18
Ciencias Xurídicas e Sociais	22
Ensinanzas Técnicas*	4
Humanidades	13
Totais	75

* En 2011 o Departamento de Electrónica e Computación pasou de estar adscrito á Fac. Física (Ciencias Experimentais) a adscribirse á ETSE (Ensinanzas Técnicas).

Os **grupos de investigación** nacen habitualmente dun xeito autónomo; son os departamentos, aos cales están adscritos os/as docentes da universidade, os realmente responsables de apoiar as súas actividades e iniciativas de investigación garantindo o necesario equilibrio entre a produción científica e os servizos de I+D e as responsabilidades académicas e docentes, procurando que os esforzos dos membros da comunidade universitaria respondan á estratexia global da USC. A USC conta con 312 grupos de investigación repartidos segundo a seguinte distribución nas grandes áreas de coñecemento:


Distribución porcentual de grupos de investigación por grandes áreas	
Ciencias Experimentais	27
Ciencias da Saúde	25
Ciencias Sociais e Xurídicas	21
Humanidades	19
Ensinanzas Técnicas	8
Número total	312



Os **institutos, centros singulares e centros de investigación** son centros destinados á investigación científica e técnica ou á creación artística e, no seu ámbito de actuación, poden organizar e desenvolver programas e estudos de doutoramento, de posgrao e de formación continua ou prestar asesoramento técnico e promover a formación científica, técnica, artística ou pedagóxica. Poden ser propios da USC, interuniversitarios ou mixtos, e creados en colaboración con organismos públicos ou privados. No período 2010-2011 conviven na USC 17 institutos de investigación xa consolidados, 7 centros propios de investigación (coa creación en marzo de 2010 do Centro de Investigación de Procesos e Prácticas Culturais Emerxentes) e, ao abeiro das actuacións previstas no proxecto de Campus Vida, con 3 centros singulares de investigación: o Centro de Investigación en Química Biolóxica e Materiais Moleculares (CIQUS) e o Centro de Investigación en Medicina Molecular e Enfermidades Crónicas (CIMUS), con senllos edificios construídos neste período, e o Centro de Investigación en Tecnoloxías da Información (CITIUS), creado en maio de 2010 e que se aloxará nun novo edificio cuxa construción comezou no ano 2011.

Finalmente, a USC ten establecidos diversos **servizos básicos de apoio** á docencia e á investigación, así como varios servizos de apoio e asistencia á comunidade universitaria. Algúns deles son recollidos nos propios estatutos da Universidade, mentres que outros son creados especificamente para o cumprimento das funcións propias da Universidade; suman un total de 63: 22 servizos de apoio á docencia e á investigación (biblioteca, arquivos, laboratorios e estacións científicas, idiomas, etc.), 29 servizos á comunidade universitaria (residencias, cultura, deporte, TIC, relacións exteriores ou emprendemento) e 12 servizos administrativos.

Destacamos de entre os servizos de apoio á comunidade universitaria algúns intimamente vinculados ao noso compromiso coa responsabilidade social, como o Observatorio do Código Ético, a Oficina de Desenvolvemento Sostible (creada en 2011 para apoiar o importante papel do Plan de desenvolvemento sostible), a Oficina de Igualdade de Xénero, os Servizos de Apoio ao Emprendemento e ao Emprego, o Servizo de Participación e Integración Universitaria ou o Servizo de Prevención de Riscos.



3. O NOSO CONTORNO. RISCOS E OPORTUNIDADES

Estamos a atravesar unha etapa difícil na nosa contorna socioeconómica, que impón serias presións sobre a nosa capacidade de seguir desenvolvendo a nosa actividade cos altos niveis de efectividade e calidade que a nosa institución atesoura e que teñen xerado excelentes resultados no cumprimento da nosa tripla misión.

Neste contexto de restricións financeiras, témonos que enfrontar a un modelo de financiamento público que non garante a suficiencia económica da USC, situación que pode verse agravada pola toma de novas decisións políticas de recorte e pola conseguinte forte competencia pola captación de recursos.

Corremos tamén o risco de que, neste escenario, e cos poderes públicos suxerindo a necesidade de “corrixir” os “desaxustes económicos” das institucións universitarias, a imaxe da educación superior perante a sociedade resulte seriamente danada, cando o certo é que agora máis que nunca necesitamos do seu apoio e recoñecemento para poder seguir ao servizo e contribuír ao desenvolvemento económico, social e cultural da nosa contorna.

Outro dos riscos a que se enfronta a USC é a multiplicidade na oferta docente do SUG. A oferta docente das tres universidades galegas é, en moitos puntos, moi similar, o que provoca unha forte competencia na captación de estudantado e, polo tanto, unha situación de debilidade fronte a outras universidades españolas. Ademais, a ampliación de titulacións con *numerus clausus* á cal se viu abocada a universidade pola ausencia de recursos pode provocar a perda de matrícula nas universidades públicas e o aumento nas privadas.

Tampouco pode desdeñarse o impacto da preocupante evolución demográfica en Galicia: nas últimas décadas, a evolución demográfica de Galicia vén provocando un envellecemento continuo da poboación. Este feito ten unha incidencia directa na actividade da USC, que ve como o número de persoas en idade de comezar os seus estudos superiores diminúe ano a ano e, polo tanto, o descenso continuo no número de estudantes.

Finalmente, podemos destacar que o desenvolvemento das tarefas de investigación e transferencia na USC se ve condicionado porque o tecido empresarial do seu contorno inmediato mostra un reducido compoñente de I+D+i: a USC ten que relacionarse cun sector empresarial galego de baixo perfil tecnolóxico e innovador, perfil que comeza a reverter grazas á creación de importantes empresas de base tecnolóxica na nosa comunidade, aínda

que cun lento crecemento na actualidade. O tamaño da economía galega fai que a USC careza no seu contorno máis próximo dun mercado capaz de aproveitar o máximo potencial do coñecemento innovador xerado na Universidade.

Pero neste escenario convulso tamén se presentan oportunidades para a USC. A adaptación ao EEES ofrece a posibilidade de modernizar a oferta de titulacións e unha maior facilidade para executar unha estratexia de internacionalización na cal se mire non só cara aos nosos compañeiros europeos, senón tamén cara a outras rexións, e moi especialmente a Latinoamérica. Cómpre tamén avanzar na oferta de posgrao propio e formación continua, que permitirá captar outro tipo de estudantado e poderá axudar, ao menos en parte, a paliar a situación de descenso da matrícula na oferta oficial. Do mesmo xeito a incorporación ao EEI debe facilitar ás universidades reformas que modernicen os sistemas de financiamento e de goberno.

Tamén é o momento de buscar alianzas e sinerxías con outras universidades, especialmente no SUG, e outras administracións e institución galegas. Neste sentido, no ano 2010 asinouse un acordo marco de cooperación entre as universidades de Santiago, A Coruña e Vigo polo cal as universidades galegas “asumen o compromiso de traballar de maneira coordinada para ter unha contribución máis eficiente e eficaz a prol dos seus obxectivos, en resposta ás demandas da sociedade e dos seus axentes económicos, sociais, políticos, culturais...”.

Este marco de cooperación pode contribuír tamén a solucionar a escasa flexibilidade do sistema de xestión de recursos humanos da USC. Mentres que a colaboración en másteres e doutoramentos xa é frecuente, nos graos será necesario “un marco de regulación específico”. Así, nos casos nos que unha universidade dispoña de recursos humanos ou materiais que puidesen ser postos a disposición da docencia dun grao impartido por outra universidade do SUG, poderá establecerse un convenio específico que regule esta colaboración.

E sen dúbida a nosa maior oportunidade atópase en aumentar o interese do tecido empresarial polas capacidades das universidades. O tecido económico e social debe recoñecer o importante papel que as universidades poden ter no seu desenvolvemento e interesarse polas súas capacidades, especialmente no que respecta á busca de solucións que acheguen valor á súa actividade. Neste contexto, a USC debe ser quen de establecer políticas de transferencia que reforcen o seu papel como titular de dereitos de propiedade intelectual e industrial e que faciliten o emprendemento.

Para facer fronte a estes riscos e oportunidades, a USC conta con numerosas fortalezas: un persoal de recoñecida cualificación e experiencia, unha ampla oferta docente en todas as ramas de coñecemento, unha destacada actividade investigadora e longa

experiencia en transferencia e emprendemento, unha gran capacidade de relación a nivel internacional, o recoñecemento como Campus de Excelencia Internacional, a súa realidade de universidade histórica cun importante activo patrimonial e, sobre todo, o seu firme compromiso coa responsabilidade social, que forma parte da súa identidade e que a ten convertido nun referente entre as universidades españolas en políticas de desenvolvemento sostible, igualdade de xénero, ou participación do estudiantado en proxectos de cooperación ao desenvolvemento e cooperación internacional e en actividades de interese social.





4. OS NÓSOS GRUPOS DE INTERESE

As relacións cos diversos grupos de interese conforman e condicionan a responsabilidade social da USC e esixen facer explícitos os compromisos adquiridos para con cada un deles. Estes compromisos esténdense a todas as actividades da universidade e diríxense tanto cara aos membros da comunidade universitaria coma á sociedade en xeral. A USC ten identificado cales son os seus principais grupos de interese e procura coñecer as súas expectativas e opinións de diversos xeitos.

Estudantado	Espera recibir unha oferta académica atractiva e de calidade acorde coas necesidades do mercado de traballo e que incorpore valores éticos.
Persoal	Preocupado pola xestión das condicións profesionais nas cales debe desenvolver o seu traballo, a súa formación e promoción
Provedores	Interesados en establecer relacións de confianza e colaboración e a quen se debe estender o compromiso co desenvolvemento sustentable.
Empresas e institucións	Demandan que a oferta educativa e a xeración de coñecemento se axuste aos seus requirimentos e ás necesidades sociais e laborais, e un incremento da colaboración para impulsar a docencia práctica e a creación de coñecemento aplicado.
Outros centros e institucións docentes	Cos que tamén é preciso estreitar a colaboración para facilitar o movemento do estudantado e promover proxectos conxuntos tanto docentes coma de investigación.
Administracións públicas	Requiren o cumprimento coa normativa e a colaboración no desenvolvemento das políticas públicas.
Terceiro sector	Disposto a traballar de maneira conxunta e acadar sinerxías que permitan mellorar o benestar da sociedade
Sociedade	Debe recibir un dividendo social das universidades mediante o impulso ao desenvolvemento económico e a dinamización social e cultural.



O noso compromiso cos nosos grupos de interese require mecanismos de diálogo de carácter aberto e institucionalizado para coñecer as súas expectativas e comunicar as actuacións levadas a cabo en resposta ás súas necesidades. A realización de enquisas para coñecer o grao de satisfacción dos diversos membros da comunidade universitaria e, incluso, do resto da sociedade, é esencial para facer efectivo o noso compromiso coa mellora continua, destacando a preocupación fundamental por coñecer a satisfacción do estudiantado e do profesorado, na medida en que a actividade académica é a principal razón de ser da universidade como institución de educación superior.

Outros instrumentos como a figura do/a Valedor/a da Comunidade Universitaria están ao servizo das persoas recollendo as súas inxerencias, velando polos seus dereitos e promovendo melloras na actividade universitaria. Ademais, os intereses e as expectativas dos axentes fundamentais (estudantes, persoal de administración e servizos, persoal docente e investigador e sociedade) son tidos en conta coa súa presenza directa nos distintos órganos de goberno da Universidade (Claustro Universitario, Consello de Goberno, xuntas de facultade e escola e consellos de



departamento). A participación nestes órganos da comunidade universitaria é primordial, achegando as súas propostas, actuando activamente e facendo as suxestións necesarias para a mellora da actividade universitaria.

No Consello Social dáse, ademais, a confluencia entre esta participación interna e a representación da sociedade na formulación e adopción das decisións máis relevantes que afectan ao uso dos recursos e ao rendemento da actividade da institución. Ademais das competencias legalmente establecidas, o Consello Social da USC desenvolve outras actividades a prol da nosa Universidade, como son o Programa Nacional de Prácticas en Empresas e Institucións, o proxecto Europracticum, o Convenio co Colexio de Avogados de Santiago de Compostela, ou o Premio Humanitas. É, polo tanto, un órgano esencial para a nosa Universidade, sendo preciso revitalizar o seu papel na toma de decisións da institución e como órgano de intervención e control.

De entre todos os nosos grupos de interese, dous son os considerados prioritarios: o noso persoal e o noso estudantado. Pasamos a describir a continuación cal é o perfil destas dúas partes esenciais da nosa realidade universitaria.

4.1. Perfil do persoal

Cómpre caracterizar en primeiro lugar o capital humano da USC en base ao seu volume total, que dá conta do seu peso específico no conxunto da organización e da súa distribución por sexos e por idades, para pór de manifesto a situación en materia de igualdade entre mulleres e homes e en materia de rotación do cadro de persoal. No período da memoria a USC experimentou un axuste no seu cadro de persoal, cun incremento no ano 2010 e una contracción en 2011 que sitúa o número total de traballadores/as (PDI e PAS) por debaixo dos 3 556 do ano 2009. No campus de Lugo concentrábase en 2011 o 20,6% do PDI e o 13,6% do PAS. Con respecto á presenza de mulleres, estas constituían a maioría do PAS, mentres que no PDI, aínda que a súa presenza está aumentando de xeito progresivo, tan só representaban o 39,1 % en 2011.

Persoal da USC

	2009		2010		2011	
	Total	% de mulleres	Total	% de mulleres	Total	% de mulleres
Persoal total da USC (a 31 de decembro)	3.556	45,2	3.583	45,5	3.532	45,5
PDI	2.264	38,2	2.300	38,6	2.262	39,1
PAS	1.292	57,4	1.283	57,9	1.270	56,8

No que respecta ao equipo de goberno, formado polos/as vice-reitores/as, o/a secretario/a xeral e o/a xerente, a súa composición resulta cada vez máis paritaria, pois estaba integrado a finais do 2011 por seis mulleres e sete homes.

A idade media do PDI e do PAS segue a mostrar unha tendencia crecente; resulta este progresivo e continuado envellecemento do cadro de persoal, especialmente do PDI, unha chamada de alerta para que a Universidade poña en práctica políticas axeitadas que permitan a promoción da carreira docente e investigadora e así garantir o relevo do persoal que a medio prazo abandonará a súa actividade laboral.

Idade media do persoal da USC

	2009	2010	2011
PDI	50,4	50,9	51,4
PAS	45,9	46,6	47,5

4.1.1. Persoal docente e investigador (PDI)

O PDI ten que facer fronte a unha longa carreira docente e investigadora na cal os resultados acadados no eido académico e científico determinan a súa consolidación nas diferentes categorías docentes previstas pola normativa. A composición do cadro de PDI da USC reflicte a súa gran cualificación e o esforzo por consolidar postos de traballo nas máis altas categorías da carreira docente.

No período 2010-2011 aproximadamente o 65% do PDI era funcionario, cun lixeiro incremento respecto a 2009, pero aínda por debaixo de 2007, debido ao impacto das xubilacións e as condicións de promoción do PDI laboral. A porcentaxe de mulleres funcionarias segue unha progresión positiva debido, en parte, ás saídas por xubilación, que afectan sobre todo ao persoal masculino. Igualmente, aumentou a presenza das mulleres na figura de persoal contratado, aínda que seguen a estar en minoría con respecto aos homes. Incrementouse tamén a porcentaxe de profesoras contratadas doutoras, a pesar da redución no número total.

Persoal docente e investigador (PDI) da USC

	2009		2010		2011	
	Total	% de mulleres	Total	% de mulleres	Total	% de mulleres
PDI total	2.264	38,2	2.300	38,6	2.262	39,1
Funcionarios/as	1.442	38,1	1.487	38,3	1.468	38,3
Laborais	822	38,4	813	39,1	794	40,7

Con respecto á distribución por grandes áreas de coñecemento, a área de Ensinanzas Técnicas segue a ser a que conta cunha menor porcentaxe de profesoras e investigadoras (25,2% en 2011) debido a que o número de mulleres que cursan titulacións de carácter técnico é máis baixo que no resto das áreas.

Segundo a distribución do PDI por categorías e xénero, pode observarse que, aínda que a presenza de mulleres é inferior á masculina nas categorías máis altas, de xeito progresivo a presenza de mulleres está a incrementarse nas categorías de catedráticas e titulares de universidade e de contratadas doutoras, onde xa superan a presenza masculina.



Distribución do PDI por área de coñecemento

	2009		2010		2011	
	% na área sobre o total da USC	% de mulleres na área	% na área sobre o total da USC	% de mulleres na área	% na área sobre o total da USC	% de mulleres na área
Ciencias da Saúde	27,2	34,8	27,4	34,9	27	36,8
Ciencias Experimentais	23	35,7	22,8	35,6	23,2	35,4
Humanidades	16,3	45,3	15,9	47,3	15,9	46,8
Ciencias Xurídicas e Sociais	27	42,8	27,4	42,9	27,3	43,4
Ensinanzas Técnicas	6,4	24,8	6,2	25,2	6,3	25,2

Distribución do PDI por categorías e xénero

	2009		2010		2011	
	Total	% de mulleres	Total	% de mulleres	Total	% de mulleres
Catedráticos/as de universidade	321	14,3	356	16,3	371	18,1
Titulares de universidade	994	44,9	1.011	45,4	987	45,5
Catedráticos/as de escola universitaria	23	30,4	20	35	18	27,8
Titulares de escola universitaria	104	48,1	100	46	92	44,6
Axudantes	2	100	2	100	2	100
Axudantes doutores/as	15	73,3	26	65,4	25	64

Contratados doutores/as	243	51,9	233	54,1	232	54,7
Asociados/as	440	29,1	449	28,3	425	30,1
Eméritos/as	21	0	19	5,3	19	5,3
Colaboradores/as	22	45,5	18	50	18	50
Lectores/as	12	58,3	11	81,8	12	83,3
Interinos/as	58	51,7	47	53,2	53	52,8
Outros	9	2,2	8	25	8	25
TOTAL	2.264	38,2	2.300	38,6	2.262	39,1

Atendendo á distribución das categorías de persoal funcionario por áreas de coñecemento, obsérvase certa estabilización ou incluso incremento nas porcentaxes de mulleres nas diversas categorías en case todas as áreas. Destaca, non obstante, o notable incremento na categoría de catedráticas de universidade nas áreas de ciencias e Ensinanzas Técnicas, que aínda que seguen a ser as áreas con menor número de mulleres, mostraban no ano 2009 uns valores de tan só un 7,6% e un 7,7% respectivamente.

Distribución do PDI por rama de coñecemento, categorías e sexo. Ano 2010

		CAT. UNIV.	TIT. UNIV.	CAT. EU.	TIT. EU.
Ciencias da Saúde	Total	78	213	4	13
	% de mulleres	17,9	44,1	25	61,5
Ciencias	Total	118	302	5	14
	% de mulleres	11,9	42,7	40	35,7
Ciencias Sociais e Xurídicas	Total	77	243	5	49
	% de mulleres	19,5	46,5	60	53,1
Enxeñaría e Arquitectura	Total	15	47	2	16
	% de mulleres	13,3	36,2	0	12,5
Artes e Humanidades	Total	68	205	4	8
	% de mulleres	19,1	51,7	25	62,5
TOTAL	Total	356	1.011	20	100
	% de mulleres	16,3	45,4	35	46

Distribución do PDI por rama de coñecemento, categorías e sexo. Ano 2011

		CAT. UNIV.	TIT. UNIV.	CAT. EU.	TIT. EU.
Ciencias da Saúde	Total	82	206	3	12
	% de mulleres	20,7	44,7	0	58,3
Ciencias	Total	125	299	5	12
	% de mulleres	15,2	42,1	40	33,3
Ciencias Sociais e Xurídicas	Total	78	236	4	45
	% de mulleres	20,5	47	50	51,1
Enxeñaría e Arquitectura	Total	15	49	2	15
	% de mulleres	13,3	34,7	0	13,3
Artes e Humanidades	Total	71	196	4	8
	% de mulleres	18,3	52,6	25	62,5

TOTAL	Total	371	987	18	92
	% de mulleres	18,1	45,5	27,8	44,6

4.1.2. Persoal con cargo a actividades de I+D

A aposta da USC pola investigación e a promoción da carreira investigadora reflíctese no incremento experimentado nos últimos anos no número de persoas contratadas con cargo a actividades de I+D e de bolseiras/os. Nestes anos realizouse unha maior aposta pola figura de contratado/a, incrementándose ademais a porcentaxe de mulleres bolseiras, sendo a nota negativa a redución da súa presenza no total de bolseiros/as. O 14,9% dos/as bolseiros/as e o 13,6% dos/as contratados/as desenvolveron en 2011 a súa actividade no campus de Lugo.

Persoal con cargo a actividades I+D

	2009		2010		2011	
	Total	% de mulleres	Total	% de mulleres	Total	% de mulleres
Bolseiros/as	110	64	148	59	203	55
Contratados/as	717	43	1.005	56	1.098	57

4.1.3. Persoal de administración e servizos (PAS)

A necesidade de realizar axustes no cadro de persoal repercutiu nunha diminución do total do PAS, que se reflicte na redución do persoal laboral eventual. Grazas aos compromisos de estabilización, con todo, aumenta o peso do persoal funcionario e o persoal laboral fixo, que representaban un 51,6% e 29,6% do PAS, respectivamente, en 2009 e un 53% e un 31,5% en 2011. A diferenza do que acontece co PDI, a representación feminina é superior á masculina no PAS, destacando a alta porcentaxe de mulleres no cadro do persoal funcionario.



Persoal de administración e servizos (PAS) por categorías e sexo

	2009		2010		2011	
	Total	% de mulleres	Total	% de mulleres	Total	% de mulleres
Total PAS	1.292	57,4	1.283	57,9	1.270	56,8
Funcionarios/as	667	69,4	679	69,8	672	69,3
Laboral fixo	382	37,4	407	38,1	399	37,8
Laboral eventual	224	55,8	168	54,2	186	51,6
Outros	19	57,9	29	79,3	13	61,5

Na distribución do PAS laboral por categorías, no período 2010-2011 fréase o forte incremento que viña experimentando dende o ano 2006 o PAS no grupo I, que inclúe os perfís profesionais de máis cualificación, e mantéñense as tendencias de anos anteriores no resto dos grupos.

Persoal de administración e servizos (PAS) laboral por categorías

	2009	2010	2011
Grupo I	99	85	91
Grupo II	37	29	31
Grupo III	185	182	178
Grupo IV	278	275	279
Sen grupo asignado	7	4	6
TOTAL	606	575	585

4.2. Perfil do alumnado

A análise das características do alumnado da USC é imprescindible para que a oferta educativa da universidade se adapte as súas particularidades, así como ás esixencias do mercado laboral. O número total de estudantes da USC nas súas diversas modalidades formativas experimentou unha redución no bienio 2010-2011, resultando significativa a caída nas titulacións oficiais de 1º e 2º ciclo e graos, relacionada sen dúbida co descenso poboacional que se está producindo nos tramos de idade universitaria, é dicir, entre os xoves de 18 e 24 anos. Non obstante, a oferta de másteres oficiais ten contribuído a paliar esta situación, de xeito que a matrícula total nestas dúas modalidades de titulacións oficiais foi en conxunto superior á do curso 2008-09. Aínda que a redución na matrícula do terceiro ciclo garda relación coa posibilidade de acceder á etapa de tese desde os másteres oficiais con orientación investigadora, é preciso tomar decisións para evitar un declive nesta etapa formativa esencial para a renovación do persoal das universidades. Pola súa banda, os cursos de posgrao propio (másteres e especialización) e de formación continua teñen sufrido unha forte contracción explicada polo contexto de crise

Estudantado matriculado por tipo de estudo

	2008-09	2009-10	2010-11
Titulacións oficiais de 1º e 2º ciclo e graos*	26.236	25.819	25.763
Titulacións propias	302	322	333
Máster oficial*	---	1.326	1.760
Programas oficiais de posgrao non interuniversitarios	478	37	---
Terceiro ciclo	3.437	3.159	2.987
Másteres propios	559	360	398
Cursos de especialización	428	354	263
Cursos de formación continua	1.157	815	820
IV ciclo	285	299	302
TOTAL	32.882	32.491	32.627

*No curso 2008-2009 impartíronse os dous primeiros graos e, no 2009-2010, os primeiros másteres oficiais, que substitúen os programas oficiais de posgrao.



Distribución do estudiantado por áreas (titulacións oficiais de 1º e 2º ciclo e graos)

	% de estudiantado matriculado sobre a matrícula total					
	2008-09		2009-10		2010-11	
	USC	SUE	USC	SUE	USC	SUE
Ciencias da Saúde	21,46	9,64	21,65	10,79	23,14	11,94
Ciencias Experimentais	8,92	6,08	9,97	6,01	10,24	5,94
Ciencias Xurídicas e Sociais	49,04	50,22	48,12	50,30	46,45	49,11
Ensinanzas Técnicas	10,66	24,80	10,29	23,79	9,49	23,44
Humanidades	9,92	9,25	9,97	9,11	10,68	9,56

A distribución da matrícula por áreas reproduce na USC a realidade do SUE no sentido de que son as Ciencias Xurídicas e Sociais as que absorben o maior número de estudantes (arredor do 50%). Pola contra, as áreas das Ciencias Experimentais e Humanidades son as de menor matrícula. A porcentaxe de alumnado matriculado en Ensinanzas Técnicas é menos da metade da do SUE e segue unha tendencia descendente, mentres que na área de Ciencias da Saúde se supera o dobre da porcentaxe do SUE cunha tendencia ascendente.

O alumnado da USC é maioritariamente feminino en todos os niveis do ensino. A presenza da muller é tamén maior se consideramos as persoas tituladas e está alcanzando a paridade no caso do título de doutoramento, cuestión significativa se temos en conta que os estudos de terceiro ciclo constitúen a porta de entrada á carreira investigadora e docente.

Alumnado matriculado: % de mulleres sobre o total

	2008-09	2009-10	2010-11
Titulacións de 1º e 2º ciclo (oficiais e propias) e graos	65,1	64,2	63,8
Másteres oficiais*	---	61,8	60,6
Programas oficiais de posgrao non interuniversitarios	56,5	56,8	---
Terceiro ciclo (etapas de formación e de tese)	56,2	55,5	55,6
Másteres propios, cursos de especialización e formación continua	64	66,16	62,63
IV ciclo	82,5	74,9	75,8

* Os primeiros másteres oficiais empezáronse a impartir no curso 2009-10.

Persoas tituladas: % de mulleres sobre o total

	2008-09	2009-10	2010-11
Titulacións de 1º e 2º ciclo (oficiais e propias)	70,4	71,2	69,8
Diploma de estudos avanzados (DEA)	62	65	62,1
Título de doutora	49,7	42	51,7
Másteres oficiais	---	65,1	62,8

No tocante á súa procedencia, a maioría dos/as estudantes matriculados/as nas titulacións de 1º e 2º ciclo e graos seguen a ser galegos/as. O alumnado do resto do Estado provén principalmente das comunidades de Asturias, Castela-León, Cataluña, Madrid e o País Vasco. É preciso destacar tamén o atractivo da nosa institución para o estudantado estranxeiro, sobre os que proporcionaremos datos no apartado sobre mobilidade estudiantil do capítulo 4. Finalmente, o ensino secundario segue a ser a principal vía de acceso do alumnado de novo ingreso.

Segundo a enquisa do perfil tecnolóxico do estudantado da USC, o 87% dispón de ordenador propio, cunha taxa de acceso á Internet do 94% e un uso da rede intensivo, xa que máis de oito de cada dez navegan diariamente pola rede.

5. OBXECTIVOS ESTRATÉXICOS

O Plan estratéxico da USC para o período 2011-2020 fixa a atención sobre catro ámbitos temáticos: persoas, actividade universitaria, xestión institucional e relacións co contorno.

A definición dun modelo de recursos humanos baseado na eficacia, flexibilidade e sostibilidade xunto co establecemento dun modelo de carreira profesional e promoción do PDI e do PAS son algunhas das accións recollidas no capítulo dedicado ás persoas, conscientes de que o capital humano é a "ferramenta máis valiosa". Ademais, a estratexia da USC para os vindeiros anos pasa por atender a creación de condicións que permitan captar e reter o talento, favorecendo o cambio progresivo e renovador do persoal. No relativo ao estudantado, a USC aspira a proporcionar a este colectivo os mellores medios para atender a súa formación integral, ademais de aspirar a mellorar o seu grao de empregabilidade unha vez rematada a etapa universitaria.

No ámbito da actividade universitaria, en atención á docencia o plan incide na optimización da oferta de títulos de grao para axustalos á realidade e ás necesidades emerxentes, ademais de conformar unha oferta de posgrao especializada e competitiva. Xa no terreo da investigación, as accións por desenvolver de xeito estratéxico nos vindeiros anos aspiran a mellorar a posición internacional da USC, por exemplo, potenciando o desenvolvemento de Campus de Excelencia Internacional (CEI) e promovendo neles a integración de novos ámbitos de investigación.

No capítulo da xestión institucional, a institución académica compostelá considera estratéxico incrementar o financiamento, en especial, garantir a suficiencia dos recursos financeiros en base a criterios que recoñezan as súas características propias. O camiño que se apunta no documento aprobado aposta pola diversificación de recursos fóra do Plan de financiamento do Sistema Universitario Galego.

E na súa relación co contorno, buscarase incrementar o compromiso coa transferencia de coñecemento con Galicia para contribuír ao seu desenvolvemento económico, pero sobre todo como fórmula de progreso social. Ademais, a Universidade compostelá dará un novo pulo á innovación e á súa transmisión aproveitando a súa experiencia en ámbitos con actividade recoñecida.

Outros aspectos considerados neste eido son o reforzamento do compromiso coa responsabilidade social, a difusión cara á sociedade da cultura ou a posta en valor do patrimonio histórico, cultural, científico e técnico da USC. En conxunto, a orientación estratéxica neste eido tamén marca como meta acadar o recoñe-

cemento da sociedade respecto da contribución da USC á creación de valor económico, social e cultural.

O Plan recolle indicadores para medir o grao de cumprimento dos obxectivos e prevé a elaboración dunha memoria anual e unha revisión máis profunda en 2015 que permita avaliar o desenvolvemento deste documento estratéxico.



6. XESTIÓN DA RESPONSABILIDADE SOCIAL

Para calquera institución universitaria parece consubstancial á súa misión o ser socialmente responsable. As universidades prestan un servizo á sociedade e precisan do seu apoio e confianza para cumprir coa súa misión. O papel das universidades é clave como fonte de xeración e difusión de coñecemento e de valores e principios éticos e humanos. A docencia e a investigación deben dar resposta ás necesidades da sociedade e manter un diálogo permanente con ela. E, desde unha perspectiva interna, como en calquera outro tipo de organización, deben facerse valer os dereitos de todos os membros da comunidade universitaria e facelos corresponsables do cumprimento dos seus deberes e dos da propia institución para coa sociedade.

Unha universidade socialmente responsable debe perseguir como obxectivo fundamental crear valor para todos os seus grupos de interese, promovendo valores de igualdade, liberdade e solidariedade e de respecto pola nosa contorna. E debe tamén contribuír a desenvolver e difundir o coñecemento en materia de sostibilidade e responsabilidade social na súa actividade docente e investigadora.

Pero estas manifestacións obvias da RSU non xorden de xeito automático ou espontáneo na súa actividade, senón que é preciso alimentalas e coidalas para garantir a súa existencia e o seu crecemento. A USC leva anos asumindo un firme compromiso coa responsabilidade social, mais debe facer un esforzo maior para consolidalo e poñelo en valor, dotando de maior coherencia e coordinación as actuacións que se veñen desenvolvendo nos ámbitos do voluntariado, a cooperación para o desenvolvemento e a protección e divulgación ambiental, así como as iniciativas que se realizan nos eidos da docencia, a investigación e a xestión e os servizos.

6.1. Principios da xestión socialmente responsable da USC

A concepción da responsabilidade social e da sostibilidade universitaria debe superar a súa concepción inicial, máis restrinxida, como filantropía ou extensión universitaria, para despregarse como un compromiso transversal, plural, progresivo e multidimensional, referido tanto ao conxunto das actividades do mundo universitario como a súa proxección social. Así mesmo, é estratéxico que a incorporación da responsabilidade social e a sostibilidade universitaria se realice de maneira transversal, propiciando con iso, ademais, a coordinación das diversas políticas que coexisten neste amplo terreo e o recoñecemento e a visibilidade delas.

O compromiso da USC para acadar esta integración é claro. Por unha banda, a creación da Vicerreitoría de Responsabilidade Social e Calidade ten o obxectivo de centralizar e coordinar todas as políticas de carácter social e ambiental que se desenvolven na USC, para lograr unha penetración moito máis profunda e sólida da responsabilidade social ao longo de toda a organización e que todas as accións levadas a cabo se encontren baixo un marco coherente e unificado. Por outra banda, o Plan estratéxico da USC 2011-2020 integra a RSU na estratexia global da institución, converténdose no marco baixo o que a USC asume un compromiso explícito de creación de valor social, ambiental e económico e de diálogo, transparencia e rendición de contas para con todos os membros da comunidade universitaria e a sociedade. Así, o Plan estratéxico da USC articula a responsabilidade social da USC como un eixe esencial que, ademais do seu peso específico, impregna e contaxia o resto dos eixes contemplados no plan, co obxectivo de converter a responsabilidade social nunha ferramenta estratéxica que dote de maior coordinación e coherencia as iniciativas e actuacións que xa se desenvolven na institución.

Deste xeito, a xestión da responsabilidade social da USC aspira a sistematizarse e orientarse á creación de valor para todas as partes interesadas, garantindo un axeitado equilibrio entre os resultados académicos e de investigación, económico-financeiros, culturais, sociais e ambientais, para transmitir á sociedade os logros en todos estes eidos, facendo patente a contribución que a institución fai á sociedade en termos de creación de valor. Debemos traballar tamén no desenvolvemento e mellora das ferramentas e mecanismos de comunicación e rendición de contas, incorporando novos instrumentos ou mellorando os xa existentes para difundir as nosas actividades tanto dentro da propia institución como de cara ao exterior, e acadar o recoñecemento social que a universidade precisa e merece.

A integración da responsabilidade social na estratexia global da USC susténtase nos seguintes principios xerais:

1. Compromiso coa calidade na docencia, na investigación e nos servizos, contando coa implicación e participación de toda a comunidade universitaria. Os conceptos de responsabilidade social e calidade son inseparables e mutuamente incluíntes, pois, aínda constituíndo obxectivos autónomos e independentes, precísanse o un ao outro, xa que non hai responsabilidade social sen calidade, nin calidade que hoxe poida ser entendida sen un firme compromiso coa responsabilidade social. Este compromiso coa calidade reflíctese na USC en diversas actuacións: melloras na metodoloxía de ensino--aprendizaxe, adaptación da oferta de titulacións, apoio financeiro á mellora da calidade, formación do PDI e o PAS, fomento da

innovación na docencia, aposta polas TIC, oferta de materias de nivelación e programa de titorías personalizadas ou apoio tutorial extraordinario, programas de orientación laboral de estudantes e titulados/as, consolidación dos grupos de investigación e incremento da participación do profesorado nas tarefas de investigación.

2. Compromiso coas persoas: as persoas son o centro da institución e, en consecuencia, insistimos na necesidade de respectar os seus dereitos e, de forma semellante, promover os seus deberes e capacidades. Toda a persoa vinculada á comunidade universitaria é importante, e mesmo os futuros membros e a sociedade son elementos substanciais da actividade que desenvolvemos. O Centro Interdisciplinario de Investigacións Feministas e de Estudos de Xénero (CIFEX), a Oficina de Igualdade de Xénero e o Plano estratéxico de igualdade de oportunidades entre mulleres e homes da USC 2009-11, fixeron da USC unha universidade pioneira en materia de igualdade. O Servizo de Participación e Integración Universitaria coordina e desenvolve accións de voluntariado, participación e cooperación internacional, e promoción social.
3. Compromiso co desenvolvemento sostible: plasmado nos propios Estatutos da USC, reflectido en diversos plans e actuacións e levado á práctica a través de distintos instrumentos na nosa Universidade. Este principio reitor da responsabilidade social na USC integra en realidade os anteriores, pero é especialmente canalizado a través do Plan de desenvolvemento sostible da USC e o Servizo de Participación e Integración Universitaria. O Plan de desenvolvemento sostible da USC iniciou neste período a campaña USC en Transición, a través da cal dará un novo pulo a súa xa intensa labor e traxectoria en materia de educación, divulgación e concienciación ambiental. Ademais, na USC impártense diversos másteres, cursos de especialización e programas de doutoramento orientados á responsabilidade social, así como cursos, xornadas e materias de libre elección de temática ambiental e social.

Coa finalidade de incentivar e promover os valores vinculados á responsabilidade social, a USC ten instituídos diversos premios, entre os cales destacan o Premio ARESA de Desenvolvemento Rural, o Premio Humanitas, o Premio Fonseca de Divulgación Científica e o Premio de Accións Sostibles de Emprendemento Social.

6.2. Pactos e iniciativas subscritos e pertenza a asociacións e redes

A USC ten subscritos diversos pactos e iniciativas entre os cales destacan o Pacto Mundial das Nacións Unidas, a Declaración de Principios para Construír a Sociedade da Información, as Directrices de Sostibilidade Curricular dos Estudos Universitarios e a Magna Charta Universitatum.

Ademais, tense adherido a numerosas redes e grupos de traballo para colaborar en temas de calidade, investigación, transferencia, cooperación internacional ou responsabilidade social. No ano 2011 foi unha das promotoras da creación da Conferencia de Reitores das Universidades do Noroeste (CRUNO), que reúne os reitores de 11 universidades de Galicia e Castela e León e ten como obxectivo contribuír á promoción e mellora da educación superior mediante a cooperación interuniversitaria e o diálogo entre as institucións académicas e os interlocutores sociais. A USC promoveu tamén o establecemento da Conferencia de Reitores das Universidades do Suroeste Europeo (CRUSOE) que inclúe, ademais da CRUNO, a universidades e institutos politécnicos da rexión norte de Portugal.

6.3. Comunicación e participación

A USC entende que, para dar cumprimento a súa misión de servizo á sociedade e poder contribuír á xeración e transmisión de coñecemento que responda as súas necesidades e esixencias, debe manter un diálogo constante cos seus grupos de interese e, moi especialmente, co seu persoal. En primeiro lugar, a participación do persoal está garantida na súa representación nos órganos de goberno, en condicións de liberdade, igualdade, xustiza e pluralismo, segundo establecen os Estatutos.

Por outra banda, o compromiso da USC coa transparencia e a rendición de contas e a preocupación por coñecer os intereses do seu persoal traballador xustifica os esforzos para poñer ao seu servizo diversas canles de comunicación:

- *Web* corporativa da USC (<http://www.usc.es/>) en que se atopa información de diversa índole que pode ser de interese para o PDI e PAS, tales como decisións adoptadas polos órganos de goberno, normativa, titulacións, servizos de apoio á docencia e á investigación, xornadas, cursos, actividades culturais, etc. Ademais, conta con seccións específicas, tanto para o PDI coma o PAS, en que se recollen os contidos máis relacionados con estes colectivos e nas cales poden facer consultas personalizadas. Ademais, o sitio *web* da USC cumpre coas especi-

- ficacións de páxinas *web* accesibles para persoas con discapacidades, tal e como se recolle no “*Test de accesibilidade web*”.
- *Xornal da USC* (<http://xornal.usc.es/>). Diario electrónico en que se recollen os principais eventos no ámbito da Universidade
 - Intranet corporativa. Infórmase puntualmente o persoal sobre asuntos de especial relevancia.
 - USC TV (<http://tv.usc.es/>): creada para compartir coa sociedade os fondos audiovisuais da USC e para ser simultaneamente, unha canle de divulgación científica. Actualmente, USC TV pon a disposición dos usuarios 200 series e 917 vídeos que suman 1.413,73 horas de materiais audiovisuais, co ánimo de converterse nunha “auténtica televisión de ámbito universitario”.
 - Enquisas ao persoal. A USC realiza de maneira regular enquisas ao persoal docente para avaliar o seu grao de satisfacción coa docencia desenvolvida, cos servizos de apoio á docencia así como coa formación recibida.

No ano 2010 avanzouse neste compromiso coa transparencia coa divulgación de toda a información económica sobre a USC en liña e coa creación da *web* do Código Ético da USC, que aspira a converterse nunha canle de comunicación para toda a comunidade universitaria. No ano 2011, algúns centros levaron a cabo iniciativas propias neste sentido, como a Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais coa creación dun blog.

Tamén no ano 2010 se realizou un redeseño da *web* corporativa, coa creación dun xestor de contidos que permite a mellora na produción de información dos diferentes responsables e que a dotará de maior axilidade e máis volume de información e servizos, ao tempo que se dá máis visibilidade ao traballo feito polos grupos de investigación, institutos, centros e departamentos. Os distintos contidos están segmentados por públicos e intereses, cun maior protagonismo para a actualidade universitaria a través do xornal electrónico, que pasa a situarse nun lugar destacado. Este redeseño busca ademais ofrecer unha mellor visualización nos distintos dispositivos móbiles que cada día acceden en número crecente á *web* da USC.

6.4. Valedor da Comunidade Universitaria

Tanto o persoal da USC como o conxunto da comunidade universitaria poden recorrer ao Valedor da Comunidade Universitaria para a defensa e garantía dos seus dereitos. Trátase dunha institución independente dentro da universidade que non está sometida a ningún

mandato ou autoridade de ningún órgano de goberno, rexendo as súas actuacións polos principios de independencia e autonomía.

Tal e como se reflicte no informe do Valedor ao Claustro Universitario para os cursos académicos 2008-09, 2009-10 e 2010-11, nos dous cursos académicos que cobre a memoria tramitáronse 50 e 61 queixas respectivamente. O maior número de queixas procedeu dos/as estudantes. Por temas, respecto aos períodos anteriores, aumentaron as queixas relativas á matrícula e outros procedementos, servizos á comunidade universitaria e programas de intercambio. As reducións máis notables corresponden ás queixas relativas aos plans de estudo e validacións e avaliación académica. Segue a reducirse tamén o tempo medio de tramitación das queixas: en 2011 o 78% das queixas non superaron os dous meses.

Evolución das queixas ao Valedor da Comunidade Universitaria

Distribución das queixas por sectores	2009	2010	2011
Estudantes	36	39	45
Persoal docente e investigador (PDI)	6	8	10
Persoal de administración e servizos (PAS)	7	3	5
Outros	---	---	1
Total	49	50	61

Distribución porcentual das queixas segundo o tempo medio de tramitación	2009	2010	2011
1 mes	64	58	65
2 meses	8	18	13
3 meses	6	2	15
4 meses ou máis	22	22	7

QUE FACEMOS? A DOCENCIA, A INVESTIGACIÓN E A TRANSFERENCIA

Neste capítulo describimos cales son as particularidades das actividades que desenvolvemos para dar cumprimento á nosa tripla misión universitaria: docencia, investigación e transferencia e responsabilidade social. Esta última faceta da terceira misión das universidades, non obstante, e tendo en conta o seu carácter transversal a todo o que facemos na USC, será analizada de xeito independente no seguinte capítulo, dando conta de como no desenvolvemento da docencia, a investigación e a transferencia tomamos en consideración as expectativas de todos os nosos grupos de interese e procuramos crear valor para o conxunto da sociedade.



1. A DOCENCIA: A OFERTA ACADÉMICA DA USC

A docencia é sen dúbida a principal razón de ser da universidade, entendida como a prestación dun servizo de formación integral ao alumnado en resposta ás demandas sociais e ás necesidades humanas. A USC está plenamente comprometida cunha docencia de calidade e asentada nos valores da sostibilidade e a responsabilidade social.

A oferta académica da USC comprende actualmente as titulacións regradas de grao e máster adaptadas ao EEES e o 1º e 2º ciclo das antigas licenciaturas e diplomaturas, que se extinguen gradualmente. A Universidade engade a esta oferta o terceiro ciclo (doutoramento) e cuarto ciclo (maiores de 50 anos), e estudos propios de posgrao (máster e especialización) e de formación continua, que reforzan os vínculos coa sociedade tanto despois da etapa de formación oficial coma na madurez da vida profesional das persoas. Tanto neste contexto coma no da oferta de formación transversal é patente o compromiso da USC coa sostibilidade e a formación en valores.

Tamén existe un claro compromiso coa mellora continua da oferta formativa, co obxectivo de servir mellor ás necesidades do alumnado, dos empregadores e da sociedade, potenciando os estudos de carácter profesional (posgrao e formación continua) e traballando para favorecer a inserción laboral dos seus titulados/as. Isto require, ademais, traballar para mellorar o rendemento académico dos/as estudantes e recoñecer e valorar o esforzo daqueles/as que acadan os mellores resultados. Estes asuntos serán, en calquera caso, abordados no seguinte capítulo; centrámonos agora en coñecer as características da oferta académica da USC.

1.1. Titulacións de 1º e 2º ciclo e graos

Co inicio da adaptación ás directrices do EEES, no curso 2008-09 incorpóranse á oferta académica da USC os graos en Matemáticas e en Ciencias Políticas e da Administración, a que se suman 22 grados máis no curso 2009-10 e 18 no curso 2010-11; complétanse deste modo a transformación das tradicionais titulacións de primeiro e segundo ciclo, que irán esgotando os seus últimos cursos progresivamente nos próximos anos, ata quedar todas completamente extinguidas no curso 2015/2016, agás a licenciatura en Medicina, pola súa estrutura en 6 cursos.

A oferta de titulacións oficiais de 1º e 2º ciclo da USC nos últimos anos estivo formada por 40 titulacións no campus de Santiago e 23 no campus de Lugo (con 6 títulos duplicados nos dous campus), que

comprenden tanto titulacións de ciclo curto (3 anos), como de ciclo longo (4, 5 ou 6 anos) e titulacións de só 2º ciclo, maioritariamente ofertadas no campus de Lugo (5 das 6). As titulacións duplicadas (impartidas nos campus de Santiago e Lugo) son a Diplomatura en Enfermaría (adscrita), a Diplomatura en Relacións Laborais, a Licenciatura en Filoloxía Hispánica e os títulos de Mestre, especialidade en Educación Infantil, Mestre, especialidade en Educación Primaria e Mestre, especialidade en Lingua Estranxeira. As Licenciaturas en Química e en Administración e Dirección de Empresas impártense como títulos de 5 anos en Santiago e como só 2º ciclo en Lugo.

Distribución por áreas de coñecemento das titulacións de 1º e 2º ciclo

	Campus de Santiago	Campus de Lugo	Total (sen duplicadas)	Ciclo curto (3 anos)	Ciclo longo (4, 5 ou 6 anos)	Só 2º ciclo
CC. da Saúde	4	2	5	1	4	0
CC. Experimentais	5	2	7	1	4	2
CC. Xurídicas e Sociais	16	7	19	9	8	2
Ensinanzas Técnicas	2	10	12	9	1	2
Humanidades	13	2	14	0	14	0
Total	40	23	57	20	31	6

A USC lidera con esta oferta o conxunto do SUG e acada unha representación moi significativa no catálogo oficial das universidades públicas e privadas do SUE.

No tocante ás novas titulacións de grao, o maior peso da oferta da USC concéntrase na área de Ciencias Sociais e Xurídicas, seguida da de Humanidades, mentres que a menor representación lle corresponde á área das Ciencias Experimentais. Na área de Enxeñaría e Arquitectura, 6 dos 8 graos impártense no campus de Lugo. Os seis títulos que se imparten de xeito duplicado nos campus de Santiago e Lugo son: Grao en Enfermaría, Grao en Administración e Dirección de Empresas, Grao en Administración e Dirección de Empresas, Grao en Mestre/a en Educación Infantil, Grao en Mestre/a en Educación Primaria, Grao en Relacións Laborais e Recursos Humanos e Grao en Lingua e Literatura Española.

Distribución por áreas de coñecemento das titulacións de grao

	2008-09		2009-10		2010-11		
	Campus de Santiago	Campus de Santiago	Campus de Lugo	Total (sen duplicadas)	Campus de Santiago	Campus de Lugo	Total (sen duplicadas)
CC. da Saúde	0	2	1	2	6	3	8
CC. Experimentais	1	4	0	4	4	0	4
CC. Sociais e Xurídicas	1	9	2	9	13	4	13
Ensinanzas Técnicas	0	1	0	1	2	6	8
Humanidades	0	8	1	8	8	2	9
Total	2	24	4	24	33	15	42

En canto ao peso da súa oferta de graos no conxunto do SUG, no curso 2010-11, despois de acadar a transformación de todas as titulacións de 1º e 2º ciclo, a USC segue a ser a universidade galega con maior diversidade na súa oferta.

Nº de titulacións de grao nas universidades galegas e porcentaxe sobre a oferta total do SUG

	2008-09		2009-10		2010-11	
	Nº	% no SUG	Nº	% no SUG	Nº	% no SUG
Universidade de Santiago de Compostela	2	40,00	24	31,58	42	35,00
Universidade da Coruña	2	40,00	27	35,53	39	32,50
Universidade de Vigo	1	20,00	25	32,89	39	32,50
Total do SUG	5	100	76	100,00	120	100

No bienio 2010-2011 reduciuse o número total de alumnos/as matriculados/as nas titulacións oficiais de 1º e 2º ciclo e graos. No curso 2010-11 o campus de Lugo achegou o 21,8% do alumnado total nos títulos de 1º e 2º ciclo e o 13,4% nos graos.

Alumnado matriculado por campus en titulacións oficiais de 1º e 2º ciclo e graos

	2009-2010			2010-2011		
	Campus de Santiago	Campus de Lugo	Total	Campus de Santiago	Campus de Lugo	Total
Titulacións oficiais de 1º e 2º ciclo	17.945	4.745	22.690	13.796	3.854	17.650
Graos	2.860	269	3.129	7.024	1.089	8.113
Total	20.805	5.014	25.819	20.820	4.943	25.763

Pese a esta baixada da matrícula, xa previsible e semellante ao acontecido nos últimos anos, a USC mantivo o seu peso dentro do SUG ao absorber nos cursos 2009-10 e 2010-11 máis do 40% do alumnado universitario en Galicia e case o 40% dos/as titulados/as de 1º e 2º ciclo.

Datos de matrícula e titulados na USC en relación co SUG

	2008-09	2009-10	2010-11
Porcentaxe de estudiantado matriculado sobre o total do SUG en 1º e 2º ciclo e graos	40,0	40,1	39,6
Porcentaxe de persoas graduadas de 1º e 2º ciclo sobre o total do SUG	39,8	39,8	n.d.

Na USC impártense tamén tres titulacións propias: dúas de 1º ciclo (graduado en Ciencias Criminolóxicas e da Seguridade Pública e diploma en Xestión de Empresas Hostaleiras) e unha de 2º ciclo (gran diploma de Xestión e Dirección de Empresas Hostaleiras).

1.2. Posgrao oficial

O posgrao oficial ten como finalidade a especialización do/a estudante na súa formación académica, profesional ou investigadora, co fin de obter o título de máster e, nalgúns casos, dar tamén acceso aos programas de doutoramento. No curso 2008-09 impartíronse 27 másteres oficiais na USC (antes ofertados baixo a denominación de programas oficiais de posgrao), que se elevaron a 61 no curso 2009-2010. No curso 2010-11 a USC ofertou un total de 76 másteres oficiais (12 deles no campus de Lugo), dos cales 62 tiveron límite de prazas, co cal a oferta total de prazas ascendeu a 1 662.

Moitos destes títulos destacan pola súa vinculación co compromiso explícito da USC de promover a formación en materia de sostibilidade e responsabilidade social.

Oferta de másteres oficiais 2010-11

	Nº	Prazas ofertadas
Ciencias da Saúde	14	311
Ciencias	16	267
CC. Xurídicas e Sociais	19	676
Enxeñaría e Arquitectura	13	202
Artes e Humanidades	14	206
Total	76	1.662



Xa temos destacado o notable incremento da matrícula dos másteres oficiais no curso 2010-11, á que o campus de Lugo contribúe cun 19,2% do alumnado.

Alumnado matriculado por campus en titulacións oficiais de posgrao non interuniversitarias

	2009-2010			2010-2011		
	Campus de Santiago	Campus de Lugo	Total	Campus de Santiago	Campus de Lugo	Total
Másteres oficiais	998	318	1.316	1.410	336	1.746
POP non interuniversitarios	37	0	37	1	0	1
Total	1.035	318	1.353	1.411	336	1.747

1.3. Doutoramento

Dos 62 programas de doutoramento impartidos no curso 2008-09, pasouse a 73 no 2010-11 (16 deles interuniversitarios), que abarcan todas as grandes áreas do saber e, moitos deles, relacionados con diversos ámbitos do desenvolvemento sostible e a responsabilidade social. A USC mantivo ademais durante este período a súa posición de liderado entre as universidades galegas en canto a número de mencións de calidade vixentes nos cursos 2009-10 e 2010-11 (23 e 13 respectivamente) e mencións de excelencia obtidas na convocatoria 2010-2011, que foron 18, con validez desde o curso 2011-12 ata o 2013-14.

**Distribución da oferta de programas de doutoramento
RD 1393/2007 por grandes áreas 2010-11**

Ciencias da Saúde	16
Ciencias Experimentais	15
CC. Xurídicas e Sociais	19
Ensinanzas Técnicas	5
Humanidades	18
Total	73

Pese á redución do número de estudantes en etapa de formación, debida á desaparición da etapa de formación nos cursos de doutoramento do RD 1393/2007, incrementouse o número de alumnado en etapa de tese pola posibilidade de acceder a ela desde os másteres oficiais con orientación investigadora. Segue aumentando tamén o número de teses defendidas.

Programas de doutoramento

	2008-09	2009-10	2010-11
Número de programas de doutoramento*	62	72	73
Número de estudantes en etapa de formación	1.494	837	250
Número de estudantes en etapa de tese	1.943	2.332	2.751
Número de teses defendidas	215	215	220

*Oferta en nova matrícula, desde o curso 2009-10 baixo o RD 1393/2007

1.4. Materias de nivelación (materias ponte)

Para facilitar a transición entre o ensino medio e a educación superior, a USC ofertou ata o curso 2009-10 diversas materias orientadas a todos/as aqueles/as estudantes que accedían por primeira vez á Universidade e quixeron reforzar as súas aptitudes coa finalidade de cursar satisfactoriamente o primeiro curso das súas carreiras. No curso 2009-10 ofertáronse 7 materias ponte, tendo en conta que algunhas (Matemáticas, Física e Química) se impartiron con diversas orientacións en función da titulación do alumnado.

Coa aparición das novas ensinanzas de grao, a USC ten comezado tamén a impartir nalgúns títulos cursos complementarios (“curso ponte”) para obter as competencias que proporciona o título oficial polos titulados de plans anteriores.

1.5. Posgrao propio

Seguindo a liña marcada pola Declaración de Boloña de fomentar unha aprendizaxe permanente ao longo da vida, e como oportunidade para consolidar a USC como un referente no ámbito da especialización e a actualización de coñecementos, seguimos a concentrar grandes esforzos na promoción dos estudos de carácter profesional dirixidos ás persoas tituladas, ás persoas xa incorporadas ao mercado de traballo e ás empresas.

Os estudos de posgrao propios van encamiñados á formación de especialistas, sobre todo en ramas interdisciplinarias e de interese social, cultural, científico-técnico ou profesional. Non obstante, malia que o atractivo desta oferta fixo que se incrementara nos anos anteriores, a actual crise, xunto coa oferta dos másteres oficiais, afectou no bienio 2010-2011 tanto ao número de cursos impartidos como a total de alumnado matriculado, pese ao incremento no caso dos másteres propios no curso 2010-11.

Posgrao propio		2008-09	2009-10	2010-11
Másteres propios	Impartidos	26	23	22
	Alumnado matriculado	559	505	622
	% de mulleres	n.d.	62,38	60,61
Cursos de especialización	Impartidos	28	30	25
	Alumnado matriculado	428	348	327
	% de mulleres	n.d.	66,95	65,44
Total		987	853	949

Dentro desta oferta a USC impartiu diversos másteres propios e cursos de especialización relacionados coa sostibilidade e a responsabilidade social.

1.6. Formación continua

A USC tamén oferta estudos de duración curta orientados á formación continua ou a temas de especialización moi específicos. Moitos destes cursos vincúlanse tamén coa formación en temas relacionados coa sostibilidade e a responsabilidade social.

Formación continua

		2008-09	2009-10	2010-11
Cursos de formación continua	Impartidos	52	51	59
	Alumnado matriculado	1.157	1.053	868
	% de mulleres	n.d.	67,71	63,02

1.7. Estudos de IV ciclo

Como expresión do compromiso da Universidade coa formación e a colaboración con todos os membros da sociedade, o IV ciclo pretende promover a integración e participación social das persoas maiores de 50 anos, independentemente do seu nivel académico previo, por medio de procesos formativos que respondan ás súas necesidades, así como subliñar o papel da educación continuada como experiencia global desenvolta durante toda a vida.

O programa impártese nos dous campus da USC, Lugo e Compostela, dende outubro de 1997. Nos cursos 2009-10 e 2010-11 impartíronse 44 e 38 materias respectivamente. O número de estudantes matriculados non deixa de aumentar, o que dá conta do éxito social do programa, sendo ademais na súa maioría mulleres. Incrementouse tamén de xeito significativo neste período o número de graduados/as sénior.

Estudos de IV ciclo

	2008-2009	2009-10	2010-11
Número de materias impartidas	39	40	38
Número de alumnos/as matriculados/as	285	299	302
Número de alumnos/as cursando o excélsor	13	11	4
Número de alumnos/as que acadaron o título de graduado/a sénior	26	31	52
Número de alumnos/as que acadaron o título de graduado/a superior sénior	34	0	18
Porcentaxe de mulleres matriculadas	82,50	74,90	75,80



1.8. Formación transversal

No marco do EEES establécese a conveniencia de fomentar o desenvolvemento de actividades formativas de carácter transversal que posibiliten unha formación integral das persoas. Isto facilitaríaa concienziación e o compromiso futuro das persoas coas distintas ramas do saber e a súa interrelación e, en termos máis xerais, cos valores da sociedade.

A responsabilidade social e a sostibilidade deben ser integradas na actividade diaria e no desempeño profesional dos membros da comunidade universitaria e dos/as futuros/as egresados/as. Durante os cursos 2009-10 e 2010-11 impartíronse diversas actividades formativas recoñecidas como créditos de libre elección, que fixeron fincapé no compromiso social e ambiental. De xeito similar, a USC ofrece a posibilidade de realizar prácticas para computar como créditos de libre elección nos *curricula* dos/as alumnos/as.

Ademais, a formación do alumnado da USC non só comprende o currículo establecido na titulación escollida senón que tamén abrangue a mellora das súas competencias en materias complementarias, cada vez máis importantes para a súa vida profesional, como son as novas tecnoloxías da información e das comunicacións e as linguas modernas e a formación en competencias informacionais. A Área de Tecnoloxías da Información e Comunicacións (ATIC) e o Centro de Linguas Modernas (CLM) son os encargados de xestionar a oferta de cursos nestes eidos.

O CLM continuou o seu labor na realización dos exames oficiais de alemán (ZMP do Goethe-Institut), italiano (CILS, Certificazione di Italiano come Lingua Straniera) e español (DELE –Diploma de Español como Lingua Estranxeira, do Instituto Cervantes), e en 2011 a USC recuperou a súa condición de centro examinador para a acreditación TOEFL.

No curso 2010-11 o CLM dotouse cun novo laboratorio de idiomas, que ofrece máis e mellores prestacións para a aprendizaxe dos idiomas, e renováronse parte das súas instalacións e equipamento na Facultade de Filoloxía. Polo que atinxe a súa oferta docente, o CLM traballou en tres planos piloto: un para a igualación da oferta formativa nos campus universitarios de Santiago e Lugo, mediante o emprego de sistemas de videoconferencias; outro sobre

o desenvolvemento da ensinanza *on-line*, para poder abranguer a potencial demanda cara á acreditación do nivel B1 de coñecemento de linguas, e un terceiro sobre o deseño dun curso semipresencial de español como lingua estranxeira, dada a demanda de formación deste lingua, en que se desenvolverá un sistema *e-learning*.

Entre os fitos de consolidación da oferta docente neste curso, por primeira vez, o CLM ofertou nos dous campus cursos de lingua galega, até o momento promovidos por convenio coa Secretaría Xeral de Política Lingüística, e completáronse os trámites para impartir clases de chinés.

Deste xeito, no bienio 2010-2011 incrementouse o número de alumnos/as matriculados/as en cursos regulares, no curso de preparación do DELE e nos cursos intensivos de verán, pasando de 1 903 no curso 2008-09 a 2 294 en 2010-11.

En canto a formación en competencias informacionais, na USC desde o ano 2010 se recoñecen como competencias transversais informacionais os cursos ofertados dende a biblioteca universitaria orientados ao alumnado das titulacións de grao. O curso de iniciación nestas competencias para o alumnado de primeiro acceso á Universidade desenvólvese en colaboración con outras universidades por mor dun convenio de cooperación interuniversitaria que deu lugar ao Proxecto UniCI2. Este proxecto comezou de xeito piloto no curso 2010-11 implantándose a formación en 4 graos.

Número de alumnado matriculado en cursos regulares, preparación DELE e cursos intensivos de verán no Centro de Linguas Modernas

	2008-09	2009-10	2010-11
Español	955	909	890
Inglés	437	485	690
Alemán	96	128	122
Francés	65	113	123
Otros	187	277	299
Preparación DELE	13	16	18
Cursos intensivos de verán	150	150	152
TOTAL	1.903	2.078	2.294

2. INVESTIGACIÓN E TRANSFERENCIA

A investigación, a transferencia de coñecemento e tecnoloxía, o emprendemento e a formación de investigadores/as son funcións esenciais da universidade. Estas funcións desenvólvense de xeito paralelo ás tarefas docentes que incorporan os novos coñecementos e os desenvolvementos científicos garantindo a resposta ás necesidades e esixencias da sociedade.

A USC considera inherente á súa misión o fortalecemento da investigación básica, piar do desenvolvemento no longo prazo, e a promoción entre as empresas da cultura da innovación tecnolóxica, buscando que o esforzo en investigación aplicada sexa rendible tanto para si mesma como para o sector produtivo, mediante patentes, licenzas ou a creación de novas empresas e a través da transferencia. A transferencia tecnolóxica ao tecido empresarial proxecta a imaxe innovadora da universidade no noso contorno e constitúe unha nova fonte de financiamento externo para a institución. Ademais, a USC asume como unha tarefa imprescindible a dinamización socioeconómica do seu contorno, apoiando as iniciativas emprendedoras e implicándose cos axentes económicos e sociais, transferindo o coñecemento desenvolvido.

Ano tras ano, a USC presenta un balance da súa actividade investigadora e dos seus resultados en transferencia e valorización do coñecemento que confirman a súa posición líder nas áreas científica e tecnolóxica no contexto autonómico, así como unha posición equiparable á das institucións científicas de referencia nacional e internacional. Nestes anos, e pese ás fortes restricións impostas polo contexto de crise económico-financeira nas políticas de I+D+i, a USC ten conseguido manter, e incluso mellorar, o ritmo de actividade de I+D+i e de produción científica, e aproveitar o potencial dos dous Campus de Excelencia Internacional: Campus Vida e Campus do Mar, este último promovido polas tres universidades galegas.

Para a USC é tamén fundamental fomentar a actividade investigadora naquelas áreas de coñecemento que poden atopar máis dificultades neste empeño. Neste sentido, considera un avance importante a creación no ano 2011 da Rede de Investigación en Ciencias Sociais (ICIS), baixo a cal se desenvolven actividades nos eidos da innovación, o emprendemento, a educación e a cultura.

Destaca tamén a súa implicación na procura dun desenvolvemento sustentable a través da investigación. Numerosos grupos de investigación na USC traballan en temas relacionados coa sostiabilidade e a responsabilidade social, e cómpre tamén destacar a actividade investigadora da Oficina de Desenvolvemento Sostible da USC, que participou nos anos 2010 e 2011 no proxecto “Avaliación

das políticas universitarias de sostibilidade como facilitadoras para o desenvolvemento dos campus de excelencia internacional”, do Ministerio de Educación e Conferencia de Reitores das Universidades Españolas, e que impulsou cinco proxectos propios neste mesmo período, dos que catro se lanzaron no 2011 no marco do proxecto USC en Transición.

Como se amosa deseguido, a investigación na USC está viva e camiña decididamente a consolidarse como a imaxe de marca dunha universidade que quere contribuír á proxección internacional de Galicia e ao desenvolvemento dun modelo de crecemento económico e social sostible, baseado no talento e a innovación.

2.1. Capacidade investigadora

A capacidade investigadora da USC, entre outros factores, depende e é consecuencia do seu capital humano. É precisa unha adecuada planificación e coordinación destes recursos humanos para acadar sinerxías no seo dos diversos grupos de investigación e no conxunto da Universidade que permitan a transferencia do coñecemento derivado da investigación e posibiliten a creación de fortes redes de investigadores/as. A USC trata de garantir o mantemento do potencial investigador dos seus equipos mediante a dotación de prazas de formación de investigadores/as, a promoción da carreira investigadora, os programas de mellora da cualificación investigadora do seu PDI e a través dos servizos da universidade que especificamente prestan apoio ás actividades de I+D+i.

No ano 2010, e en relación ao 2009, producíronse crecementos moi significativos no cadro de persoal dedicado ás tarefas de I+D, coa única excepción do persoal de apoio en infraestruturas científicas. Destaca o incremento dos contratos baixo os programas posdoutorais Juan de la Cierva, Ánxeles Alvariño e Marie Curie (34,09%) e do persoal contratado e bolseiro con cargo a actividades de I+D (40,17% e 34,55% respectivamente). A situación, non obstante, revértese en parte en 2011, en sentido negativo (descenso) no caso do persoal contratado con cargo a programas de recursos humanos de I+D, dada a desaparición de convocatorias públicas, e en sentido positivo no do persoal de apoio a investigación, mentres que o crecemento do ano anterior se consolida no persoal contratado e bolseiro con cargo a actividades de I+D. Destaca tamén o progresivo aumento do PDI implicado en actividades de I+D, que alcanza en 2011 a cifra máis alta de todo o período 2008-2011, e denota tamén un incremento da porcentaxe de mulleres en tarefas de investigación. No campus de Lugo aumentou a porcentaxe de bolseiros/as e de persoal de apoio á xestión e valorización da investigación.

PERSOAL DEDICADO A I+D (datos a 31 de decembro)

	2010			2011		
	Total	% de mulleres	% no campus de Lugo	Total	% de mulleres	% no campus de Lugo
Persoal docente e investigador (PDI) ⁽¹⁾	2.395	39	20	2.294	38	21
PDI en actividades de I+D ⁽²⁾	1.646	40	n.d.	1.820	44	n.d.

Persoal contratado con cargo a programas de RR.HH .de I+D

Posdoutorais ⁽³⁾	59	49	13	36	39	13
Predoutorais ⁽⁴⁾	394	59	8	383	57	8
Persoal técnico ⁽⁵⁾	70	60	14	67	46	14

Persoal contratado con cargo a actividades de I+D

Contratados/as	1.005	56	14	1.098	57	14
Bolseiros/as	148	59	15	203	55	22

Persoal de apoio á investigación en servizos centrais

Infraestruturas científicas	28	54	20	40	58	20
Xestión e valorización	37	59	14	33	52	15
TOTAL	4.136	46	14	4.154	50	15

n.d.: non dispoñible

⁽¹⁾ Persoal docente e investigador (PDI): inclúe o profesorado funcionario, contratado e interino, e persoal investigador dos programas Ramón y Cajal e Isidro Parga Pondal.

⁽²⁾ PDI que participou nese ano nalgunha actividade (proxectos, contratos, convenios, cursos, reunións científicas, servizos técnicos e asesorías).

⁽³⁾ Programas posdoutorais: Juan de la Cierva, Ánxeles Alvariño e Marie Curie

⁽⁴⁾ Programas predoutorais: FPI, FPU, FIS, María Barbeito e persoal contratado predoutorais USC

⁽⁵⁾ Persoal técnico: programas de persoal técnico de apoio, programas de tecnólogos Isabel Barreto e Lucas Labrada

A captación de recursos externos á USC, ben pola vía institucional a través de concursos competitivos, ben polas relacións coa sociedade e o sector económico, é outro elemento fundamental para asegurar a consolidación e o desenvolvemento das áreas e liñas de investigación científica e tecnolóxicas. Aínda que ata 2010 o volume de recursos externos captados conseguiu manterse a pesar das reducións nos orzamentos públicos dedicados a I+D, no ano 2011 prodúcese un decaemento substancial dos recursos captados tanto a través de convocatorias públicas, que se viron fortemente reducidas a causa das políticas de axuste derivadas das de consolidación fiscal das distintas administracións, como a través de contratos e convenios, mostrando a limitada capacidade do tecido económico para seguir investindo en investigación nas universidades tras unha etapa de crise tan prolongada.

Boa parte da capacidade investigadora da USC depende tamén da colaboración con outras institucións. No 2011 as tres universidades galegas asinaron un convenio de colaboración co CSIC,

que lles permitirá contar cunha sede permanente en Bruxelas, de xeito que o SUG intensificará a súa presenza e presión no caladoiro europeo de fondos.

Tamén no 2011 se constituíu en Santiago a Rede Española Matemática-Industria, composta por trinta grupos de investigación de dezanove universidades españolas, (cinco da USC) e que persegue incrementar a utilización dos métodos e técnicas matemáticas no sector produtivo, como xa vén pasando coa estatística ou o deseño e a enxeñaría asistidos por ordenador. A Rede marca unha serie de metas por cumprir no prazo de tres anos, como son acadar 100 proxectos competitivos ou contratos directos con empresas, impartir 25 cursos de formación, publicar 25 artigos ou teses no marco de proxectos ou contratos co sector produtivo, obter dez inscricións no Rexistro de Propiedade Intelectual, crear cinco empresas de base tecnolóxica e difundir entre 900 entidades as capacidades da rede.

2.2. Cualificación do persoal investigador

A formación continua e a cualificación do PDI son dous dos elementos que condicionan tamén a capacidade investigadora da universidade.

Dunha banda, o Programa de formación e innovación docente da USC, ao cal nos referiremos no seguinte capítulo, garante a adecuación da formación do PDI para o desenvolvemento da súa actividade.

Por outra banda, a cualificación do PDI para realizar tarefas de investigación pode ser analizada acudindo a varios indicadores: o número de doutores/as, o número de teses de doutoramento defendidas, a implicación do PDI en proxectos e contratos/convenios de investigación ou número de sexenios de investigación acadados.

Este último indicador computa os sexenios de investigación con que a Comisión Nacional Evaluadora de la Actividad Investigadora reconece os especiais méritos na actividade desenvolvida polo pro-



feesorado universitario e o persoal do CSIC, concedéndolles ata un máximo de 6 tramos de recoñecemento da súa investigación.

Tal e como revela o informe CYD 2011, da Fundación Conocimiento y Desarrollo, en 2010 a USC ocupaba a sétima posición no ámbito estatal en número de sexenios por PDI, o que amosa a cualificación investigadora do cadro de persoal. O número de tramos de investigación recoñecidos ao PDI da USC seguiu aumentando no período 2009-2011, de xeito que en 2011 máis da cuarta parte dos catedráticos/as de universidade tiñan recoñecidos cinco ou máis sexenios de investigación, e máis do 60% xa tiñan recoñecidos catro ou máis sexenios. Pola súa banda, o 23,1% dos titulares de universidade contaban con tres ou máis tramos de investigación recoñecidos, mentres que a porcentaxe de profesorado contratado doutor cun tramo recoñecido se elevou do 25,5% en 2009 ata o 32,3% en 2011.

Distribución da porcentaxe de sexenios concedidos en función da categoría do profesorado

	0	1	2	3	4	5	6
2009							
CAT. UNIV.	4,7	5,6	10,6	23,7	28,7	19,0	7,8
TIT. UNIV.	23,9	25,2	30,0	16,6	3,3	0,9	0,1
CAT. EU.	39,1	21,7	17,4	21,7	0,0	0,0	0,0
TIT. EU.	95,1	4,9	0,0	0,0	0,0	0,0	0,0
PCDou	51,0	25,5	23,5	0,0	0,0	0,0	0,0
2010							
CAT. UNIV.	4,5	5,1	9,3	23,9	29,2	20,2	7,9
TIT. UNIV.	24,7	24,5	30,8	16,7	2,8	0,5	0,0
CAT. EU.	25,0	30,0	20,0	25,0	0,0	0,0	0,0
TIT. EU.	95,0	5,0	0,0	0,0	0,0	0,0	0,0
PCDou	52,4	27,5	19,3	0,9	0,0	0,0	0,0
2011							
CAT. UNIV.	3,5	4,3	7,8	22,6	29,9	22,4	9,4
TIT. UNIV.	22,5	24,0	30,4	20,0	2,8	0,3	0,0
CAT. EU.	22,2	33,3	16,7	27,8	0,0	0,0	0,0
TIT. EU.	97,8	2,2	0,0	0,0	0,0	0,0	0,0
PCDou	46,6	32,3	18,5	2,6	0,0	0,0	0,0

2.3. Formación de novo persoal investigador

A participación activa da institución na captación, formación e promoción do persoal investigador é outro factor en que consideramos esencial o papel xogado polos grupos e institutos de investigación. Este capital humano que se incorpora á comunidade universitaria asegura, a medio e longo prazo, a competitividade e a calidade da investigación.

O peso que ten a investigación na actividade diaria da USC e na súa proxección de cara á sociedade é un dos motivos da im-

portancia que ten a dotación de prazas para investigadores/as en formación capaces de desenvolver actividades de I+D ao mesmo tempo que promocionar a súa carreira investigadora. A xestión e coordinación da entrada de persoal en etapa de formación na investigación é unha responsabilidade da USC ligada ao seu compromiso coas tarefas de investigación.

Pese a un aumento no ano 2010, a captación de persoal investigador seguiu a tendencia descendente iniciada no ano 2008, acusando a redución das partidas públicas dedicadas á I+D nestes anos. Pese a iso, a USC segue a manter a súa presenza dentro do ámbito nacional e autonómico. Por exemplo, durante o ano 2010 a USC ocupou a quinta posición de España na captación de axudas dos programas de FPU e, no ámbito autonómico, segue a ocupar a primeira posición en captación de persoal para programas de I+D. Ante esta realidade, para favorecer a consolidación e a estabilización da carreira investigadora dentro da USC e garantir a medio prazo a capacidade e competencia investigadora, é necesario buscar vías para a contratación de persoal investigador e lograr acordos de intercambio recíproco para a captación temporal de investigadores/as, así como a implicación dos grupos de investigación de todas as áreas científicas.

2.4. Campus Vida

Logo de converterse en 2009 en Campus de Excelencia Internacional de ámbito rexional (CEIR), o Campus Vida da USC acadou en 2011 a recualificación como Campus de Excelencia Internacional de referencia global, dándose un paso máis para convertelo nun verdadeiro bioclúster de referencia internacional nos eidos das ciencias da vida.

Nestes anos Campus Vida madurou de maneira exemplar sumando as capacidades de máis de trinta socios en diversos ámbitos, entre eles o Sergas (Instituto de Investigación Sanitaria de Santiago de Compostela, Instituto de Investigación Biomédica de A Coruña y Fundación Biomédica del Complejo Hospitalario Universitario de Vigo), o CSIC, o Laboratorio Ibérico de Nanotecnoloxía en Braga (Portugal) e un nutrido grupo de empresas do sector biotecnolóxico (Advancell, Nanogap, Zeltia o Faes Farma, entre outras).

Outros logros son a xestión de redes de formación, a formación de consorcios público-privados con algunhas das principais farmacéuticas europeas (recentemente creouse a Unidade Mixta USC-Esteve para o descubrimento de novos medicamentos) ou a aprobación pola UE do proxecto Campus Culturae, un ambicioso consorcio internacional para a promoción de desenvolvementos multiculturais que dará un novo pulo á UniverCidade, que recolle o

compromiso da Universidade co crecemento económico e o desenvolvemento sustentable de alí onde se asenta.

No período da memoria o proxecto viuse reforzado no eido da investigación co impulso da Rede de Centros Singulares de Investigación da USC e a súa asociación coa Rede de Centros Biosanitarios do Sergas. A Rede de Centros Singulares de Investigación da USC integra cinco centros especializados en diferentes ámbitos complementarios das ciencias da vida e organizados para garantir o equilibrio produtivo entre excelencia científica e impacto socioeconómico: os centros xa existentes de Química Biolóxica e Materiais Moleculares (CIQUS) e de Medicina Molecular e Enfermidades Crónicas (CIMUS); o de Tecnoloxías da Información (CITIUS) actualmente en construción; e os futuros de Biomedicina Experimental (Cebega) e de Investigacións Físicas.

O enfoque na internacionalización ten situado o Campus Vida nunha posición de liderado na creación de redes comunitarias de excelencia como HIPEAC (European Network of Excellence on High Performance Embedded Architecture and Compilation) ou a EUROFORGEN (European Forensic Genetics Network of Excellence).

As capacidades de innovación e impacto translacional do Campus Vida víronse fortalecidas coa integración dos dous centros de investigación de dous dos grandes hospitais da rede sanitaria galega, os da Coruña e Vigo (INIBIC e IBIV). Ademais, conseguíuse a acreditación do Instituto de Saúde Carlos III para o Instituto de Investigacións Sanitarias (IDIS), onde traballan conxuntamente persoal investigador da USC e do CHUS.

No eido docente, creouse en 2010 a Escola de Doutoramento Internacional en Ciencias Biomédicas e Tecnoloxías da Saúde, a primeira escola destas características do Sistema Universitario Galego, coa misión de organizar estudos de doutoramento nos ámbitos da investigación biolóxica aplicable á saúde; os mecanismos moleculares, celulares e xenéticos da saúde e a enfermidade; a innovación terapéutica, deseño de fármacos e desenvolvemento de medicamentos, a investigación clínica e translacional e a investigación en Ciencias Veterinarias.

Finalmente, recoñecendo que o Campus Vida só será sustentable se conta co mellor capital humano, definiuse un programa específico dirixido á atracción de talento. Froito deste esforzo colectivo acadáronse 4 contratos (Starting Grants) na convocatoria europea do programa IDEAS nos anos 2010 e 2011, aprobouse o proxecto TalentGalia para incorporar persoal investigador sénior ao sistema de I+D galego e convocouse a primeira chamada internacional de contratos predoutorais da Escola de Doutoramento Internacional (sete contratos).



2.5. Campus do Mar

O Campus do Mar, proxecto liderado pola Universidade de Vigo e no cal tamén participan as da Coruña e Santiago, xunto co CSIC, o Instituto Español de Oceanografía e outras catro universidades portuguesas, obtivo en 2010 a cualificación de Campus de Excelencia de ámbito rexional, co obxectivo de xerar investigación de calidade e impacto internacional proporcionando á industria as mellores ferramentas para mellorar a súa competitividade a escala global.

O proxecto abarca cinco grandes áreas de traballo: Investigación; Transferencia; Internacionalización; Docencia e Captación de Talento; e Proxección Social e Cultura Científica.

A área de Investigación comprende catro clústers, arredor dos cales se organizan por áreas de coñecemento os grupos de investigacións das institución que conforman o Campus: o Clúster de Observación do Océano e Cambio Global; o Clúster do Uso Sostible de Recursos (dirixido por un membro do PDI da USC); o Clúster de Xestión Integral da Zona Costeira; e o Clúster de Competitividade, Progreso Tecnolóxico e Xestión Empresarial.

O Campus do Mar define como un dos seus instrumentos centrais no proceso de proceso de transformación en Campus de Excelencia Internacional conseguir a maior calidade na formación de posgrao, tanto en máster como en doutoramento, fomentando ademais a captación de talento mediante a convocatoria de bolsas de máster.

2.6. Transferencia, valorización e emprendemento

Encádranse como transferencia de coñecemento todos aqueles procesos e actividades que a universidade desenvolve para que a investigación levada a cabo nos seus centros e departamentos chegue a ter un impacto económico e social, máis aló do xa recoñecido impacto académico.

Polo tanto, nun senso amplo, constitúen actividades de transferencia as seguintes:

- Todas aquelas que poñen a disposición das empresas, administracións públicas e calquera outro tipo de entidade do seu contorno, as capacidades de investigación da universidade. Entre estas capacidades estarían tanto o persoal investigador coa experiencia e o rigor metodolóxico necesario para desenvolver traballos de investigación, coma os equipamentos e instalacións que permiten desenvolver novo coñecemento por encargo de terceiros. Polo tanto, englobaríase neste apartado toda a investigación contratada tanto por empresas como por outros axentes sociais.
- A maduración e posterior utilización por axentes económicos e sociais, dos resultados de investigación desenvolvidos por iniciativa do propio persoal investigador (non por encargo) e financiados maioritariamente a través de convocatorias públicas competitivas. Este proceso implica, nalgúns áreas e sectores de actividade, a necesidade de protexer os resultados de investigación para favorecer o investimento de terceiros nos necesarios procesos de desenvolvemento que van dende a xeración do resultado de investigación á súa introdución no mercado.
- A investigación desenvolvida de maneira colaborativa con outros axentes económicos e sociais, compartindo a definición de obxectivos, a chegada de recursos e capacidades e tamén, os resultados derivados destas actividades.

No primeiro apartado, INVESTIGACIÓN CONTRATADA, cabe destacar que a USC vén desenvolvendo nos últimos anos actividades deste tipo por un valor medio en torno aos 15 millóns de euros, que se materializan nuns 100 proxectos anuais desenvolvidos para administracións públicas e en torno a 200 para empresas e outro tipo de entidades. As capacidades instrumentais e de instalacións da USC tamén están a disposición do seu contorno a través das actividades coñecidas como servizos técnicos e asesoría, que acadan uns valores medios anuais ao redor dos 3 millóns e medio de euros.

No segundo apartado, TRANSFERENCIA DE RESULTADOS, a USC realiza a través da Área de Valorización, Transferencia e



Emprendemento (AVTE) accións de PROTECCIÓN, VALORIZACIÓN E LICENZA.

No ámbito da protección de resultados, tanto a través de patentes como outras figuras xurídicas, a USC está a realizar un labor destacado no contexto das universidades españolas. De feito, nos últimos anos, cunha media de 30 solicitudes anuais, ocupa posicións entre o 5º e o 7º lugar en número de solicitudes de patente española. Tendo en conta o seu tamaño e perfil de universidade xeneralista (na cal as titulacións técnicas non teñen un peso moi destacado e, por tanto, hai unha menor capacidade teórica de xeración de patentes), esta posición no *ranking* reflicte unha intensa actividade de protección de resultados. De feito a USC aparece na Memoria de 2010 da Oficina Española de Patentes e Marcas como a sétima entidade española que máis patentou nese ano (incluíndo empresas).

No ámbito do licenciamento, aínda sendo os resultados moi modestos (de 1 a 3 licenzas anuais que xeran ingresos en torno aos 100 000 euros), a USC segue obtendo postos destacados no conxunto das universidades españolas (postos 5º a 7º nos informes de RedOtri dos últimos anos).

O factor limitante para poder acadar uns mellores resultados en licenciamento de patentes é o baixo grao de desenvolvemento dos seus resultados de investigación. Esta limitación non é exclusiva da nosa Universidade, senón que constitúe un elemento común e substancial coa natureza da investigación desenvolvida na universidade. Seguindo o exemplo de universidades destacadas a nivel internacional, como Oxford ou Harvard, a USC presta unha especial atención a este aspecto, deseñando un programa propio de maduración de resultados de investigación. Para o desenvolvemento deste programa, denominado Acelerador de Transferencia, a USC

conta coa colaboración da unidade de transferencia de tecnoloxía da Universidade de Oxford (ISIS Innovation).

Ao mesmo tempo a USC concorre de forma sistemática a outros programas que permiten avanzar na maduración de resultados, como poden ser o programa Innocash, o programa de maduración de patentes da Fundación Genoma España ou o programa de inversión en ciencia que recentemente puxo en marcha a Fundación Barrié en Galicia. Neste último a USC recibiu financiación para a obtención de resultados en proxectos relacionados co desenvolvemento de novos mecanismos de control de microorganismos baseados no “Quorum Quenching” e no tratamento do cancro a través de sistemas nanoparticulares de captura de células tumorais circulantes.

Todas estas actividades de valorización fan esperar unha mellora substancial dos resultados en transferencia de resultados nos vindeiros anos e, polo tanto, un maior impacto económico e social da investigación que se leva a cabo nos seus centros e departamentos.

No ámbito da investigación COLABORATIVA ocupa un lugar destacado a participación en consorcios europeos de investigación a través do Programa Marco da Unión Europea. No 6º PM (2002-2006) a USC tiña captado a través destes consorcios en torno aos 3,6 millóns de euros, cantidade que se duplica no 7º PM (2007-2010) ata pasar dos 7,4 millóns de euros.

O fomento do espírito emprendedor e o apoio a creación de empresas constitúen tamén unha prioridade para a USC polo seu impacto en aspectos tan sensibles como a xeración de emprego ou mesmo a posibilidade de autoemprego, e tamén pola forte vinculación que nalgúns casos existe coa actividade de transferencia de coñecemento.

Na súa estrutura organizativa a USC acaba de centralizar as súas actividades de apoio a creación de empresas na Área de Valorización, Transferencia e Emprendemento, dependente da Vice-reitoría de Investigación e Innovación. Dende esta oficina, situada no edificio Emprendia, realízanse e coordínanse actividades en dúas dimensións fundamentais do emprendemento:

- Creación de empresas baseadas en resultados de investigación, de tal xeito que sirvan como instrumentos para facilitar a transferencia de coñecemento e a inserción no mercado laboral do persoal investigador formado na USC.
- Fomento do emprendemento entre o estudiantado para canalizar a súa capacidade de xeración de novas ideas de negocio e a posibilidade de xerar autoemprego.

Na primeira das dimensións cabe destacar que a AVTE coordina o programa Empresa Concepto en que participan tamén as outras dúas universidades galegas e os centros do CSIC en Galicia. A través deste programa, financiado pola Xunta de Galicia, préstaselles apoio aos grupos de investigación para a definición de ideas de negocio



a partir de resultados de investigación e proporciónanse recursos para a elaboración dun plan de empresa e, no seu caso, a constitución e posta en marcha da actividade desta.

No período 2010-2011 o programa Empresa Concepto (EC) mantiña 12 iniciativas en fase de estudo das cales 2 xa se constituíron como empresas nese período. Estas 2 novas empresas proceden de resultados de investigación da USC, unha da area de ciencias sociais e humanidades (Cilenis, relacionada con resultados de investigación xerados en Departamentos da Facultade de Filoloxía) e outra relacionada coas ciencias da vida (Biovia), xurdida no Departamento de Bioloxía Celular e Ecoloxía da facultade de Bioloxía.

A aposta pola creación de empresas como vía de transferencia e interacción da USC co seu medio social reflíctese tamén a través da creación de infraestruturas singulares para este fin. Neste capítulo merece unha mención destacada o edificio Emprendia, no cal dende o ano 2009 se centralizan as actividades de transferencia e emprendemento da USC.

O edificio Emprendia conta con espazos de incubación (18 módulos de 40 m² de espazo tipo oficina e 16 módulos de 50 m² tipo laboratorio) xestionados pola AVTE coa colaboración da Sociedade para a Promoción de Iniciativas Empresarias Innovadoras S.L. (Uninova). Esta é unha sociedade conxunta entre a USC e o Concello de Santiago, e sitúase tamén no edificio Emprendia, proporcionando servizos de formación e asesoramento aos empren-

dedores, así como outra serie de servizos, como poden ser os seguintes:

- Punto de Asesoramento e Inicio de Tramitación: autorizado pola Dirección Xeral de Política da Pequena e Mediana Empresa do Ministerio de Industria, Turismo e Comercio.
- Mobilidade internacional de emprendedores a través do programa ERASMUS for Young Entrepreneurs, que atendeu 53 solicitudes e mobilizou 9 emprendedores no contexto da Unión Europea, ou o programa “Aprendiendo a Emprender”, organizado por RedEmprendia (co patrocinio do Banco de Santander), que mobilizou 2 emprendedores no ámbito iberoamericano.

Uninova forma parte e coordina a rede de incubadoras tecnolóxicas de Galicia, RedIncuba, a través da cal mantén un estreito contacto e colaboración con outras entidades promotoras de novas iniciativas empresariais en Galicia. RedIncuba constituíse formalmente o 16 de novembro de 2011 formando parte da mesma no momento inicial as incubadoras asociadas a: Parque Tecnolóxico de Galicia (Tecnopole), Cidade Tecnolóxica de Vigo (Cietxvi), Consorcio Zona Franca de Vigo (CIE A Granxa), Fundación CEL (Viveiro de Empresas), Concello de Lugo (CEI-NODUS), Fundación Universidade de Vigo (Incuvi), Universidade da Coruña (Viveiro de Empresas) e Concello e Universidade de Santiago (Uninova).

Esta rede de incubadoras xurde dun proxecto conxunto denominado INCUBA.T.NET, que con financiamento do Ministerio de Industria, Turismo e Comercio (Mityc) fixo posible a posta en funcionamento dunha plataforma telemática conxunta de rexistro e atención de emprendedores. Así mesmo durante o ano 2011 no marco deste proxecto leváronse a cabo catro talleres en Ourense, Vigo, Coruña e Santiago sobre a certificación de calidade, o financiamento de empresas de base tecnolóxica e xestión de incubadoras, e a xestión da incubación.

No edificio Emprendia ten tamén a súa sede a sociedade de capital risco Unirisco Galicia, da cal as tres universidades galegas son socias promotoras. Esta entidade contribúe tamén ao desenvolvemento das novas empresas creadas na universidade, achegando financiamento nas etapas críticas de lanzamento da actividade. En moitos casos estas etapas iniciais levan consigo un proceso de maduración de resultados de investigación (valorización) para o que resulta fundamental contar cun socio financeiro que entenda o proceso e asuma o risco deste tipo de actividades.

Na dimensión de promoción do emprendemento entre o estudantado cabe destacar a colaboración entre a AVTE, a Cátedra Bancaja de Mocidade Emprendedora (dirixida dende o Departamento de Economía Financeira e Contabilidade e situada na Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais) e a Cámara de

Comercio de Santiago. A USC, a través destas dúas unidades, e a Cámara de Comercio, co apoio da Fundación INCYDE, comezaron a traballar no ano 2011 na creación dun Punto de Atención Emprendedora, para facilitar a existencia dun punto de atención, con criterios uniformes, aos estudantes da USC, a situar no Campus Norte (Facultade de Económicas), Campus Vida (Edificio Emprendia) e Campus de Lugo (Edificio CACTUS).

A USC participa tamén en proxectos en colaboración con outras entidades, tanto no fomento do emprendemento como na transferencia de resultados de investigación. Neste apartado poden saíntense o proxecto Interreg, Vehículos de Transferencia, en que xunto con socios da Eurorrexión Galicia-Norte de Portugal, como Feuga, a Fundación para o Fomento da Calidade Industrial de Galicia, a Universidade do Minho e o Instituto Politécnico de Viana do Castelo, están a desenvolverse ferramentas e accións formativas que contribúen a explorar novas vías de transferencia de tecnoloxía e emprendemento.

O proxecto Bioemprende, liderado polo BIC Galicia, é outro dos proxectos de colaboración en que a USC ten participado cos axentes do seu contorno, neste caso fomentando e apoiando a creación de empresas na área da biotecnoloxía.

As relacións con axentes do contorno van máis alá da participación en proxectos concretos, xa que, con organizacións como o clúster de Biotecnoloxía de Galicia (Bioga) ou a plataforma tecnolóxica das TIC de Galicia (VINDEIRA), entre outros, se manteñen colaboracións constantes en accións formativas, informativas e organización de diferentes eventos. Como exemplos pódense citar a Vindeira Venture Academy ou a Xornada de *Networking* Empresarial entre Empresas Biotec, celebrados ambos no edificio Emprendia.

A USC trata tamén de estar presente en redes tanto nacionais como internacionais de transferencia de coñecemento e apoio ao emprendemento. Así, a AVTE forma parte de RedOtri de oficinas de transferencia das universidades españolas e da rede PROTON coa mesma función a nivel europeo. Tamén se participa, sen ser membro, nas actividades doutras redes internacionais como a Association of European Science & Technology Transfer Professionals (ASTP) ou a Association of University Technology Managers (AUTM).

Cabe destacar que no ano 2011 RedOtri editou unha publicación con 23 casos de “innovacións universitarias”. Para este traballo esixíase presentar soamente casos de investigación universitaria en que se chegara ao mercado con novos produtos ou servizos. A secretaria de RedOtri seleccionou entre as propostas das universidades españolas unha innovación da USC consistente no desenvolvemento dunha vacina para a colibacilose en leitóns, que foi licenciada a CZ-Veterinaria e que chegou a ser líder de vendas no seu segmento.



A USC forma parte tamén de RedEmprendia, rede de universidades do espazo iberoamericano, que promove a innovación e o emprendemento e que conta co apoio e patrocinio do Banco de Santander. Coas cinco novas universidades incorporadas no 2011, na actualidade RedEmprendia conta con 20 universidades de México, Colombia, Brasil, Chile, Arxentina, Portugal e España. A USC está a participar activamente nos programas de RedEmprendia denominados “Hospedaje” (mobilidade de profesionais da innovación e emprendemento), “Fomento del Emprendimiento Académico” ou o “Aprendiendo a Emprender” (mobilidade de emprendedores), xa anteriormente mencionado e coordinado pola USC-Uninova. A USC participou tamén nos Comités Técnicos de RedEmprendia que dúas veces ao ano fan unha revisión e reprogramación dos proxectos en marcha e de novas iniciativas, o que permite un mellor coñecemento e intercambio de boas prácticas con outros profesionais da Rede.

Por outra banda, tamén constitúe un indicador de calidade das iniciativas empresarias promovidas pola USC o feito de que na publicación da Xunta de Galicia “i.20 Innovación empresarial en Galicia. 20 casos de éxito” estean recollidas 4 empresas xurdidas da USC. Estas empresas son Galchimia, dedicada a prestar servizos a medida de síntese no ámbito da química orgánica que, na actualidade, conta con 25 empregados e clientes de ámbito internacional; Innolact, con orixe na Aula de Produtos Lácteos do Campus de Lugo e cunha tecnoloxía que lle permite fabricar de maneira flexible máis de 30 variedades distintas de queixo; Nanogap, produtora de diversos materiais industriais baseados nos cambios de propiedades da materia ao ser procesada a nivel nanométrico empregando un procedemento

patentado pola USC; e Neoker, que traballa no desenvolvemento dun novo material cerámico de natureza fibrosa que, pola súa alta resistencia e lixeireza, ten aplicación tanto na industria aeroespacial, como na do automóbil, baseado tamén en patentes da USC.

Para finalizar destacamos dous feitos relevantes: 1) segundo un estudo recente da Fundación Barrié, as empresas creadas nos contextos universitarios teñen unha maior taxa de supervivencia, e 2) nas empresas xurdidas da USC nos últimos anos estímase unha creación de emprego que podería roldar os 400 postos de traballo.

2.7. Cátedras propias

A creación de cátedras propias institucionais é unha das vías para desenvolver actividades complementarias no ámbito da docencia e da investigación, e adoita ter unha transcendencia moi importante na proxección exterior da USC. As novas cátedras xeradas no período 2010-2011 foron a Cátedra Inditex de Lingua e Cultura Es-



pañola, creada mediante un acordo subscrito por Inditex, a Universidade de Dhaka (Bangladesh), Universidade da Coruña e a USC, a Cátedra de Hidroloxía Médica, froito do convenio entre a USC e Balnearios de Galicia, e a Cátedra Unesco de Cultura de Paz e Dereitos Humanos, na que a USC coopera coa Organización das Nacións Unidas para a Educación, a Ciencia e a Cultura (Unesco), a Fundación Cultura de Paz e o Seminario Galego de Educación para a Paz (SGEP).

No marco da Cátedra Inditex as universidades galegas aportan profesorado á Universidade de Dhaka para a ensinanza de lingua e cultura españolas. A USC dotou catro prazas en 2011. Esta iniciativa forma parte dos proxectos de investimento e dinamización social de Inditex en todo o mundo. Os cursos impártense nun edificio universitario deseñado e financiado por Inditex, que alberga unha biblioteca de español con fondos bibliográficos subministrados tamén pola empresa textil.

A finalidade da Cátedra de Hidroloxía Médica é fomentar a docencia, investigación e difusión do coñecemento no campo da Hidroloxía Médica. A súa sede está situada na Facultade de Medicina y conta co respaldo da Secretaría Xeral de Turismo. Xunto co Departamento de Farmacoloxía da USC desenvolveuse nos anos 2010 e 2011 o ciclo de conferencias “A balneoterapia como tratamento coadxuvante nos procesos tumorais”.

Pola súa banda, a Cátedra Unesco de Cultura de Paz e Dereitos Humanos propón un sistema integral de actividades de investigación, formación, información e documentación orientadas á difusión da cultura de paz e dos dereitos humanos. No ano 2011 promoveu un encontro de cátedras Unesco de España para intercambiar experiencias e analizar posibles acordos de colaboración cos que facilitar intercambios de profesorado e alumnado entre os diferentes másteres que desenvolven as cátedras.



3. SERVICIOS DE APOIO Á DOCENCIA E A INVESTIGACIÓN

O compromiso coa calidade na docencia non só require actuacións que afecten de xeito directo ao proceso de ensino-aprendizaxe e ás dinámicas da investigación e a transferencia, senón tamén por a disposición dos/as estudantes e do persoal docente e investigador todos os medios necesarios para complementar e apoiar os seus esforzos. Neste sentido, é fundamental garantir a calidade da oferta de servizos de apoio á docencia e a investigación.

3.1. Biblioteca

Constitúe unha unidade funcional concibida como un centro de recursos para a docencia, a investigación, o estudo e a aprendizaxe, así como para todas aquelas actividades relacionadas co funcionamento e a xestión da Universidade. Como servizo básico ten a misión de facilitar o acceso e a difusión dos recursos de información e colaborar nos procesos de creación de coñecemento. No ano 2011 aprobouse o seu novo plan estratéxico, que recolle 3 eixos esenciais: o persoal usuario, a xestión e calidade, e a cooperación, proxección e compromiso social.

A súa estrutura organízase en torno a unha biblioteca xeral en pleno corazón da zona histórica compostelá, unha biblioteca intercentros no campus de Lugo con 4 seccións e 11 bibliotecas de centros.

Os datos de evolución da actividade da biblioteca no bienio 2010-2011 dan conta da elevada eficiencia na xestión deste servizo, pois nun contexto de restricións orzamentarias seguiu a mellorar e ampliar o seu fondo documental, se ben a un ritmo menor que o de anos pasados. Destaca o notable incremento do número de préstamos a terceiros en 2010, así como o esforzo por racionalizar as subscricións a revistas electrónicas eliminando os títulos menos consultados, o que explica en parte o descenso do número de accesos ao texto completo dos artigos nas revistas electrónicas.

A biblioteca desenvolve tamén un programa de formación de usuarios/as, que organizou 104 cursos no ano 2010 e 140 no ano 2011, a que asistiron 3 917 e 4 028 usuarios/as respectivamente.

Un aspecto especialmente importante é o traballo cooperativo desenvolvido pola BUSC no marco do consorcio das bibliotecas universitarias galegas e que redunda nun maior número de coleccións periódicas de acceso electrónico; isto supón un beneficio para as áreas de Ciencias Sociais e Humanidades no intento de equilibrar as diferenzas coas áreas de ciencia e tecnoloxía.



Evolución dos datos de bibliotecas

	2009	2010	2011
Postos de lectura totais	6.710	6.787	6.853
Novos postos de lectura	326	97	38
Total de metros cadrados de bibliotecas universitarias	37.231	37.328	37.366
Metros totais de andeis de libre acceso	29.853	26.959	26.504
Novas monografías	40.096	34.831	23.815
Total de monografías	1.220.805	1.307.049	1.330.864
Orzamento	3.736.000 €	3.142.960 €	2.353.000 €
Investimento total en fondos bibliográficos	3.561.770 €	3.141.265 €	2.633.494 €
Número de revistas vivas en papel	6.187	6.152	6.156
Número de préstamos a terceiros	347.147	333.421	376.098
Número de revistas electrónicas (títulos tempo completo)	19.677	18.846	17.791
Número de accesos ao texto completo de artigos	537.395	527.210	475.975

No ámbito social e, como en anos anteriores, participou na Olimpíada Solidaria de Estudo, coordinada desde o Servizo de Participación e Integración Universitaria e dedicada en 2010 e 2011 a obter financiamento para a reconstrucción da escola “ La Saline” e o apoio ás 4 escolas de “Mains Ouvertes” de Haití, que se viron afectadas polo terremoto en 2010. No 2010 a USC foi a entidade do Estado que máis diñeiro recadou conseguindo un total de 19 850 €.

3.2. Arquivo Histórico

É unha unidade funcional de apoio á investigación e á docencia. Está constituído pola documentación administrativa e académica xerada pola Universidade ao longo da súa historia, así como polos fondos documentais non universitarios adquiridos, doados ou confiados en depósito á Universidade. Ten como función reunir, conservar, ordenar, clasificar, catalogar e facilitar a consulta e utilización da documentación mediante os medios técnicos á súa disposición.

No Arquivo Histórico Universitario incrementáronse tanto os fondos (ata alcanzar as 2 762 553 unidades entre mazos de papeis, libros, pergameos, mapas, DVD, etc.) como as consultas realizadas por persoal investigador, cun aumento espectacular nos anos 2009 e 2010 (257 698 consultas en 2010).

3.3. Servizo de Publicacións e Intercambio Científico

Ten como funcións editar, distribuír e intercambiar libros e teses de doutoramento, resultado da investigación do profesorado da Universidade, e revistas científicas de diversas áreas do coñecemento. Foi o ano 2010 o de maior actividade dos últimos, con 149 teses, 25 revistas e 49 monografías publicadas.

No ano 2010 inaugurouse cunha primeira publicación o catálogo de USC Editora, denominación comercial do selo editorial da USC creado en 2009, presentouse o primeiro libro dixital (*e-book*), colocouse parte do catálogo na plataforma Todoebook.com e materializouse a integración na plataforma editorial galega [MeuBook](http://MeuBook.com) coa sinatura dun contrato de distribución comercial de *e-books* baixo demanda. En 2011 inaugurouse o propio espazo *e-book* da USC, a librería dixital da institución académica compostelá, que recolle novidades dos anos 2009, 2010 e 2011 en formatos pdf e epub, descargables para monitores, *e-readers* e móbiles e co denominado DRM Social.

Deste xeito, a USC mantén na actualidade posicións de vangarda no terreo da edición dixital coa incorporación das novas potencialidades tecnolóxicas ao seu servizo editorial.

3.4. Servizos relacionados coas TIC

Case dez millóns de visitas anuais á *web* institucional durante o ano 2011 (a *web* da USC é a quinta *web* galega en todos os ámbitos por número de accesos rexistrados e a segunda universitaria a nivel nacional por número de páxinas indexadas en Google) dan idea da visibilidade na USC no ámbito das tecnoloxías da información e da comunicación (TIC), destacando que se produciron visitas dende 195 países diferentes. Máis de 190.000 mensaxes SMS personalizadas enviadas aos universitarios; máis do 90% do estudantado matriculado pola Internet; ou máis de 30.000 usuarios/as da rede sen fíos, son outros indicadores que poñen de manifesto o labor desenvolvido na institución académica compostelá a prol do desenvolvemento das TIC.

En relación coas infraestruturas e dotacións de aulas de informática, mantivéronse as cifras dos anos anteriores (94 aulas de informática nos seus 27 centros, en que se atopan máis de 2.100 ordenadores), mentres que mellorouse a infraestruturas da rede sen fíos e se multiplicou por dous o número de usuarios/as rexistrados/as (de 16.927 en 2009 a 32.818 en 2011).

A USC fixo un grande esforzo para pór en marcha novos servizos de administración electrónica que facilitan e fomentan entre o alumnado a xestión dos seus trámites máis comúns, cun especial impulso á matrícula electrónica, que alcanzou as 29.277 persoas matriculadas de xeito electrónico en 2011. Asemade, promoveu outros servizos electrónicos, coma a posibilidade de cubrir pola Internet as enquisas de satisfacción do alumnado coa docencia recibida.

Durante estes anos estendeuse tamén o sistema de información a través da telefonía móbil e incrementáronse as informacións recibidas polos/as estudantes, con 27.308 usuarios/as adscritos/as ao servizo de envíos SMS e 211.664 notificacións sobre cualificacións enviadas por esta vía.

No ano 2010 estreouse a votación electrónica nas eleccións de representantes nos consellos de departamento e, a partir de entón, todos os procesos electorais celebrados na USC se fixeron exclusivamente por esta vía.

Finalmente, cabe destacar que no ano 2011 asinouse un convenio marco con Coremain para a promoción e impulso do uso das tecnoloxías da información no ámbito docente e investigador, e outro co Concello de Santiago polo cal a comunidade universitaria poderá acceder á rede da USC dende diversos parques e espazos públicos da cidade unha vez se poña en marcha a futura rede sen fíos municipal.

3.5. Servizo de Normalización Lingüística

Ten o cometido de dotar de soporte técnico o proceso de extensión do uso da lingua galega na universidade, no marco da política lingüística que se defina nos plans de actuación aprobados polo Claustro.

A Área de Asesoramento ten como tarefas principais a corrección, o asesoramento puntual e a tradución de documentos. Cada vez máis hai unha implicación maior en labores de formación, pois enténdense que o asesoramento lingüístico e a función formativa van da man ou son as dúas caras dunha mesma moeda. A Área de Formación encárgase da organización de cursos relacionados coa lingua dirixidos a diferentes membros da comunidade universitaria. A Área de Dinamización ten como obxectivo favorecer a aparición e consolidación de actitudes favorables cara ao galego, así como apoiar a extensión do uso do galego mediante actividades de promoción. Finalmente, a Área de Terminoloxía traballa tanto na elaboración de terminoloxía, ben en forma de léxicos e vocabularios, ben resolvendo dúbidas e consultas puntuais, como na compilación e difusión dos produtos xa elaborados. No ano 2011 creouse un servizo de asesoramento para lograr presentacións eficientes e de calidade.

En colaboración coa Oficina de *Software* Libre e a Escola Técnica Superior de Enxeñaría organízase o ETSE *Open* de SL / Fiadeiro de Localización de *Software* Libre, que busca a promoción da lingua galega ligada ao impulso na utilización do *software* libre na USC, tentando cumprir así varios obxectivos recollidos tanto no Plan de normalización lingüística como no Plan estratéxico das TIC. E xunto con 15 centros de Santiago e Lugo organiza os Premios á Calidade e á Excelencia Lingüística, dirixidos ao alumnado que realice en galego os seus traballos académicos, os proxectos de fin de carreira ou os traballos de fin de grao.

3.6. Universia.

Universia é unha das iniciativas do Banco Santander na súa estratexia de apoio á educación superior. Creouse en xullo de 2000 co apoio de 35 universidades españolas, e no 2011 aglutinaba 1.232 universidades de 23 países de Iberoamérica, consolidándose como a maior rede universitaria do mundo. No noso país, Universia España é un portal universitario que subministra servizos e contidos de utilidade para os distintos grupos que compoñen a comunidade universitaria, e que non poden encontrarse de igual forma recollidos e estruturados en ningún outro sitio, sobre bolsas, cursos, titulacións, bibliotecas, emprego, etc.

Unha das claves do seu éxito radica na súa contribución para conectar o ámbito universitario co resto da sociedade, atendendo non só a necesidades de formación, senón tamén a outras importantes demandas como o primeiro emprego, a relación universidade-empresa, as redes sociais ou o ocio responsable.

En maio de 2010 celebrouse o II Encontro de Reitores de Universia, que reuniu a 1.057 universidades de 33 países na cidade de Guadalajara, México, entre elas a USC, baixo o lema “Por un Espazo Iberoamericano do Coñecemento Socialmente Responsable”.

En 2011 Universia impulsou un Plan Director trianual que pretende acercar máis a universidade á empresa, con catro liñas estratéxicas:

- Coñecemento; como motor de progreso,
- Colaboración; entre todos os axentes implicados na educación superior;
- Emprego; incorporando talento ao mercado;
- Futuro; identificando aos universitarios como núcleo desde o que parte a innovación.

CAPÍTULO 4

COMO SOMOS? RESPONSABILIDADE SOCIAL



O compromiso social que a USC atesoura fai dela unha universidade implicada co desenvolvemento económico e social do seu contorno máis próximo e preocupada polos problemas de carácter global que afectan ás sociedades de todo o mundo. O logro dun desenvolvemento sostible e a asunción e formalización da súa responsabilidade social son obxectivos inherentes á misión da USC na sociedade e que afectan tanto a súa xestión interna como a súa relación cos diversos grupos de interese do seu medio.

O compromiso social da USC canalízase non só a través da extensión universitaria (cultura e deporte), senón tamén na súa procura da calidade na docencia, a investigación e os servizos, o apoio (económico e formativo) ao seu estudiantado e a preocu-

pación pola mellora das súas competencias con formación complementaria, a facilitación da inserción laboral dos/as titulados/as, o fomento da participación e integración universitaria (voluntariado, integración, promoción social), o plan de desenvolvemento sostible e as políticas internas de responsabilidade social (igualdade, conciliación, transparencia e bo goberno). Cada un destes programas ten xerado un elevado impacto na comunidade universitaria e no conxunto da sociedade.



1. ESTUDANTES

Os/as estudantes son a nosa razón de ser. Nun contexto de descenso poboacional, en que competimos con outras institucións educativas na captación de alumnado, temos que potenciar iniciativas, como o programa A Ponte, que nos permitan amosar ao noso potencial futuro estudantado a nosa capacidade para formar profesionais plenamente preparados para afrontar as actuais esixencias do mercado laboral. Temos tamén a responsabilidade de articular ou colaborar con outros organismos na creación de mecanismos que posibiliten que as familias con menos recursos e as persoas de maior talento poidan acceder aos estudos universitarios, así como brindar apoio no proceso de ensino-aprendizaxe ao estudantado que o precisa, tanto a través de titorías como proporcionando orientación, especialmente necesaria ante os cambios que ten suposto a adaptación ao EEES. No ano 2011 a USC publicou unha guía práctica para o estudantado en materia de permanencia, avaliación do rendemento académico e plans de estudo en extinción.

Neste proceso de ensino-aprendizaxe, ademais, temos, xunto co noso profesorado, o compromiso de aplicar as mellores técnicas e metodoloxías para acadar os mellores resultados, fomentando de xeito especial a innovación na docencia a través das novas tecnoloxías, e de promover unha maior participación do alumnado na formación, tal e como se recolle no novo Estatuto do Estudantado.

Resulta tamén esencial garantir a integración e igualdade de oportunidades de toda a persoa que queira formarse na USC. O papel do Servizo de Participación e Integración Universitaria é clave neste eido, como tamén o é na implicación da comunidade universitaria en actividades de voluntariado.

Ademais, a USC tenta facilitar e mellorar as condicións de estudo e traballo da comunidade universitaria mediante a oferta do seu Servizo Universitario de Residencias, a rede de cafetarías e comedores e a xestión de axudas para o estudo e para a mobilidade urbana.

E, finalmente, na USC non só pretendemos proporcionar ao noso estudantado coñecementos, competencias e capacidades para competir no mercado de traballo, senón tamén fomentar os valores de cidadanía e responsabilidade para que os apliquen tanto no plano profesional coma no eido vital.

1.1. Programa A Ponte entre o Ensino Medio e a USC

O obxectivo deste programa é informar os/as estudantes do ensino medio sobre o acceso á universidade, proporcionándolles orientación e información, aclarándolles as dúbidas que poidan ter acerca do que estudar e con que axudas poden contar, para que deste xeito poidan facer unha elección responsable dos estudos universitarios. O peso fundamental do programa recae sobre as charlas de presentación impartidas nos propios centros de ensino medio, en que, na edición do curso 2009-10, participaron

11.221 estudantes e, na de 2010-11, 11.000. Impartíronse en máis de 170 centros.

O programa establece tamén o desenvolvemento na USC da xornada Encontros do Ensino Medio e a USC: Adiante, no cal no ano 2009-10 abriron as súas portas ao estudantado de ensino medio 39 centros da USC, e 36 no 2010-11, coa asistencia de

1.745 e 1.513 estudantes respectivamente.

Neste bienio 2010-2011 incrementouse significativamente a actividade no ámbito das xuntanzas coas áreas de dirección e orientación dos centros de ensino medio de Galicia, ata pasar de 169 centros representados nelas, no ano 2008-09, a 240 en 2009-10 e 213 en 2010-11.

1.2. Bolsas

A USC colabora na xestión das axudas ao estudo do Ministerio de Educación e oferta axudas propias para cursar estudos de posgrao e terceiro ciclo.

1.2.1. Bolsas para estudos de 1º e 2º ciclo do Ministerio de Educación

En termos absolutos, nos cursos 2009-10 e 2010-11 incrementouse o número de bolsas solicitadas e concedidas, aínda que cunha lixeira redución da porcentaxe de bolsas concedidas sobre as solicitadas. Tamén subiu a contía total das bolsas.

Bolsas para estudos de 1º e 2º ciclo do Ministerio de Educación

Curso	Bolsas solicitadas	Bolsas concedidas	Contías totais (miles de euros)
2008-09	9.584	6.610	24.336,43
2009-10	10.588	6.610	23.827,36
2010-11	10.640	6.865	25.409,83

Por tipo de axuda, cómpre subliñar o aumento, sobre o curso 2008-09, do número de axudas en todos os módulos a excepción do de residencia.

1.2.2. Bolsas e axudas propias da USC

A USC ofertou axudas propias para promover a formación de doutores/as mediante o pagamento da matrícula de terceiro ciclo e axudas para contratos, así como para potenciar a consolidación de grupos de investigación competitivos, pero véndose obrigada a reducir o esforzo de convocatorias anteriores.

Bolsas de pagamento de matrícula de 3º ciclo concedidas pola USC

Curso	Nº de bolsas concedidas	Importe (euros)
2008-09	70	44.593,09
2009-10	25	11.973,65
2010-11	4	2.408,99

En 2010 e 2011 convocáronse bolsas de posgrao no estranxeiro para a realización de másteres, doutoramentos e estadias de investigación, e o Consello Social distribuíu, no ano 2011, 126 bolsas do Ministerio de Educación para que estudantes de últimos cursos se iniciasen na investigación.

Destacan tamén as iniciativas propias dalgúns títulos oficiais, como as bolsas AISTI para o Máster en liña en Sociedade da Información e do Coñecemento.

Finalmente, a normativa xeral establece unha serie de exencións de pagamento da matrícula nos títulos oficiais para integrantes de familia numerosa, persoas con discapacidade (cun grao de discapacidade igual ou superior ao 33%) e vítimas de actos terroristas e de violencia de xénero.

1.3. Apoio titorial extraordinario

O apoio ao alumnado no proceso de ensino-aprendizaxe considera tamén a articulación dun apoio titorial extraordinario para aqueles/as alumnos/as que están a piques de rematar a carreira e atopan problemas para superar algunhas materias. O programa, dirixido aos/ás alumnos/as que teñan superado o 80% dos créditos troncais e obrigatorios necesarios para titularse, no caso de plans renovados, ou polo menos 20 materias obrigatorias, no caso de plans sen renovar, ten como finalidade proporcionarlles as pautas necesarias para a evolución satisfactoria da aprendizaxe. No curso 2010-11 solicitaron este programa 192 estudantes, dos/as cales 46 aprobaron na convocatoria de fin de carreira e 91, na ordinaria.



1.4. Innovación na docencia. TIC

O impulso da innovación docente establece o fomento da utilización do campus virtual da USC e da participación en proxectos de innovación educativa e nas convocatorias anuais de innovación docente. Ademais, a USC comezou un proxecto de edición de materiais docentes de calidade para o alumnado baixo o cal o persoal docente elabora unidades didácticas que pon a disposición dos/as alumnos/as. Así, por exemplo, no ano 2011 persoal docente do campus de Lugo elaborou 24 unidades didácticas.

Outras iniciativas destacables son o fomento do uso do inglés nas aulas, por exemplo nos másteres oficiais da Escola Técnica Superior de Enxeñaría en Santiago ou na Facultade de Administración e Dirección de Empresas do campus de Lugo, ou a utilización de novos recursos ou espazos didácticos, como a Unidade de Simulación inaugurada en 2010 na Escola de Enfermaría, única nas universidades galegas.

Por outra banda, nestes cursos seguiu a utilizarse o campus virtual (xa no curso 2007--08 todas as titulacións oficiais de primeiro e segundo ciclo da USC estaban presentes nel) como un recurso didáctico esencial para o desenvolvemento da docencia. No 2011 iniciáronse os traballos de evolución do campus virtual da USC cara a unha plataforma exclusivamente baseada en software libre.

1.5. Integración e igualdade de oportunidades

O respecto e atención á diversidade e o desenvolvemento de políticas activas de incorporación e integración de estudantes con necesidades especiais son dous principios e liñas de actuación da USC. Do mesmo xeito, é o noso deber contribuír a lograr unha sociedade máis xusta e equitativa, ámbito en que se levan a cabo diversas iniciativas de sensibilización dirixidas aos membros da comunidade universitaria e á sociedade en xeral.

Ademais da actividade do Servizo de Participación e Integración Universitaria (SEPIU), debemos destacar o papel do Campus Inclusivo, proxecto en que a USC colabora coa Fundación ONCE e Repsol, destinado a crear un espazo de intercambio de experiencias mediante o desenvolvemento de actividades académicas, deportivas e culturais que permita coñecer as posibilidades que a USC ofrece ao estudiantado con necesidades educativas especiais.

1.5.1. Integración de estudantes con necesidades especiais

Para completar as actividades de integración e normalizar a situación das persoas con necesidades educativas específicas, a USC vén contratando asistentes persoais para o alumnado con altas dependencias. Durante o bienio 2010-2011 un total de 29 estudantes recibiron apoio por parte do SEPIU, ben a través da contratación de asistentes persoais ou intérpretes de lingua de signos ben a través de apoios técnicos personalizados, e incrementouse notablemente o número de estudantes atendidos/as de xeito específico por este servizo.

Dentro do Servizo Universitario de Residencias da USC, ocupáronse as 27 prazas reservadas para estudantes que presentan algunha discapacidade.

No 2011, a USC adaptou tamén tres postos de traballo e consulta na biblioteca Concepción Arenal para persoas discapacitadas.

1.5.2. Axudas para a utilización dos servizos do SUR

As prazas de estudantes do SUR están subvencionadas en función da renda dispoñible do/a solicitante de acordo a cinco niveis. Para as rendas que exceden unha determinada contía, os prezos destas prazas son sen subvención. No período 2010-11 o número total de beneficiarios/as ascendeu a 937 persoas e o importe total subvencionado, a 1.448.217 €.

Prazas ocupadas e prazas subvencionadas no SUR

	2008-09	2009-10	2010-11
Número de prazas ocupadas no SUR	1.173	1.083	1.107
Número de prazas subvencionadas no SUR	1.055	906	937
Importe total das subvencións de prazas no SUR	1.574.487 €	1.213.119 €	1.448.217 €

1.6. Inserción laboral

Para contribuír á inserción laboral dos/as estudantes e titulados/as a USC conta cun servizo de orientación personalizado xestionado a través dos Servizos de Apoio ao Emprendemento e ao Emprego (SAEE), que comprenden dúas áreas: a Área de Autoemprego, dedicada á difusión e fomento da cultura emprendedora na comunidade universitaria, e a Área de Orientación Laboral, que presta diversos servizos encamiñados a facilitar apoio na inserción dos seus usuarios/as no mercado laboral. Por outra banda, a USC oferta diversas materias de libre configuración para capacitar o alumnado e fomentar a súa empregabilidade.

A Universidade tamén debe favorecer a posta en contacto directo do alumnado co mercado laboral, promovendo as prácticas profesionais e reforzando os programas de orientación profesional e inserción laboral.

No ano 2011 constituíuse na USC a Rede de Técnicos de Inserción Laboral de Lugo, formada polo persoal técnico dos servizos de emprego de ASFEM-AFAMMER, Cáritas Diocesana de Lugo, Cogami, Cruz Vermella, Down Lugo, FADEMGGA, FAXPG, FEAFES Galicia, a Fundación Secretariado Xitano e a Área de Orientación e Inserción Laboral do Campus de Lugo. Trátase dun foro de encontro, discusión e traballo entre entidades do terceiro sector, en coordinación coa USC, para afondar no coñecemento mutuo de estratexias, modelos e formas de actuación que permitan mellorar o seu labor e acadar un maior grao de eficacia.

1.6.1. Orientación laboral

A Área de Orientación Laboral (AOL) proporciona os recursos precisos para que o estudantado e os/as titulados/as poidan comezar a súa actividade profesional. Os principais obxectivos desta área son prestar ao estudantado da USC asesoramento, apoio e formación para a busca eficaz de emprego, e colaborar no achegamento entre os mundos universitario e empresarial.



No bienio 2010-2011, no campus de Santiago incrementáronse de xeito notable as entrevistas de orientación realizadas (1.440 entre febreiro de 2010 e xaneiro de 2011) e o número de asistentes as accións formativas (567 asistentes en 40 accións no período sinalado), e colaborouse na celebración do Foro de Emprego para alumnado de Física, Matemáticas e Informática e o Foro de Empresas para Enxeñaría informática.

1.6.2. Fomento do autoemprego

A Área de Autoemprego ofrece un servizo integral a todos os membros da comunidade universitaria que teñan algunha inqueda relacionada co autoemprego e a creación de empresas. No curso 2009-10 incrementáronse no campus de Santiago as actuacións de fomento de autoemprego; pasaron de 141 en 2008-09 a 215, se ben se mantivo o número de beneficiarios/as delas (arredor de 150). Polo contrario, o número de beneficiarios das actuacións de sensibilización e difusión alcanzou os 4.067 e 3.373 respectivamente. No campus de Lugo desenvolvéronse 450 actuacións de fomento do autoemprego, 35 de difusión e 23 de sensibilización, que chegaron a máis de 2.800 beneficiarios/as.

1.6.3. Prácticas en empresas e institucións

As prácticas permiten ao alumnado un primeiro contacto co mundo laboral e coa realidade empresarial. A USC fomenta os programas de prácticas para os/as seus/súas estudantes e titulados/as a través do Consello Social da Universidade, a Fundación Empresa-Universidade Galega (Feuga) e o programa Europrácticum. Por outra banda, as titulacións oficiais e os programas oficiais de posgrao e



proprios ofertan a posibilidade da realización de prácticas aos/ás estudantes.

No curso 2010-11 o Consello Social xestionou prácticas para 946 estudantes (máis do 73% mulleres), que validaron un total de 8 514 créditos, e realizaron prácticas promovidas por Feuga 309 titulados/as (o 67% mulleres) e 52 estudantes.

Prácticas en empresas xestionadas polo Consello Social

	2008-09	2009-10	2010-11
Nº de estudantes que realizaron prácticas en empresas	1.133	892	946
% de mulleres	72,46	73,99	73,57
Número de créditos validados	11.512,5	8.683	8.514

Prácticas en empresas xestionadas por Feuga

	Titulados/as		Estudantes	
	Total	% de mulleres	Total	% de mulleres
2008-09	287	71,4	54	77,8
2009-10	251	72,9	58	63,8
2010-11	309	67,0	52	67,3

O programa Europrácticum, xestionado pola Vicerreitoría de Coordinación e Planificación do Campus de Lugo, segue a ter unha alta demanda e cabe salientar o crecemento do número de titulados/as inscritos/as e aptos/as para o proceso de selección, aínda que o número de bolsas concedidas viuse reducido.

	Europrácticum III Novembro 2006- maio 2008	Europrácticum IV Novembro 2008- maio 2010	Europrácticum V Xullo 2010-maio 2012
Número de inscritos/as	283	374	482
Número de aptos/as	117	271	355
Número de bolseiros/as	42	51	34

1.7. Aloxamento, comedores e transporte

Nos cursos 2009-10 e 2010-11 ofertáronse 1.110 (ocupáronse 1.083 e 1 107 prazas respectivamente) no Servizo Universitario de Residencias, das cales 27 se reservaron para membros da comunidade universitaria con algún tipo de discapacidade

Na USC existe ademais un total de 25 comedores e cafeterías universitarias repartidas entre os campus de Santiago e Lugo, con prezos taxados, e subvenciónase unha parte do prezo do billete do transporte urbano ao alumnado da Universidade, cunha dotación orzamentaria de 24.000 euros no ano 2010-11.





2. XESTIÓN DO CAPITAL HUMANO

A USC trata de ofrecer ao seu persoal un axeitado medio de traballo en que atopen á súa disposición todos os medios e recursos necesarios para desenvolver as súas tarefas baixo criterios de calidade, eficiencia e eficacia e con garantías de seguridade e saúde. Ademais, a USC mantén un claro compromiso coa formación e capacitación do seu persoal, que non só persegue a mellora das competencias e aptitudes para o desempeño do seu traballo senón tamén o seu propio enriquecemento e desenvolvemento persoal.

A USC preocúpase do mesmo xeito en ofrecer diversos beneficios sociais aos seus traballadores/as, garantir a xustiza e equidade nos procesos de selección e promoción do persoal e facer efectivo o seu dereito á información e á participación nas decisións de goberno, mantendo un diálogo permanente coas súas representacións sindicais.

Todas estas premisas condicionaron en gran medida as políticas de recursos humanos durante o bienio 2010-2011, tratando de acadar os obxectivos mencionados anteriormente e a satisfacción do noso cadro de persoal.

2.1. Formación

A USC ten establecido un programa de formación para o PDI e un programa de accións formativas para o PAS, co obxectivo de promover o seu desenvolvemento profesional, mellorando as súas competencias para desempeñar satisfactoriamente o seu traballo e adquirindo novas competencias.

Nos anos 2010 e 2011 impartíronse 69 e 107 cursos respectivamente dirixidos ao PAS, con 979 e 1.371 asistentes (no ano 2009 foron 56 cursos e 841 asistentes). Estes cursos complementáanse habitualmente con cursos adicionais dentro do marco do acordo de promoción do PAS. O maior número de cursos ofertouse na área operativa (cursos sobre lingua galega, economía, lexislación, informática, lingua estranxeira, bibliotecas, xestión académica, calidade, novas tecnoloxías, infraestruturas ou urbanismo e mantemento).

2.2. Igualdade

O compromiso da USC co fomento da igualdade, a paridade entre sexos e a non discriminación formalizouse no seu Plan estratéxico de igualdade de oportunidades entre mulleres e homes 2009-2011, cuxos resultados están a ser avaliados neste momento e serán di-



fundidos entre a comunidade universitaria. No bienio 2010-2011, no marco do Plan a Oficina de Igualdade de Xénero promoveu diversas actuacións para a incorporación da perspectiva de xénero na formación complementaria do persoal e o estudiantado, tanto con cursos de formación coma con actividades diversas (exposicións, ciclos de cine). No ano 2010 convocouse na USC o I Premio á introdución da perspectiva de xénero na docencia e na investigación, e repetiuse a convocatoria en 2011. No ano 2011 o Centro Interdisciplinario de Investigacións Feministas e de Estudos de Xénero (CIFEX) recibiu unha mención honorífica en recoñecemento da súa traxectoria investigadora e do seu carácter pioneiro na docencia en temas de xénero. Tamén no 2011 a OIX publicou a *Guía de criterios de linguaxe non sexista*, en colaboración co Servizo de Normalización Lingüística.

No marco da conciliación da vida laboral coa persoal e familiar, a USC desenvolve un labor primordial a través da Escola Infantil Breogán. Nos anos 2010 e 2011 ofertáronse 92 e 94 prazas na escola e 67 e 57 prazas no comedor.

Evolución das prazas na Escola Infantil Breogán

	2008-09	2009-10	2010-11
Número de prazas da escola	97	92	94
Número de prazas do comedor	55	67	57

No 2011 formalizáronse tamén as axudas para a escolarización dos nenos de 0 a 3 anos no Campus de Lugo (“cheque-bebé”) que achegan ao persoal da USC unha axuda económica para custear as gardarías ou escolas infantís da cidade.

Por outra banda, nos anos 2010 e 2011 a USC desenvolveu novamente en Santiago o Verán CampUSC, campamento de verán orientado aos fillos e fillas de entre 3 e 12 anos de membros da comunidade universitaria, de asistentes a cursos de verán da insti-

tución, persoal da Fundación USC Deportiva e, subsidiariamente, ao público en xeral. O programa está concibido como unha actividade de carácter deportivo, cultural, socioeducativo e de lecer, para permitir a pais e nais traballadores da USC conciliar a vida laboral e familiar no período de verán. En Lugo, os membros da comunidade universitaria beneficianse de descontos oficiais no campamento urbano polideportivo Lumieira CUP 11 para nenos e nenas de entre 6 e 12 anos, grazas ao convenio coa asociación A.D.C. Lumieira Lugo.

2.3. Selección e promoción, compensación e beneficios sociais

Os procesos selectivos e de promoción levados a cabo na USC son rigorosos e transparentes, e no caso do persoal laboral e contratado participa un representante do persoal.

Ademais, a USC vela pola equidade e transparencia das compensacións e os beneficios sociais do seu persoal, polo cal non existe discriminación salarial por razón de sexo e son idénticos os salarios de homes e mulleres para unha mesma categoría profesional.

A preocupación da USC polo seu persoal maniféstase na ampla variedade de beneficios sociais que pon á súa disposición e que son altamente apreciados. Estes beneficios, que superan os establecidos pola lexislación, comprenden os anticipos reintegrables, as dotacións a plans de pensións, axudas financeiras por incapacidade ou para a formación, o servizo de gardarías, etc. Ademais, o PAS conta con programas específicos como o intercambio de vacacións ou unha póliza de seguro de vida. No ano 2010 a USC aprobou, ademais, un amplo programa de prestacións sociais para o PDI e o PAS xubilado da USC.

O crecemento anual medio da dotación ao plan de pensións no período da memoria foi do 19% aproximadamente.

Evolución das dotacións ao plan de pensións

	2009	2010	2011
Importe	230.149,44 €	266.885,85 €	326.815,82 €

O programa de intercambio de vacacións do PAS goza dunha ampla acollida entre o noso persoal, cubrindo case a totalidade das prazas ofertadas noutras universidades (no 2011, ocupáronse 554 das 560 prazas ofertadas).

Por outra banda, reduciuse o custo da póliza de seguro de vida do PAS.



Evolución da póliza de vida

	2009	2010	2011
Custo para a USC	150.486,03 €	192.401,18 €	127.259,18 €

2.4. Seguridade e saúde

No ano 2011 modificouse a política de prevención de riscos da USC asentándoa en catro principios básicos: o valor das persoas como eixe central, a integración da xestión preventiva na actividade cotiá, a participación e a consideración da prevención como requisito imprescindible para acadar a calidade na actividade académica. Actualizouse tamén o Plan de prevención de riscos laborais

Os procesos do Servizo de Prevención de Riscos están certificados segundo a norma UNE-EN-ISO 14001. Por outra banda, os colexios maiores, as residencias universitarias, a Escola Infantil Breogán e o Instituto de Cerámica teñen implantado un sistema de xestión da saúde e seguridade no traballo certificado de acordo coa norma OHSAS 18001.

2.4.1. Seguridade no traballo

No bienio 2010-2011 desenvolvéronse 3 novas avaliacións iniciais de risco, 40 actualizacións de avaliacións iniciais e un total de 30 avaliacións específicas nas áreas de Hixiene, Ergonomía e Psicosocioloxía.

Evolución da actividade preventiva xeral en cifras

	2009	2010	2011
Número de avaliacións de risco sometidas a consulta do CSS*			
Avaliacións iniciais de risco	5	2	1
Actualizacións das avaliacións iniciais de risco	13	18	22
Número de avaliacións específicas por área			
Área de Hixiene	8	4	7
Área de Ergonomía	12	5	3
Área de Psicosocioloxía	7	3	8

* CSS: Comité de Seguridade e Saúde

Na USC analízanse e compróbanse os equipos que se utilizan nos postos de traballo para identificar posibles características non conformes coa normativa de aplicación, adoptar as medidas correctoras que procedan, verificar a súa implantación e emitir o certificado de conformidade. No bienio 2010-2011 realizouse a posta en conformidade de 244 equipos de traballo situados en diferentes centros e servizos.

Coa finalidade de acadar un alto nivel de protección e seguridade e evitar situacións de emerxencia ou minimizar as súas consecuencias, nos anos 2010 e 2011 implantáronse novos plans de autoprotección en 3 centros e actualizáronse os de 37 centros.

Ademais, a USC trata de consolidar unha cultura de prevención mediante a formación, deenvolvendo diversas accións formativas en prevención de riscos e equipos de emerxencia. Na formación en prevención de riscos, tras o descenso que se experimentou no bienio 2008-2009, nos anos 2010 e 2011 incrementouse o número de horas de formación impartidas. Na formación en equipos de emerxencia produciuse unha lixeira redución da actividade no ano 2010 que se acusou con máis forza no 2011.

A USC conta tamén cun Servizo de Protección Radiolóxica e cun Protocolo de Prevención e Resolución de Procesos de Acoso Psicolóxico nas Relacións Laborais.

2.4.2. Servizo de Vixilancia da Saúde

No Servizo de Vixilancia da Saúde realízanse recoñecementos preventivos a todo o persoal da Universidade, de carácter periódico e personalizado, previo á contratación, a petición da persoa interesada ou a petición de terceiros.

No período 2010-2011 incrementáronse dun xeito notable os recoñecementos periódicos ordinarios (523 en 2010 e 476 en 2011) e os recoñecementos iniciais por incorporación de novos/as traba-

lladores/as, fronte ás reducións, tamén significativas nos recoñecementos realizados a petición propia ou de terceiros.

No seu labor, o Servizo de Vixilancia da Saúde da Universidade continúa a ter a colaboración de estudantes en prácticas en períodos de tres semanas.

No marco desta cultura de prevención, ademais da actividade anterior, leváronse a cabo varias campañas de diagnóstico precoz de enfermidades, así como distintas campañas de vacinación que se estenderon a boa parte do persoal da USC, aínda que con menos vacinacións que en anos anteriores.

As prácticas preventivas realizadas na universidade tradúcense nun número reducido de accidentes laborais. Non obstante, no ano 2010 producíronse 14 accidentes “in itinere” e 11 no centro de traballo, polo cal se elevou o número de días de baixa por sinistralidade a 1 486, mentres que no ano 2011 se reduciu a 259.

2.5. Representación sindical

No ano 2011 destaca a sinatura do II Convenio Colectivo para o PDI das universidades galegas, que regula as relacións laborais tanto do PDI laboral, como do persoal investigador contratado e do persoal investigador en formación contratado en réxime laboral, e que por vez primeira, acolle os investigadores contratados polas convocatorias Parga Pondal, María Barbeito e Ramón y Cajal, así como os contratos predoutorais das universidades.

3. GARANTÍA DE CALIDADE

O compromiso coa calidade na USC esténdese a todos os seus ámbitos de actuación: docencia, investigación, transferencia, xestión e servizos. Deste xeito, temos adquirido un firme compromiso coa mellora da nosa actividade, entendendo que esta debe facerse dun xeito dinámico nun proceso constante de procura de respostas aos novos requirimentos e expectativas da sociedade, para acadar a excelencia e ser unha universidade de referencia tanto no contexto nacional coma no internacional.

O actual proceso de adaptación ao EEES obriga a Universidade a dispor de mecanismos de garantía da súa calidade. As directrices recollidas no documento *Criterios e directrices para a garantía da calidade no Espazo Europeo de Educación Superior* (ENQA, 2009, 3.^a edición) establecen as pautas para o control da calidade interna e externa nas universidades.

A garantía interna de calidade obríganos a desenvolver unha política de calidade que abrangue tanto a oferta académica coma os membros da comunidade universitaria, de xeito que se implante unha estratexia de mellora continua en toda a nosa actividade. Esta garantía de calidade interna amósase no establecemento de procedementos e procesos que garantan o seguimento da actividade universitaria en todas as súas dimensións (académica, investigadora, relación co contorno e xestión).

Paralelamente, os procedementos desenvoltos polas axencias de calidade facilitan a revisión, avaliación, seguimento, verificación e valoración externa de toda a nosa actividade, que permite a acreditación de programas e/ou da propia institución, a transmisión pública de información verificada independentemente, a protección das persoas usuarias e a avaliación periódica da actividade da USC.

Despois de rematar nos anos 2010 e 2011 a avaliación de todas as titulacións adaptadas ao EEES ofertadas pola USC baixo o programa Verifica da Axencia Nacional de Avaliación da Calidade e Acreditación (ANECA), a USC comezou paralelamente a desenvolver os procedementos que permitiran a implantación dos procesos necesarios para a garantía interna da oferta e actividade académica.

3.1. Xestión da calidade nos centros

A ANECA, en colaboración coa Axencia para a Calidade do Sistema Universitario de Galicia (ACSUG), desenvolveu o programa *Fides-Audit* para orientar ás universidades no deseño do Sistema de Garantía Interna de Calidade (SGIC) e integrar as actividades que xa se desenvolvían para garantir a calidade das ensinanzas. No ano 2010



o Consello de Goberno da USC aprobou os SGIC de 15 centros que participaron na terceira convocatoria do programa *Fides-Audit* da ACSUG, e os 8 aprobados en 2009 obtiveron o certificado *Audit*. Durante 2011 a USC completou a elaboración dos SGIC de todos os seus centros e os 15 SGIC da convocatoria anterior obtiveron o certificado de verificación.

Os centros co seu SGIC avaliado positivamente están comezando a implantar o sistema de garantía interna e realizar as actividades de medición, análise, mellora e difusión dos resultados dos programas formativos desenvolvidos en cada centro.

Para facilitar a xestión dos SGIC de xeito que se convertan nunha ferramenta útil, dende o ano 2009 na USC estase a desenvolver unha aplicación informática que servirá aos centros para xestionar o seu SGIC.

Paralelamente, dende o ano 2011a USC está a colaborar cos/as decanos/as e directores/ras de centro para facer unha reestruturación do SGIC que permita unha implantación máis eficaz e útil para cada centro. Esta revisión faise tendo en conta que na nosa Universidade moitos procesos de xestión son centralizados, o que redundará nunha simplificación da actividade dos centros relativa ao SGIC e facilitará a xestión da calidade nos centros para que os esforzos se dirixan cara á análise da actividade interna do desenvolvemento e resultados dos programas formativos do centro e a adopción de accións de mellora.

3.2. Oferta de calidade

O compromiso coa calidade da docencia debe recollerse no marco do proceso integral de ensino-aprendizaxe, entendendo que a procura da calidade implica non só garantir que o persoal docente desenvolve as súas tarefas satisfacendo as expectativas do alumnado, senón tamén que a propia universidade poña á disposición de docentes e estudantes todos os medios necesarios para acadar resultados óptimos no devandito proceso.

A USC desenvolve diversas actuacións para ofrecer un ensino de calidade e avaliar de xeito sistemático os resultados obtidos, destinando recursos á mellora da acción docente. Aos esforzos desenvolvidos para formalizar o deseño e implantación de programas de xestión da calidade nos centros hai que engadirles a materialización da avaliación institucional de todas as titulacións ofertadas baixo o Programa de Avaliación Institucional da ACSUG.

Por outra banda, a USC realiza unha medición periódica e sistemática da satisfacción do alumnado e o profesorado coa docencia impartida, coa finalidade de deseñar accións para seguir avanzando na procura da mellora na calidade da docencia e satisfacer as expectativas de ambos os dous grupos de interese. A USC elabora, ademais, informes periódicos sobre a calidade docente que pon a disposición de toda a sociedade.

Durante os anos 2010 e 2011 adaptáronse as enquisas de satisfacción do estudantado coa docencia recibida ás demandas das novas titulacións adaptadas ao EEES, así como o proceso de recollida da información. O cuestionario foi sometido a debate entre toda a comunidade universitaria e implantouse definitivamente no curso 2011-12. Paralelamente, abórdouse o proceso de automatización da recollida da información desta enquisa, desenvolvendo unha aplicación informática que permite recoller esta información dun xeito máis eficaz e sostible. Esta aplicación tamén vai permitir a obtención dos resultados da enquisa, as súas agregacións e a emisión dos informes de resultados para o profesorado.

Tamén neste bienio 2010-2011 a USC realizou dúas convocatorias experimentais do Programa de avaliación da actividade docente (*Docentia*) do PDI. Nestas convocatorias o modelo de avaliación axústase tendo en conta as propostas de mellora realizadas por todos os axentes que participan no programa e as recomendacións feitas polas comisións avaliadoras externas da ACSUG sobre o modelo e a súa implantación.

No ano 2011 todas as titulacións da USC presentaron o seu informe de seguimento (programa Monitor) relativo aos cursos 2009-10 e 2010-11 segundo o modelo establecido pola ACSUG para a avaliación externa do proceso de implantación dos títulos oficiais adaptados ao EEES, en que se reflicte a análise do desenvolvemento

do título e as correspondentes propostas de mellora (programa Modifica). Este informe é a ferramenta sobre que se baseará a renovación da acreditación (programa Acredita) dos títulos oficiais da USC.

Os programas de doutoramento tamén están implicados na procura da súa calidade solicitando a mención de excelencia (programa Mención) que recoñece a súa solvencia científico-técnica e formadora, así como dos grupos de investigación ou departamentos que se ocupan da formación do persoal doutor. Este recoñecemento fai que sexan integrados nunha relación de programas que constitúe un referente internacional polo seu rendemento e resultados. No curso 2010-11 obtiveron este recoñecemento 15 programas de doutoramento da USC.

3.3. Convocatoria de accións de mellora

Co obxecto de estimular no ámbito da USC o desenvolvemento de actividades de mellora da calidade docente convócanse anualmente axudas que achegan recursos adicionais aos centros para impulsar a súa aposta pola calidade e, moi particularmente, as destinadas a avanzar no proceso de construción do EEES. Nas convocatorias correspondentes aos anos 2010 e 2011 financiouse a posta en marcha de accións de mellora que supuxeran unha mellora de competencias docentes, actividades de orientación académica e profesional aos/ás estudantes, o acondicionamento de espazos para actividades docentes e a súa dotación con equipamentos tecnolóxicos e informáticos. As convocatorias afectaron a 22 e 24 centros da USC e contaron cunha dotación orzamentaria de 430.887 e 151.000 euros respectivamente.

3.4. Xestión de calidade

Os servizos de Xestión da Oferta e Programación Académica, Xestión Académica da USC e a Oficina de Análise de Reclamacións contan cunha certificación outorgada pola Asociación Española de Normalización y Certificación (Aenor) segundo a norma UNE-EN-ISO 9001, obtida por primeira vez no ano 2005 e renovada anualmente con éxito ata a actualidade. Esta certificación é mostra do compromiso que a USC mantén coa mellora continua dos seus servizos e do esforzo realizado para satisfacer as necesidades dos seus usuarios e usuarias, sendo o obxectivo final consolidar unha posición privilexiada no contorno europeo como universidade de prestixio e referencia que incorpora a preocupación pola mellora da calidade a todas as súas actividades.

Por outra banda, e como mostra tamén da preocupación da USC pola calidade da súa xestión académica, na “Enquisa de satisfacción xeral dos estudantes egresados da USC”, posta en marcha no 2006, valórase, entre outros aspectos, a satisfacción dos/as usuarios/as coa atención recibida nos distintos procesos da xestión académica. Os resultados reflicten unha mellora progresiva da satisfacción dos/as usuarios/as nos últimos anos en todos os ítems avaliados (matrícula, equivalencia de créditos, adaptacións, certificacións, títulos) agás na xestión de reclamacións.

O Laboratorio de Análises de Radiacións da USC (LAR-USC) renovou en 2011, co apoio da Vicerreitoría de Responsabilidade Social e Calidade da USC, a certificación do seu Sistema de Xestión da Calidade segundo norma ISO 9001:2008 no deseño e realización de análises de radioactividade ambiental en matrices líquidas e gasosas, e a Estación de Hidrobioloxía Encoro do Con da USC renovou o Selo de Compromiso cara á Excelencia Europea 200+ da European Foundation for Quality Management.

3.5. Sistemas de información de calidade

Moitos dos programas que se están a desenvolver dirixidos á garantía de calidade baséanse na existencia e análise de información e indicadores tanto cualitativos como cuantitativos (seguimento, financiamento competitivo, verificación, excelencia...).

Aínda que a USC obtén regularmente indicadores relativos á súa actividade, nestes anos camiñouse cara á sistematización do procedemento de obtención que permita tanto a súa obtención de xeito automatizado e sostible coma a adaptación da súa definición ás novas normativas.

A USC incorporouse durante o curso 2010-11 ao Sistema Integrado de Información Universitaria (SIIU) promovido polo Ministerio de Educación para a recollida de toda a información universitaria. Este sistema serve de base para a obtención dos indicadores universitarios que serán empregados para a avaliación externa da USC en todos os procesos de calidade.



4. PROYECCIÓN EXTERIOR

Na USC somos conscientes de que, nunha sociedade global, debemos fomentar a proxección internacional da nosa actividade. É por iso que a USC mantén unha actividade especialmente intensa nos ámbitos da internacionalización así como no referente á cooperación, que conduciu a crear no ano 2010 o portal USC Internacional, a través do cal se canaliza toda a información sobre a proxección exterior da USC.

Mención especial merecen os proxectos financiados con fondos da Unión Europea. Neste senso, a USC lidera e participa como socio en proxectos *Tempus* en países do norte de África e Asia e coordina catro proxectos ERASMUS *Mundus*- External Cooperation Windows coa Iberoamérica e Asia Central e participa como socio en tres con universidades de Asia, Centroamérica e Oriente Medio. Ademais coordina a mobilidade de investigadores de Galicia, a través do Centro Galego de Mobilidade de Investigadores (programa Euraxess).

Ademais, o Servizo de Relacións Exteriores xestiona a mobilidade de estudantes, PDI e PAS dende e cara a outras universidades do mundo, cun volume de 2.200 persoas.

Toda esta actividade, que no ano 2011 supuxo unha execución de gasto de 1.896.541,48 €, fai que a USC se atope entre as primeiras universidades españolas a nivel de mobilidade e cooperación universitaria.

4.1. Mobilidade

Acorde coa idea de conseguir unha proxección internacional da nosa oferta e dos/as nosos/as estudantes, a USC impulsa a mobilidade do alumnado mantendo convenios de mobilidade coa maioría das universidades españolas e europeas e creando novos lazos con universidades pertencentes a países asiáticos e americanos.

O alumnado da Universidade ten a posibilidade de cursar estudos de grao, posgrao e doutoramento, así como de realizar estadias académicas e de investigación, ao abeiro de moitos tipos de programas de intercambio e mobilidade. Cabe citar entre eles o programa de aprendizaxe permanente ERASMUS, o programa de intercambio para a realización de estudos en universidades dos EUA e Puerto Rico integradas na rede ISEP, o programa Suíza, o programa SICUE/Séneca, o programa ERASMUS *Mundus* e os convenios bilaterais. No ano 2010 creouse unha convocatoria específica para mobilidade de países de fala inglesa fóra do EEES.

O programa LLP ERASMUS, para estadias en universidades de 29 países europeos, segue a incrementar o número de universidades con que se manteñen acordos de intercambio (425 no curso 2010-11). Este programa é con diferenza o máis demandado e empregado polo alumnado da USC para realizar estudos fóra do noso país. Nos cursos 2010-11 e 2011-12 incrementouse de xeito exponencial o número de acordos de intercambio asinados e de alumnado enviado e recibido. As mulleres seguen sendo as que máis participan no programa.

PROGRAMA LLP-ERASMUS

		2008-09	2009-10	2010-11
Nº de acordos de intercambio asinados		820	1.250	1.661
Nº de universidades		353	388	425
N.º de países europeos		26	28	29
Alumnado enviado	Total	444	524	758
	% de mulleres	67,6	67,7	62,3
Alumnado recibido	Total	645	521	750
	% de mulleres	68,5	69,7	76,7

A USC desenvolveu diversas actuacións neste período para mellorar o atractivo da nosa institución para o estudiantado estranxeiro e mellorar a súa integración. Así, en 2010 creouse, a través da asociación de estudantes internacionais Enxebre Compostela, USCasa, un portal específico para o estudiantado á procura de compañeiros de vivenda.

Tamén en 2010 comezou a celebrarse o International Day, xornada desenvolvida nos campus de Santiago e Lugo na cal o estudiantado estranxeiro da a coñecer as universidades e culturas dos seus países.

4.2. Cooperación internacional

A internacionalización das universidades é unha das claves para continuar avanzando en emprendemento e en transferencia de coñecemento. A USC estase mostrando especialmente activa en proxectos de cooperación universitaria para o desenvolvemento. Neste senso ocupa unha posición de liderado con máis de quince proxectos anuais da AECID, cinco proxectos ERASMUS Mundus External Cooperation Windows (EM-ECW), catro proxectos Tempus e dous programas propios de formación de persoal doutor e de colaboración de persoal docente (<http://www.usc.es/internacional>). A través destes proxectos a USC contribúe á modernización das estruturas e estudos universitarios na América, África e Asia ao tempo que axuda a explorar proxectos de interese neses países.

5. RELACIÓNS COA COMUNIDADE

O Servizo de Participación e Integración Universitaria promove a implicación da comunidade universitaria en accións de voluntariado social e colabora con distintas entidades de acción social para levar a cabo diferentes campañas para sensibilizar a poboación e o alumnado sobre os aspectos ambientais e sociais e as problemáticas que se manifestan na nosa sociedade.

Ademais, desde moitos dos centros e grupos de investigación da USC realízanse actividades que teñen un impacto positivo sobre a sociedade.

Dentro das actividades de extensión universitaria a USC desenvolve numerosas actividades culturais e deportivas non soamente dirixidas á comunidade universitaria, senón ao conxunto da cidadanía.

Finalmente, a USC ten tamén o compromiso de formar en valores e fomentar actitudes proactivas en temas sociais, ambientais ou de emprendemento.

5.1. Voluntariado social

No bienio 2010-2011 a actividade da oficina de Voluntariado incrementouse dun modo moi significativo; acadou no curso 2009-10 cifras récord no número de programas desenvolvidos (68), persoas asistidas (1.474) e persoas voluntarias implicadas (411).

Ao longo destes anos, a USC asinou diversos convenios de colaboración para a realización de programas de voluntariado social e para a organización de actividades de información, sensibilización e asesoramento en materia de cooperación, voluntariado e problemáticas que afectan a nosa sociedade, como os trastornos da personalidade, a síndrome de Down, o comercio xusto, etc.

Finalmente, dende o Servizo de Participación e Integración Universitaria seguiuuse a colaborar en diversas campañas de sensibilización, en colaboración con distintas institucións.



5.2. Cultura

A Universidade implícase tamén na vida cultural e social das cidades en que desenvolve as súas actividades. Así, durante os anos 2010 e 2011, a USC continuou a desenvolver o seu papel como elemento dinamizador dos campus de Santiago e Lugo nos ámbitos cultural e científico.

Neste período a USC potenciou o desenvolvemento de diversas liñas de acción co fin de incrementar e diversificar a súa oferta cultural, a súa proxección exterior e a posta en valor do seu patrimonio. A realización de actividades escénicas, musicais, exposicións, programas de formación e cursos de verán tiveron en moitos casos como obxectivo principal o incentivar, difundir e promover a iniciativa, a participación e a formación no ámbito cultural non só da comunidade universitaria, senón da sociedade galega en xeral. As actividades culturais desenvolvidas mantiveron cifras similares ao período anterior mentres que os cursos de verán se reduciron no bienio 2010-2011 con respecto ao 2008-2009.

No ano 2010 inaugurouse no campus de Lugo o Edificio Museo e Casa do Saber. Este edificio, anexo á sede da Vicerreitoría de Coordinación do campus lugués, supón un novo espazo para a cultura e o coñecemento no centro histórico da cidade.

No ano 2011 a USC acadou o proxecto europeo campUSCulturae co cofinanciamento da Culture Agency da Comisión Europea a través do programa Culture na súa convocatoria de 2010 por valor de 4,5 millóns de euros. É a primeira vez que unha universidade española, en calidade de coordinadora dun proxecto, acada unha subvención deste volume ao abeiro do programa Culture. Trátase

dunha iniciativa de carácter interdisciplinar e transversal no cal estarán implicados a Facultade de Ciencias da Comunicación, a Biblioteca Xeral da USC, a Área TIC e a Oficina de Investigación e Tecnoloxía (OIT), contando ademais con institucións universitarias e sociedades culturais de Bulgaria, Islandia, Polonia, Alemaña e Portugal. O proxecto terá como principais ámbitos de accións e contidos unha Biblioteca Internacional, o Museo Internacional da Ilustración, o Centro da InterCulturalidade e o Centro Internacional da Creatividade.

Tamén en 2011, firmáronse convenios de colaboración coa Cidade da Cultura e o Ateneo de Santiago para facilitar a divulgación das actividades desenvoltas por estas institucións entre a comunidade universitaria, facilitar a súa participación e impulsar a organización de accións conxuntas.

5.2.1. Actividades culturais formativas.

No ámbito da formación cultural, ao longo dos anos 2010 e 2011 desenvolvéronse distintos cursos de arte dramática, danza contemporánea, fotografía, canto ou música, así como outros programas dedicados a efemérides anuais.

Os cursos de verán conforman unha das canles mediante as cales a acción formativa da Universidade se estende non soamente no tempo senón tamén á toda a sociedade, e non soamente nas cidades que albergan os seus campus, xa que esta oferta formativa de verán recorre toda a xeografía galega. No ano 2010 desenvolvéronse 38 cursos, con unha matrícula de 1.667 alumnos/as, e no ano 2011 leváronse a cabo 39 cursos con 1.566 persoas matriculadas.



5.2.2. Concertos, exposicións, representacións teatrais e outras actividades culturais

A USC mantén un compromiso activo coa difusión da cultura, organizando e colaborando en múltiples actividades que abranguen desde ciclos de concertos, festivais, exposicións, representacións teatrais ou producións culturais, ata conferencias e faladoiros que espertan grande interese na comunidade universitaria e na sociedade galega.

5.2.3. Fonoteca

A fonoteca da USC, aberta ao público en xeral, desenvolveu unha actividade destacada na promoción e difusión da música, a través dos servizos de préstamo, audición e proxección e poñendo a disposición dos usuarios salas para audicións individuais e colectivas.

No bienio 2010-2011 seguiron a incrementarse os seus fondos, e incorporouse ademais un novo formato, os gráficos proxectables. Pola contra, reduciuse dun xeito dramático o número de usuarios rexistrados, tendencia xa iniciada no curso 2008-2009, e a actividade xeral da fonoteca en termos do número de audicións e o préstamos de CD. No ano 2011, non obstante, realizáronse 60 proxeccións musicais, case o dobre que nos anos anteriores.

5.2.4. Observatorio Astronómico Ramón María Aller

Un labor especialmente importante é o do Observatorio Astronómico Ramón María Aller, que a través do programa Pecas (Programa de Extensión Cultural de Astronomía), pretende achegar o mundo da astronomía e as funcións do observatorio á comunidade universitaria e á sociedade.

As actividades levadas a cabo no marco da Semana da Ciencia 2011 contaron coa participación de numerosas persoas de todas as idades, o que confirma a divulgación científica como unha das principais liñas de actuación do Observatorio logo da investigación e a docencia universitaria.

No ano 2011 o Observatorio da USC foi un dos catro centros galegos que contou con axuda da FECYT no décimo aniversario desta fundación estatal.

5.2.5. Museo de Historia Natural Luís Iglesias

No 2011 rematouse o novo edificio que o Consorcio de Santiago construíu na quinta Vista Alegre para albergar o Museo, ata entón aloxado nos sotos da Facultade de Química. Con esta nova situación o Museo de Historia Natural Luís Iglesias da USC convértese nun eficiente transmisor de ciencia cara á sociedade, combinando a súa mostra permanente con exposicións temporais e potenciando a faceta didáctica e o uso das novas tecnoloxías. Así, incluírá un espazo de investigación e outro pedagóxico para a acollida de grupos e de escolares. Por áreas, ofrecerá un panorama global sobre a biodiversidade e a xeodiversidade, con especial atención ao mundo mariño e a Galicia. Tamén incorporará unha biblioteca e un salón de actos.

Co museo quedou completada a urbanización e os equipamentos da quinta Vista Alegre, na que comparte espazo con outras instalacións culturais e universitarias como a Casa de Europa, a Escola de Altos Estudos Musicais, o Centro de Estudos Avanzados e o edificio da Sociedade Xeral de Autores e Editores.

Debido ao traslado, o Museo estivo aberto en 2011 só de xaneiro a xullo, a pesar do cal mantivo case as mesmas cifras de visitas dos pasados anos, con 172 centros visitantes e 10 328 estudantes e público xeral. No ano 2010, co tema común da biodiversidade, realizáronse unha exposición temporal e un obradoiro co obxectivo de dar a coñecer a importancia das coleccións dos museos de historia natural na conservación e coñecemento da biodiversidade, a súa definición e o valor da conservación destes exemplares para a investigación presente e futura. A exposición temporal recibiu a visita de 68 centros e 14.585 estudantes, mentres que no obradoiro participaron 200 persoas.



5.2.6. Programa de visitas ao patrimonio histórico-artístico da USC

Este programa de visitas, enmarcado baixo o proxecto Universidade Viva, seguiu a atraer o interese e curiosidade de numerosos visitantes, na súa maior parte turistas ou asistentes a congresos ou actos institucionais na USC, cun total de 3.265 visitantes no 2010 e 2.859 no 2011.



5.3. Deporte

A USC dispón en Compostela de 36.890 metros cadrados nos cales realizar práctica libre deportiva, ademais de ofrecer a opción de participar en competicións e en numerosas escolas deportivas.

No que respecta á práctica libre –á cal se accede con entradas puntuais, bonos ou reservas- as persoas usuarias dispoñen dunha piscina cuberta de 25 metros con seis canles, catro pistas de tenis ao aire libre e un campo de hóckey herba. Ademais, a USC conta cun campo de fútbol 11 ou dous transversais de fútbol 7, unha pista regulamentaria de atletismo de 400 metros, un pavillón polideportivo para practicar balonmán, fútbol sala, voleibol, baloncesto reducido e bádminton, e salas de acondicionamento físico, salas de artes marciais, un espazo de xadrez e salas de usos múltiples.

A USC ofrece 28 escolas deportivas, que inclúen rutas por Galicia e por Compostela, natación terapéutica, aqua-gym ou matronatación, ou actividades de relaxación como ioga, tai-chi e pilates. A USC conta tamén con escolas de actividades de acondicionamento e competición como aeróbic e step, atletismo, baile, taekwondo, tenis, tiro con arco, ximnasia terapéutica e xadrez.

Ademais de todo o mencionado, o servizo de Deportes da USC ofrece a posibilidade de participar en diversos campionatos galegos e de España, en escolas de competición de tenis e natación e nas

ligas universitarias de fútbol (en todas as modalidades), baloncesto, balonmán, deportes tradicionais, voleibol, rugby e hóckey herba.

Por outra banda, e a maiores de poder adestrar en deportes colectivos, a comunidade universitaria pode formar parte do Club USC nas seccións de atletismo, judo, karate, natación, orientación, taekwondo, tenis, xadrez, fútbol e fútbol 7 veterano.

Como proba da vocación de servizo público que sustenta a oferta de actividades deportivas da USC, boa parte da xente usuaria das súas instalacións no pertence á comunidade universitaria, xa que as actividades deportivas da USC son unha oferta “para todos, para a cidadanía en xeral”.

O Servizo de Deportes da USC inclúe, ademais da oferta convencional, atención a grupos con risco de exclusión social, persoas con discapacidade e maiores. Os servizos deportivos adquiren así unha dimensión de espazos que facilitan a socialización e a integración.

No curso 2009-10 acadáronse cifras récord no número de persoas matriculadas en actividades formativas e de lecer (7.193) e no número de deportistas federados/as (555), mentres que o número do persoal usuario de instalacións deportivas con carné descendeu de 5.600 a 4.529.

5.4. Formación en valores.

Ademais de actividades culturais e deportivas, a USC oferta cursos e actividades encamiñados ao fomento dos valores de cidadanía, responsabilidade e compromiso social, á mellora da empregabilidade ou á sensibilización en materia ambiental.

Por unha banda, o Servizo de Participación e Integración Universitaria (SEPIU) desenvolveu diversos cursos e xornadas coa finalidade de capacitar e axudar as persoas voluntarias a prestar un mellor servizo nas organizacións en que colaboran e lograr un maior aproveitamento das súas actividades.

Outro apartado importante na oferta de formación complementaria da USC é o dedicado á mellora da empregabilidade. O incremento das posibilidades de atopar emprego non só require actuacións concretas impulsadas dende as áreas de Orientación Laboral e Autoemprego, senón tamén unha planificación integral que incorpore a mellora da empregabilidade dos/as estudantes nos seus currículos académicos, potenciando a asistencia do estudantado a actividades formativas, cursos e xornadas orientados á adquisición das competencias necesarias para o desempeño profesional.

Doutra banda, para promover unha maior conciencia ambiental entre a cidadanía, a Oficina de Desenvolvemento Sostible organiza ou participa en actividades de educación formal (catro en 2010 e seis, tres delas organizadas pola propia ODS, en 2011) e en actividades de educación non formal (seminarios de dinámicas participativas, visitas, exposicións...).



6. XESTIÓN AMBIENTAL.

A Universidade de Santiago de Compostela aprobou no ano 2003 o seu Plan de Desenvolvemento Sostible, un plan estratéxico onde aparecen reflectidas as accións a desenvolver para a conservación do entorno que a rodea. Estas actuacións, estruturadas en tres eixes, víronse reforzadas por novas estratexias impulsadas polo equipo de goberno da institución que se recollen tanto no Campus de Excelexencia Internacional, Campus Vida, como no Plan Estratéxico da USC 2011-2020.

Para coordinar o traballo da USC a prol da sostibilidade creouse, no ano 2004, a Coordinación do Plan de Desenvolvemento Sostible, que ten coma principal obxectivo o deseño, planificación, posta en marcha e avaliación das diferentes actuacións emprendidas pola USC neste eido. En novembro de 2011 esta estrutura de Coordinación convértese en Oficina de Desenvolvemento Sostible, unha unidade técnica e administrativa con entidade propia dentro do organigrama da Universidade, integrada na Vicerreitoría de Responsabilidade Social e Calidade.

O Plan de desenvolvemento sostible (PDS) xira en torno a tres eixes:

- Eixe 1. Xeración de coñecemento e educación ambiental
- Eixe 2. Planificación, xestión e avaliación medioambiental
- Eixe 3. Divulgación, participación e sensibilización

Baixo o marco destes eixes, en abril do ano 2011 a USC puxo en marcha o proxecto USC en Transición, a través do cal se está a realizar unha intensa actividade de educación, divulgación e concienciación ambiental dirixida a toda a comunidade universitaria. Parte das accións van destinadas, na primeira etapa, á formación de receptores diana coma o persoal bolsreiro e coordinador do PDS nos centros e a xente usuaria da Residencia Monte da Condesa e do Colexio Maior Fonseca. A segunda das actuacións previstas é a dirixida á comunidade do Colexio Maior Fonseca e da Residencia Universitaria Monte da Condesa para implicala nun Proxecto de xestión de residuos participada. O terceiro eixo de actuación será o traballo desenvolvido polo persoal coordinador de centro do PDS. O proxecto recolle tamén diversas actividades, por exemplo, un teatro-foro na Biblioteca Intercentros do Campus de Lugo para dar a coñecer o concepto de “comunidade en transición” a través da interacción co público.

O obxectivo principal do segundo eixe do PDS é a promoción e desenvolvemento de prácticas destinadas a maximizar os beneficios e diminuír os riscos ambientais da actividade universitaria. Os proxectos desenvolvidos ao longo destes anos agrúpanse en seis



ámbitos de actuación: xestión enerxética, xestión da auga, xestión de residuos, mobilidade sostible, pegada ecolóxica e certificacións e acreditacións.

- Xestión enerxética: a eficiencia do sistema de coxeración aumentou de forma notable no período 2010-2011, tras subsanar os problemas mecánicos de anos anteriores, o que provoca o incremento no consumo de gas natural na USC e a diminución do aporte externo de electricidade. O sistema de coxeración produce tamén enerxía calorífica, que permite minimizar o gasto de combustibles nas salas de caldeiras. Sen embargo, non é suficiente para garantir as demandas de calefacción dos centros. Dende o ano 2007 á hora de substituír equipos obsoletos estáselle a dar prioridade a caldeiras con gas natural, polo seu menor impacto ambiental, o que motiva tamén a o aumento da proporción de gas natural no mix eléctrico da USC. Así, as emisións de gases de efecto invernadoiro asociadas ao consumo enerxético estanse a reducir de xeito continuado dende hai anos.

- Xestión da auga: a auga empregada na USC é subministrada pola rede de abastecemento urbano dos concellos de Lugo e de Santiago de Compostela; asemade, o tratamento das augas residuais é xestionado por estes concellos. O PDS trata de promover un uso racional da auga, que permitiu reducir o seu consumo no campus de Santiago con respecto aos datos de 2009.
- Xestión de residuos: dende a ODS todos os anos é revisado o número e localización de colectores para a separación selectiva de residuos non perigosos, identificándose novas necesidades sobre as cales se traslada unha petición formal aos concellos, a pesar do cal no período 2010-2011 se reduciu o número de colectores de xenéricos. Os residuos eléctricos e electrónicos (RAEE) e outros tipos de residuos son xestionados por xestores autorizados contratados pola USC.

Por outra banda, a Unidade de Xestión de Residuos Perigosos (dependente do Servizo de Prevención de Riscos) é a encargada de xestionar os residuos deste tipo que se xeran nos centros e laboratorios de investigación. Fronte ao incremento experimentado no 2009, durante os dous últimos anos reduciuse en máis dun 3% anual a cantidade total de residuos perigosos xerados na USC.

- Mobilidade sostible: neste apartado inclúense os resultados do “Estudo de hábitos de transporte na USC”, desenvolvido pola ODS dende o 2007. Nel amósanse as preferencias dos membros da comunidade universitaria á hora de realizar os desprazamentos ao seu lugar de estudo ou traballo, que reflicten unha importante redución do uso de medios motorizados no ano 2011.

Unha iniciativa para salientar no campo da mobilidade sostible é o Programa de préstamo de bicicletas que se ven desenvolvendo cada curso dende o 2006-07. No bienio 2010-2011 reduciuse lixeiramente o número de adxudicacións por perda ou deterioro.

- Pegada ecolóxica: anualmente realízase un estudo de impacto ambiental da USC, que ten como principal indicador a pegada ecolóxica, que serve para avaliar os custos ambientais dun determinado modelo de vida. Dende a ODS deseñouse unha metodoloxía específica para adaptar o seu cálculo ás actividades propias do día a día universitario. Os datos (ver capítulo 5) reflicten un aumento da nosa pegada nestes últimos anos.
- Certificacións e acreditacións: a USC ten certificado segundo a norma UNE-EN-ISO 14001 varios procesos do Servizo de Prevención de Riscos e varias actividades do Instituto de Cerámica (UNE-EN-ISO 14001:1996), que ten, ademais, implantado un sistema de xestión medioambiental que cumpre os requisitos do Esquema Europeo de Ecoxestión e Ecoauditoría (EMAS).



7. DIVULGACIÓN DO COÑECEMENTO.

A USC, como foco de coñecemento, investigación e ciencia, responde ao desexo da cidadanía de coñecer a actividade científica desenvolvida polos seus membros e de comprender e valorar os seus froitos. Todos os servizos e unidades da Universidade amosan un claro compromiso coa transferencia da súa actividade e logros cara á sociedade. Este compromiso preséntase de moi diversas formas constituíndo esta memoria de responsabilidade social no seu conxunto a proba máis evidente desta liña de actuación.

Parte das relacións da Universidade coa sociedade en xeral e coa comunidade académica e científica desenvólvense nas reunións específicas de carácter técnico e investigador que se celebran periodicamente. Nos anos 2010 e 2011 na USC organizáronse congresos (algúns de proxección internacional), xornadas ou seminarios, tanto para dar a coñecer os progresos científicos entre o persoal investigador e canalizar a transferencia á sociedade coma para posibilitar o intercambio e afondar nas relacións e colaboracións entre a comunidade científica.

Pero podemos mencionar moitos outros exemplos de divulgación do coñecemento:

- Proxecto Estalmat-Galicia: a Facultade de Matemáticas da USC dirixe esta iniciativa que trata de detectar e prestar atención a nenos e nenas con talento que, en moitos casos, poden pasar inadvertidos ou quedar desatendidos nas esferas normais do ensino e da familia, desenvolvendo aspectos que permitan axudar a pensar en matemáticas, resolver problemas e, en definitiva, pasalo ben ao tempo que se detecta e canaliza o talento matemático para mellor proveito da sociedade.
- As facultades de Psicoloxía, Odontoloxía, ou Óptica e Optometría contan con diversas unidades de consulta e diagnóstico que poñen ao servizo da cidadanía, combinando a súa actividade docente e a realización de prácticas do seu alumnado coa transferencia de coñecemento á sociedade.
- A Unidade de Tabaquismo da USC ofrece tratamentos de distintos tipos, individuais ou grupais, para xente fumadora. Como aval de calidade, o Programa para deixar de fumar ten sido seguido por numerosas persoas fumadoras en Galicia, así como noutras partes de España e incluso noutros países.
- Granxafamiliar.com: sistema de xestión de información para a comercialización de produtos agrarios de orixe familiar, desenvolvido conxuntamente polo Grupo de Investigación Sociedade, Tecnoloxía e Territorio da USC (Gist-Idega) e a Asociación para o Desenvolvemento da Agricultura Familiar (ADAF). A iniciativa, que leva varios anos funcionando con

éxito, pretende impulsar o desenvolvemento social, económico e cultural do medio rural galego a través dunha comunidade virtual que establece transaccións comerciais sen intermediación entre as familias produtoras e o potencial público comprador urbano.

- Programa ConCiencia: organizado polo Consorcio de Santiago de Compostela en colaboración coa USC cos seguintes obxectivos básicos: a) a divulgación científica a cargo de figuras do máximo nivel internacional, b) proxectar a imaxe da cidade de Santiago de Compostela como foco universal do pensamento, e c) servir de ponte para o reforzamento de contactos científicos entre personalidades da máxima relevancia científica mundial e o corpo de investigadores/as da USC.
- Aula TIC-PEME: ten como obxectivo principal deseñar e poñer en marcha iniciativas de formación e asesoramento de capital humano asociado ás TIC e traballar na formación continua ao longo da vida laboral. A aula ten como público obxectivo de interese ás empresas e asociacións empresariais, aos/aos desempregados/as e grupos de investigación e estudantes da USC, e interactúa con organizacións sen ánimo de lucro e colectivos máis desfavorecidos socialmente como son persoas discapacitadas e terceira idade.

Por outra banda, a USC, a través do seu Plan de desenvolvemento sostible, persegue a creación de conciencia ecolóxica para impulsar a participación da comunidade universitaria en actividades ligadas á mellora ambiental da Universidade en particular, e da sociedade en xeral.

En abril de 2011 presentouse o programa USC en Transición, un proxecto de educación ambiental con actuacións específicas para estudantes, persoal docente e investigador e persoal de administración e servizos. USC en Transición pretende dinamizar á comunidade universitaria para pór en marcha proxectos de transición a pequena escala que, ademais de dar a coñecer outros modos de vida máis sostibles, contribúan a reducir a pegada e a débeda ecolóxica da universidade.

No proxecto USC en Transición converxen, así, os obxectivos de participación, divulgación e sensibilización do PDS. En 2011 desenvóléronse 8 actividades de participación e sensibilización ambiental, impartíuse un curso de formación, púxose en marcha un horto comunitario e formáronse 2 grupos En Transición.

Para o desenvolvemento desta labor de sensibilización e promoción da participación da comunidade universitaria, a Oficina de Desenvolvemento Sostible convoca desde fai anos as Bolsas de Sostibilidade, Participación e Integración Universitaria (SPIU). No curso 2010-11 incrementouse a dotación de bolsas, de xeito que aqueles centros con maior número de estudantes contaron con dous bolseiros, cun total de 33 fronte aos 28 do curso 2009-10. A finais de 2011 a ODS realizou outra convocatoria diferente de bolsas para apoiar o programa USC en Transición, das que se beneficiaron 9 alumnos/as. Ademais, a ODS colabora cos bolseiros de Aula Verde do SUR no desenvolvemento de actividades relacionadas co medio natural.

Nas actividades de participación da ODS é igualmente imprescindible citar o seu traballo no comité executivo da comisión permanente da CRUE sobre Calidade Ambiental, Desenvolvemento Sostible e Prevención de Riscos (CADEP). No seu seo, a USC impulsou, xunto coa Universidade Autónoma de Madrid, a creación dun grupo de traballo sobre Avaliación da sostibilidade universitaria, que desembocou na definición dun conxunto de indicadores que conforman unha ferramenta de avaliación da sostibilidade das institucións de educación superior publicada a finais de 2011. A USC, ademais de traballar no marco do proxecto, foi unha das 31 universidades españolas que se someteu a esta avaliación, na que se recoñeceu a efectividade da estrutura de funcionamento da ODS (baseada na coordinación entre os técnicos da ODS, os bolseiros, e os coordinadores de centro) coa súa selección como boa práctica universitaria no ámbito de “Implicación e Sensibilización da Comunidade Universitaria”.

A ODS procura tamén dar visibilidade a todas as súas actividades, tanto a través da prensa e as súas páxinas *web* como nas redes sociais, afán con que creou en 2010 un perfil en Facebook e, no 2011, en Twitter.

Finalmente, podemos destacar que a ODS traballa dende hai anos no desenvolvemento de actividades para promover un uso racional da enerxía. No ano 2011, púxose en marcha a campaña “O teu xesto conta”, que pretende dar a coñecer pequenos cambios que se poden realizar nos costumes universitarios e que implican reducións no consumo enerxético. A campaña levouse a cabo difundido ditos consellos entre os diferentes colectivos universitarios a través do correo electrónico e da páxina web do PDS.



8. PREMIOS E RECOÑECIMENTOS OUTORGADOS

O labor da USC a prol da implicación dos distintos axentes participantes na vida universitaria, científica e na sociedade no seu conxunto pode amosarse nas distincións que a propia institución, a través de iniciativas promovidas dende diferentes sectores da comunidade universitaria, entrega para recoñecer o esforzo dos/as docentes, investigadores/as, persoal, empresas, institucións e persoas do noso contorno. Algúns destes premios avalan o compromiso da USC co desenvolvemento sostible distinguindo as iniciativas neste campo. Podemos destacar entre os premios outorgados pola propia USC os seguintes: o Concurso de Proxectos Empresariais Innovadores, os Premios á Innovación Educativa e Mellora da Calidade Docente, o Premio de Investigación Dámaso Alonso de Investigación Filolóxica, o Premio Aresa de Desenvolvemento Rural, o Concurso de Ideas Empresariais Innovadoras da USC, o Premio Humanitas, o Concurso de Relatos Curtos “Como te imaxinas na USC?” a Olimpíada Galega de Economía do estudantado non universitarios, o Concurso de Accións Sostibles de Emprendemento Social (ASES) da Cátedra Jaime Vera, o Premio á Alta Capacidade Galega, os Premios de Divulgación Científica “Darwin e o Cinema”, o Certame de Iniciación á Investigación en Física para estudantado non universitario, o premio USC Crea, USC Innova, ou o premio Deportista Sénior.

Cómpre salientar tamén o recoñecemento que a USC tivo con personalidades e institucións de renome no mundo da ciencia e da sociedade, no ámbito nacional e internacional, coa entrega dos seus premios internacionais máis prestixiosos:

Distinción/Premio	Premiado
Premio Fonseca de Divulgación Científica	2010: David Frederick Attenborough: “Polo seu papel pioneiro na difusión da vida salvaxe, trasladándoa a audiencias masivas cunha mirada orixinal que marcou un antes e un despois na divulgación da natureza a través do medio televisivo, e por terse convertido en referencia pública da comunicación da ciencia no mundo”.
	2011: Roger Penrose: “Pola súa capacidade de divulgar a ciencia, situando o lector na fronteira do coñecemento nun vasto eido multidisciplinar, dende as orixes do universo aos misterios da mente humana, do mesmo xeito creativo e arriscado que caracterizou tamén a súa brillante traxectoria científica”

QUE TEMOS LOGRADO? OS NOSOS RESULTADOS



No bienio 2010-2011 a USC comezou a experimentar os efectos das crecentes restricións económico-financieiras do seu contorno, tanto no referido ao financiamento público coma no tocante á capacidade económica dos fogares e do tecido empresarial. Os resultados económico-financieiros da USC neste período reflicten, inevitablemente, esta delicada situación, pero non deben ser analizados de xeito illado nin alimentar conclusións parciais e incompletas, senón que deben ser considerados de xeito conxunto co resto de resultados acadados pola institución no cumprimento da súa tripla misión docente, investigadora e de transferencia e responsabilidade social. Só deste xeito seremos capaces de comprender na súa verdadeira dimensión cal ten sido a creación de valor da USC nestes

dous últimos anos, isto é, como ten contribuído a satisfacer os intereses e expectativas das súas diversas partes interesadas, buscando ese sempre difícil equilibrio entre os intereses duns e outros, e mantendo como principal liña directriz a súa vocación de servizo á sociedade.

Así, neste capítulo damos conta dos resultados obtidos tanto na xestión económica da institución coma no desenvolvemento da súa actividade e a súa relación coas diversas partes interesadas, resultados que deben, pois, ser avaliados desde diferentes perspectivas: eficiencia económica, éxito académico, impacto da investigación e a transferencia de coñecemento, contribución ao benestar social, protección do medio natural, posición relativa no cumprimento da súa misión e recoñecemento recibido.



1. RESULTADOS ECONÓMICO-FINANCIEROS

As institucións públicas de educación superior seguen a afrontar unha realidade económica complexa e moi restritiva que non é soamente froito dos actuais momentos de crise, senón que afonda as súas raíces nunha débeda histórica das administracións públicas co financiamento das universidades. A USC, ao igual que as outras dúas universidades galegas, segue a recibir un financiamento público inferior ao das universidades doutras comunidades autónomas.

Esta situación obríganos a procurar unha maior autonomía de ingresos a través da diversificación das fontes de financiamento para garantir unha docencia e investigación de calidade e dar cumprimento á nosa terceira misión universitaria, a difusión de coñecemento e a responsabilidade social. A xestión económica da USC caracterizouse neste bienio 2010-11 pola procura dunha maior eficiencia e pola aplicación de políticas de contención do gasto que permitisen manter o equilibrio orzamentario nun contexto de redución do financiamento público especialmente acusado no ámbito da investigación. A pesar destes axustes, conseguíuse obter uns resultados de investigación que sitúan a USC nas primeiras posicións do desempeño investigador das universidades españolas; contribúese así a achegar o coñecemento científico e tecnolóxico á sociedade e impulsar o emprendemento.

As contas da universidade compostelá para o exercicio 2011 recoñecen que o eixo fundamental da institución son as persoas e, polo tanto, reflicten o compromiso adquirido ao comezo do exercicio de que as repercusións dos axustes orzamentarios non as afectarían máis alá da redución do 5 por cento establecida polo Goberno, mantendo as derivas obrigatorias así como as necesidades básicas do persoal. A situación económica da USC viuse ademais condicionada polo feito de que os recursos económicos obtidos co Plan de financiamento para o exercicio 2011 non cubrían as necesidades existentes, o que obrigou a facer unha importante contención do gasto para afrontar os gastos asociados ao persoal e ás obrigas financeiras. Deste xeito, a USC procurou intensificar a eficacia e a eficiencia dos recursos empregados, así como facer un seguimento do grao de execución do orzamento que permitise minimizar as súas desviacións.

Así, no ano 2011, fronte a unha diminución importante dos ingresos, do 13,70% (de 281,39 millóns de euros en 2010 a 242,84 millóns en 2011), a diminución dos gastos só foi dun 4,51% respecto do ano 2010 (as obrigas contraídas en 2010 ascenderon a 279,02 millóns de euros e, no ano 2011, a 266,42 millóns de euros), xa que os gastos fixos de persoal, de subministracións, mantemento e outros necesarios para o funcionamento ordinario da institución

ofrecen fortes rixideces en canto a posibles medidas de contención do gasto. Sen tomar medidas de expansión deste, as derivas dos gastos de persoal e a entrada en funcionamento de novos centros baixo programas como o Campus de Excelencia Internacional, necesariamente implicaron asumir máis obrigas, tanto de persoal como de subministracións ou mantemento e, en consecuencia, limitouse aínda máis a marxe de contracción do gasto.

A USC debe, en consecuencia, manter como obxectivo a procura da excelencia e competitividade nos servizos nun contexto de austeridade e restricións, actuando en dous aspectos: incentivando o talento, iniciativa e esforzo, e mellorando os procesos e sistemas que permitan ganar eficiencia (descentralización de maiores cantidades de recursos para equipamentos, reparacións e mantemento).

Recordemos en primeiro lugar que no exercicio 2011 entra en vigor o novo Plan de financiamento do Sistema Universitario de Galicia 2011-2015, asinado a 21 de decembro de 2010. Este Plan contempla tres fondos de financiamento: financiamento estrutural, por resultados e por mellora da calidade. As achegas para a USC no ano 2011 ascenderon a 136, 97 millóns de euros, correspondendo nun 93,67% ao financiamento estrutural en un 5,48% ao financiamento por resultados.

PLAN FINANCIAMENTO SUG - USC 2011 (contías en euros)

FINANCIAMENTO ESTRUCTURAL:	128.295.596,57
Subvención fixa	123.754.632,15
Mantemento dos consellos sociais	200.000,00
Prazas vinculadas ao Sergas	4.340.964,42
FINANCIAMENTO POR RESULTADOS	7.507.346,68
OUTRAS TRANSFERENCIAS:	1.166.071,00
Preparación das propostas dos novos plans de estudos	234.770,42
Escolas de doutoramento do EEES	187.781,44
Programa de estabilización do persoal investigador	644.207,34
Mellora de xestión de universidades, programa de contabilidade de custos	36.575,29
Normalización lingüística	32.000,00
Integración de profesorado titular de escolas universitarias	30.736,51
TOTAL	136.969.014,25

No exercicio 2011 o 79,63% dos ingresos da USC son ingresos correntes e proceden na súa meirande parte das transferencias correntes (60,40% dos recursos totais) e dos prezos públicos que paga o estudantado pola súa matrícula e outros ingresos (18,60%). Este dato ratifica a importancia que ten o financiamento público dentro das fontes de financiamento da USC, pero non só dentro do conxunto de ingresos correntes, pois as transferencias de capital (20,37% dos ingresos totais) representan a práctica totalidade do

que denominamos ingresos por “operacións reais”. As cifras amosan unha substancial redución destas no 2011.

DEREITOS RECOÑECIDOS (contías en euros)

CAPÍTULO	2009	2010	2011
III. Prezos públicos e outros ingresos	52.070.148,07	46.605.481,03	45.163.007,20
IV. Transferencias correntes	168.462.177,21	147.387.902,83	146.686.647,56
V. Ingresos patrimoniais	1.615.344,02	1.291.603,86	1.517.802,88
VII. Transferencias de capital	65.092.810,06	66.494.833,37	49.471.178,68
VIII. Variación activos financeiros	0	300.000,00	0
IX. Variación de pasivos financeiros	14.195.961,44	19.311.683,00	0
TOTAIS	301.436.440,80	281.391.504,09	242.838.636,32

O comportamento dos ingresos vinculados aos prezos públicos por servizos académicos reflicte unha melloría no ano 2011 en relación ao descenso experimentado en 2010; proceden nun 86,19% dos estudos oficiais, a pesar do cal son os cursos de posgrao propio os que se sitúan en segundo lugar na contribución á recadación de prezos públicos, tras os estudos oficiais de 1º e 2º ciclo e grao.

DESAGREGACIÓN DE PREZOS PÚBLICOS POR SERVICIOS ACADÉMICOS (contías en euros)

	2009	2010	2011
Estudios oficiais	20.180.797,21	19.077.730,07	19.557.503,40
Estudios de 1º e 2º ciclo	18.650.720,78	17.806.795,98	18.412.494,76
Estudios de POP e 3º ciclo	1.530.076,43	1.270.934,09	1.145.008,64
Outros estudos	3.165.312,22	2.902.389,23	3.132.850,30
Cursos de posgrao	2.223.082,32	1.952.226,54	2.432.957,71
Cursos de especialización e outros cursos	138.676,76	188.633,93	143.262,59
Cursos de verán	241.300,00	101.390,00	99.530,00
Centro de Linguas Modernas	319.706,04	378.943,50	360.055,00
Escola de Práctica Xurídica (inclúe tamén o Instituto de Criminoloxía ata 2011)	242.547,10	281.195,26	97.045,00
TOTAL	23.346.109,43	21.980.119,30	22.690.353,70

En relación aos ingresos por prestación de servizos, que supoñen o 5,65% do total dos dereitos recoñecidos, o 75,25% correspóndense coa prestación de servizos de investigación. Como consecuencia da crise o importe acadado por contratos e convenios por servizos de investigación diminúe con respecto aos exercicios anteriores (10,33 millóns de euros en 2011, 14,47 en 2010 e 17,62 en 2009), mostrándose unha clara e marcada tendencia á baixa. Non obstante, a

posición relativa da USC na captación de fondos non se alterou significativamente, como se indicará máis adiante. No tocante ás transferencias correntes, que diminúen no bienio 2010-2011, destaca o crecente peso do financiamento procedente da Comunidade Autónoma, que alcanza o 94,80% das transferencias totais no ano 2011, fronte ao 5,20% proporcionado polo Estado, as empresas privadas e outras institucións.

TRANSFERENCIAS CORRENTES (contías en euros)

	2009	2010	2011
Comunidades autónomas	156.534.003,10	136.471.784,73	139.054.719,24
Outros	11.928.174,11	10.916.118,10	7.631.928,32
TOTAL	168.462.177,21	147.387.902,83	146.686.647,56

No capítulo de transferencias de capital, a captación de recursos para actividades de investigación financiadas polo Ministerio de Ciencia e Innovación e outros ministerios representa 13,84 millóns de euros en 2011, o cal supón unha significativa diminución do 31,89% con respecto aos dereitos liquidados no exercicio anterior (20,32 millóns de euros en 2010).

Pola súa parte, as achegas para actividades de investigación procedentes da Xunta de Galicia diminúen de xeito importante con respecto ao ano anterior (un 44,56 %); pasan de 27,76 millóns en 2010 a 15,39 no exercicio de 2011.

DESAGREGACIÓN DE TRANSFERENCIAS DE CAPITAL (contías en euros)

	2009	2010	2011
70. Administración do Estado	17.938.114,21	20.324.656,42	13.835.068,80
71. Organismos autónomos administrativos	2.922.922,00	1.230.644,92	966.208,83
72. Seguridade Social	221.025,85	1.393.816,39	1.121.310,98
74. Empresas públicas e outros entes	432.500,37	233.272,00	123.364,58
75. Comunidades autónomas	36.800.922,83	39.177.677,56	27.068.134,87
76. Corporacións locais	999.090,70	242.688,35	449.527,03
77. Empresas privadas	204.507,00	204.507,00	5.000,00
78. Familias e institucións sen fins de lucro	201.146,59	344.196,19	546.559,35
79. Exterior	5.372.580,51	3.343.374,54	5.356.004,24
TOTAL DO CAPÍTULO VII	65.092.810,06	66.494.833,37	49.471.178,68

No lado dos gastos, os correntes da USC están a seguir unha tendencia crecente e situáronse en torno ao 73% do total das obrigas contraídas en 2011, porcentaxe inferior, con todo, á doutros países da OCDE que destinan un maior volume dos seus gastos a cubrir as necesidades de funcionamento. Isto débese á maior porcentaxe

de gasto que as universidades españolas en xeral destinan a investimentos reais (o 24,81% na USC en 2011, lixeiramente inferior aos anos anteriores).

OBRIGAS CONTRAÍDAS (clasificación por capítulos). Contías en euros.

CAPÍTULO	2009	2010	2011
I.Gastos de persoal	153.943.310,75	152.682.877,66	149.793.758,13
II.Gastos en bens correntes e servizos	33.156.044,14	32.038.809,30	30.435.496,66
III.Gastos financeiros	1.038.138,65	608.360,71	989.611,10
IV. Transferencias correntes	8.141.042,47	12.627.077,51	12.187.893,77
GASTOS CORRENTES	196.278.536,01	197.957.125,18	193.406.759,66
VI. Investimentos reais	85.214.185,90	73.076.240,52	66.103.847,99
VII. Transferencias de capital	47.490,00	*	*
GASTOS DE CAPITAL	85.214.185,90	73.076.240,52	66.103.847,99
GASTOS NON FINANCIEROS	281.492.721,91	271.033.365,70	259.510.607,65
IX.- Variación de pasivos financeiros	5.234.962,96	7.988.668,46	6.911.787,98
GASTOS FINANCIEROS	5.234.962,96	7.988.668,46	6.911.787,98
TOTAIS	286.727.684,87	279.022.034,16	266.422.395,63

*En 2010 e 2011 as transferencias de capital intégranse no Capítulo VI.

Igual que en anos precedentes os capítulos do orzamento de gastos máis significativos son os que se corresponden cos gastos de persoal, gastos en bens correntes e servizos e investimentos reais, capítulos que en 2011 supoñen o 92,46% do gasto total. No capítulo de gastos de persoal, o 68,16% del corresponde ao PDI e o 31,84%, ao PAS.

As obrigas recoñecidas no capítulo VI. Investimentos reais (gastos en inmovilizado material e inmaterial necesarios para o desenvolvemento da investigación básica e aplicada) diminúen con respecto ao exercicio anterior nun 9,54 % (cadro 18, resumo capítulo VI), o cuarto ano consecutivo de baixada en que se aprecia o impacto da crise económica (91,13, 85,17, 73,07 e 66,10 millóns de euros nos respectivos exercicios de 2008, 2009, 2010 e 2011).

É de salientar o esforzo da comunidade universitaria para adaptarse á situación actual de contracción do orzamento universitario que por segundo ano estamos a sentir nos gastos de funcionamento ordinario dos centros, tanto de capítulo II como de capítulo VI. No ano 2011 o gasto total reduciuse un 28% respecto ao gasto de 2010 e o orzamento descentralizado aos centros baixou nun 33%.

Se clasificamos os gastos por grupos funcionais, o grupo 3, “Producción de infraestruturas e servizos á docencia e á investigación“, concentra o 69,11 % do gasto, pois nel está incluído integramente o capítulo I de gastos de persoal. No grupo 1, “Docencia universitaria“, só están incluídos os créditos dos estudos propios e partidas específicas de posgraos oficiais (másteres, cursos de especialización,

etc.) e, no grupo 2, “Investigación”, inclúense os proxectos, contratos, convenios, infraestruturas e outras actividades de investigación. Todas as cifras reflicten unha menor intensidade do gasto, coa destacada excepción dos gastos de asistencia, extensión e promoción da comunidade universitaria, que pasan de 11,81 millóns de euros en 2009 a 15,15 en 2010 e 14,22 en 2011, ata situarse preto do 5,3% do total das obrigas contraídas (un 5,4% en 2010 e un 4,1% en 2009).

OBRIGAS CONTRAÍDAS (clasificación por grupos de funcións). Contías en euros.

GRUPO DE FUNCIONES	2009	2010	2011
1.- DOCENCIA UNIVERSITARIA	5.147.588,24	4.325.920,83	3.753.400,58
2.- INVESTIGACIÓN	61.784.006,23	60.667.205,56	56.428.994,34
3.- PRODUCCIÓN DE INFRAESTRUTURAS E SERVIZOS Á DOCENCIA E A INVESTIGACIÓN	201.710.336,76	190.279.039,63	184.115.598,38
4.- ASISTENCIA, EXTENSIÓN E PROMOCIÓN DA COMUNIDADE UNIVERSITARIA	11.812.652,03	15.152.838,97	14.223.003,25
5.- GASTOS E PASIVOS FINANCIEROS	6.273.101,61	8.597.029,17	7.901.399,08
TOTAIS	286.727.684,87	279.022.034,16	266.422.395,63

En relación a execución orzamentaria, no bienio 2010-2011 esta xira en torno a 5 eixes: persoal (melloras estruturais, formación e acción social), actividades de extensión universitaria e de internacionalización, tecnoloxías da información (licenzas de *software*, atención ao persoal usuario, mellora das infraestruturas), mellora da calidade (accións de mellora, adaptación ao EEES, certificacións e avaliación docente), e obra nova, reparacións, ampliacións e mantemento (RAM) e equipamento (prioridade ás obras necesarias para a prevención de riscos e para a adecuación de espazos necesarios para a docencia, o estudo e a investigación, e á execución do Campus Vida).

En 2011, dado que o importe das obrigas recoñecidas netas ascende a 266,42 millóns de euros e, o importe de dereitos recoñecidos netos, a 242,84 millóns, o resultado orzamentario do exercicio foi negativo, de 23,58 millóns de euros.

No balance de situación obsérvase que o patrimonio neto da USC ascende no ano 2011 a 413,55 millóns de euros e que as débedas con entidades financeiras a longo prazo sitúanse nos 34,09 millóns de euros e, a curto prazo, nos 3,3 millóns. O activo non corrente ascende a 465,92 millóns de euros e, o activo corrente, a 90,14 millóns, cun activo total xeral de 556,05 millóns.

Balance de situación 2011 (contías en euros)

A) ACTIVO NON CORRENTE	465.915.294,79
I) Inmobilizado intanxible	2.619.224,51
II. Inmobilizado material	461.033.047,56
IV. Inversións financeiras a longo prazo en entidades do grupo, multigrupo e asociadas	1.377.514,88
V Inversións financeiras a longo prazo	885.507,84
B) ACTIVO CORRENTE	90.137.980,01
III. Debedores e outras contas para cobrar	61.454.887,22
V. Inversións financeiras a curto prazo	1.255,13
VII. Efectivo e outros activos líquidos equivalentes	28.681.837,66
TOTAL DO ACTIVO (A+B)	556.053.274,80
A) PATRIMONIO NETO	413.555.627,14
B) PASIVO NON CORRENTE	85.573.037,56
I. Provisións a longo prazo	3.626.306,95
II. Débedas a longo prazo	81.946.730,61
2. Débedas con entidades de crédito	34.090.140,53
4. Outras débedas	47.856.590,08
C) PASIVO CORRENTE	56.924.610,10
II. Débedas a curto prazo	9.675.440,54
2. Débedas con entidades de crédito	3.305.986,83
4. Outras débedas	6.369.453,71
IV. Acredores por operacións de xestión	14.216.867,23
1. Acredores por operacións de xestión	3.389.353,89
2. Outras contas para pagar	6.493.144,89
3. Administracións públicas	4.334.368,45
V. Axustes por periodificación	33.032.302,33
TOTAL DO PATRIMONIO NETO E PASIVO (A+B+C)	556.053.274,80

Na conta do resultado económico patrimonial do exercicio 2011 pódese observar un resultado negativo derivado das operacións non financeiras de -7,51 millóns de euros, que se debe fundamentalmente ao resultado negativo (desaforro) de xestión ordinaria de -7,96 millóns de euros, ao ser os gastos totais de xestión ordinaria superiores ós ingresos nesa cantidade. Tendo en conta que o resultado das operacións financeiras é de 2,96 millóns de euros, obtense finalmente un resultado neto do exercicio (desaforro) de -4,55 millóns de euros.

Conta do resultado económico-patrimonial 2011 (contías en euros)

1. Ingresos tributarios e cotizacións sociais	232.294,42
2. Transferencias e subvencións recibidas	203.714.893,53
3. Ventas netas e prestación de servizos	36.700.464,14
a) Ventas netas	99.634,42
b) Prestacións de servizos	36.600.829,72
6. Outros ingresos de xestión ordinaria	6.566.822,40
7. Exceso de provisións	759.120,05
A) TOTAL DE INGRESOS DE XESTIÓN ORDINARIA (1+2+3+4+5+6+7)	247.973.594,54
8. Gastos de persoal	-150.924.724,33
9. Transferencias e subvencións concedidas	-12.063.708,99
11. Outros gastos de xestión ordinaria	-32.681.568,92
a) Subministracións e servizos exteriores	-31.876.094,99
b) Tributos	-805.473,93
12. Amortización do inmovilizado	-60.267.427,65
B) TOTAL DE GASTOS DE XESTIÓN ORDINARIA (8+9+10+11+12)	-255.937.429,89
I Resultado (aforro ou desaforro) da xestión ordinaria (A+B)	-7.963.835,35
13. Deterioración de valor e resultados por alleamento do inmovilizado non financeiro e activos	-41.458,75
14. Outras partidas non ordinarias	499.065,55
II Resultado das operacións non financeiras (I+13+14)	-7.506.228,55
15. Ingresos financeiros	946.566,85
16. Gastos financeiros	-989.611,11
20. Deterioración de valor, baixas e alleamentos de activos e pasivos financeiros	3.003.182,34
III Resultado das operacións financeiras (15+16+20)	2.960.138,08
IV Resultado (aforro ou desaforro) neto do exercicio (II+III)	-4.546.090,47

Nas contas anuais do exercicio 2011 pódese consultar tamén a información sobre o balance e a conta do resultado económico-patrimonial nos exercicios 2009 e 2010, que non reflectimos aquí por non resultar directamente comparables cos estados do 2011, xa que neste ano aplicouse por primeira vez o Plan Xeral de Contabilidade Pública 2010 (orde EHA/1037/2010, de 13 de abril), mentres que as contas de 2009 e 2010 elaboráronse baixo o plan de 1994.

En calquera caso, e por resultar algunhas magnitudes destes estados financeiros de especial interese para a comunidade universitaria, amosamos no seguinte cadro a evolución experimentada pola débeda (con entidades financeiras e anticipos reintegrables) e polas subvencións correntes e de capital no exercicio 2011, que dan conta da melloría na relación de endebedamento da USC e da importante contracción que se está a producir no apoio do sector público á docencia e a investigación, a pesar do cal a USC segue a dar cumprimento a súa tripla misión universitaria co mesmo e incluso maior empeño e eficacia que no pasado, como veremos nos seguintes apartados.

Comparación dalgunhas magnitudes económicas relevantes (contías en euros)

	2010	2011
Débedas con entidades de crédito	40.690.454,58	37.396.127,36
A longo prazo	37.396.127,36	34.090.140,53
A curto prazo	3.294.327,22	3.305.986,83
Débeda neta por anticipos reembolsables	30.405.787,54	27.956.618,67
Subvencións	91.162.235,28	54.615.350,60
Subvencións correntes	34.914.485,87	15.424.668,73
Subvencións de capital	56.247.749,41	39.190.681,87





2. RESULTADOS ACADÉMICOS

É fundamental facer un seguimento constante dos resultados acadados polo noso alumnado para poder artellar a tempo as accións oportunas para corrixir desequilibrios e potenciar o maior aproveitamento académico. Tres indicadores proporcionan información esencial sobre os resultados académicos do estudantado da USC: a taxa de éxito global, a taxa de rendemento global e a taxa de abandono.

A concesión de premios de fin de carreira na convocatoria nacional ou autonómica e os resultados nas probas do MIR, FIR e PIR permítennos tamén avaliar a competencia do alumnado.

E, finalmente, é esencial coñecer a opinión dos principais actores do proceso de ensino-aprendizaxe, estudantes e profesores/as.

2.1. Taxas (éxito, rendemento, abandono)

Coa adaptación ao EEES ben avanzada, cómpre comezar a avaliar os resultados acadados nas novas titulacións de grao e máster oficial. A taxa de éxito global do alumnado, que mide a porcentaxe dos créditos presentados que foron superados polo/a alumno/a, mantense desde o curso 2008-09 (en que se impartiron soamente dous graos, en Matemáticas e en Ciencias Políticas e da Administración) en valores moi elevados tanto nos graos coma nos másteres oficiais.

Taxa de éxito en graos (%)

	2008-09	2009-10	2010-11
Ciencias da Saúde	-	92,7	88,3
Ciencias Experimentais	77,37	73,8	72,8
Ciencias Sociais e Xurídicas	87,83	79,7	82,3
Ensinanzas Técnicas	-	84,1	79,0
Humanidades	-	80,6	79,3
MEDIA GLOBAL	82,60	80,7	81,6

Taxa de éxito en másteres oficiais (%)

	2008-09	2009-10	2010-11
Ciencias da Saúde	99,73	99,7	99,6
Ciencias	98,86	99,5	99,8
Ciencias Sociais e Xurídicas	99,35	99,4	99,2
Ensinanzas Técnicas	99,48	99,4	99,3
Artes e Humanidades	99,86	99,9	98,9
MEDIA GLOBAL	99,33	99,6	99,4

A taxa de rendemento, pola súa banda, reflicte a porcentaxe dos créditos matriculados que foron superados, na cal se constata que está a producirse unha mellora do rendemento nos graos fronte ao estancamento deste indicador nos másteres oficiais, algo comprensible se temos en conta o seu elevado valor. Os valores alcanzados son bastante satisfactorios nos graos, se os comparamos coa taxa de rendemento global media nas titulacións de 1º e 2º ciclo, grao e máster oficial no curso 2008-09, situada no 64%.

A área coa maior taxa de rendemento no curso 2010-11 resulta ser a das Ciencias de Saúde, mentres que a menor taxa se atopa na área de Ciencias Experimentais.

Taxa de rendemento en graos (%)

	2008-09	2009-10	2010-11
Ciencias da Saúde	-	84,7	78,7
Ciencias Experimentais	61,31	58,3	56,8
Ciencias Sociais e Xurídicas	70,29	65,3	67,5
Ensinanzas Técnicas	-	63,6	59,1
Humanidades	-	63,9	64,8
MEDIA GLOBAL	65,80	65,8	67,2

Taxa de rendemento en másteres oficiais (%)

	2008-09	2009-10	2010-11
Ciencias da Saúde	92,83	93,0	91,6
Ciencias	92,76	91,8	91,3
Ciencias Sociais e Xurídicas	92,62	91,3	90,4
Ensinanzas Técnicas	90,25	87,7	92,8
Artes e Humanidades	76,64	98,1	83,5
MEDIA GLOBAL	90,08	90,9	90,1

Nas diplomaturas e licenciaturas en extinción, as taxas de éxito e rendemento melloraron dun xeito significativo no curso 2010-11 respecto ao 2008-09.

Taxas de éxito no 1º e 2º ciclo (%)

	2008-09	2009-10	2010-11
Ciencias da Saúde	79,6	83,1	89,8
Ciencias Experimentais	68,8	73,8	85,9
Ciencias Xurídicas e Sociais	72,4	73,4	85,7
Ensinanzas Técnicas	69,0	72,9	85,0
Humanidades	77,1	82,5	90,0
Global da USC	74,1	77,0	87,4

Taxas de rendemento no 1º e 2º ciclo (%)

	2008-09	2009-10	2010-11
Ciencias da Saúde	73,9	62,0	76,6
Ciencias Experimentais	58,2	47,1	65,1
Ciencias Xurídicas e Sociais	62,6	51,4	65,9
Ensinanzas Técnicas	55,7	45,4	64,7
Humanidades	62,7	50,6	68,7
Global da USC	64,3	53,3	69,3

Finalmente, a taxa global de abandono do título determínase como a relación porcentual do número total de estudantes dunha cohorte de novo ingreso que deberían ter obtido o título no ano académico anterior e que non se matricularon no mesmo título nin nese ano académico nin no anterior.

Taxa global de abandono do título no 1º e 2º ciclo e nos graos (%)

(Exclúense as titulacións de centros adscritos)

GRANDE ÁREA	Tipo de ensinanza	2008-09	2009-10	2010-11
Ciencias Experimentais	Ciclo curto	17,72	11,90	8,43
	Ciclo longo	34,57	42,43	39,76
	GLOBAL	31,82	37,50	34,48
Ciencias da Saúde	Ciclo curto	10,18	7,36	7,75
	Ciclo longo	15,22	19,34	15,79
	GLOBAL	14,09	16,90	14,41
Humanidades	Ciclo longo	35,54	39,59	41,68
	GLOBAL	35,54	39,59	41,68
Ensinanzas Técnicas	Ciclo curto	15,26	15,08	27,95
	Ciclo longo	23,62	26,89	18,99
	GLOBAL	18,54	19,74	24,58
Ciencias Sociais e Xurídicas	Ciclo curto	20,77	21,22	19,46
	Ciclo longo	25,66	26,51	29,06
	GLOBAL	23,72	25,69	25,41
GLOBAL DA USC	Ciclo curto	18,37	16,62	19,42
	Ciclo longo	26,05	30,57	29,14
	GLOBAL	23,49	26,48	26,16
	Nº de abandonos	1.090	1.346	1.295

Como se pode comprobar, experimentou un aumento en relación co anterior período de memoria e un lixeiro descenso no curso 2010-11 en relación co curso 2009-10, co cal se sitúa no 26,16% en termos globais, en liña cos valores medio desta taxa en Galicia e no conxunto do Estado. Por áreas, o valor máis elevado corresponde ás

Humanidades e o máis baixo ás Ciencias da Saúde, cun 14,41% no curso 2010-11, o que denota o maior carácter vocacional do ingreso nas titulacións que conforman esta área.

2.2. Premios de fin de carreira

Os Premios Nacionais á Excelencia no Rendemento Académico Universitario (MECD) distinguen os/as estudantes que cursaron con maior brillantez os seus estudos universitarios dentro do SUE, proporcionándolles un recoñecemento de carácter oficial que comporta, ademais, unha asignación económica. Na convocatoria correspondente ao curso académico 2007-08 obtiveron este galardón 12 persoas tituladas na USC e 7, na convocatoria de 2008-09.

Os Premios Fin de Carreira da Comunidade Autónoma de Galicia son convocados pola Xunta de Galicia co obxectivo de facer un recoñecemento expreso da excelencia académica do alumnado que remata os seus estudos nalgunha das tres universidades galegas.

A USC foi a primeira institución galega en número de persoas tituladas que obtiveron este premio nas convocatorias 2009-10 e 2010-11.

Premios Fin de Carreira da Comunidade de Galicia. Número de persoas tituladas premiadas por curso académico e universidade

Universidade	2008-09	2009-10	2010-11
Santiago de Compostela	34	24	26
A Coruña	15	12	12
Vigo	13	18	22

Entre os resultados académicos da USC destacan tamén os acadados nas distintas convocatorias dos programas de formación MIR (Médicos Internos Residentes), FIR (Farmacéuticos Internos Residentes) e PIR (Psicólogos Internos Residentes). Na convocatoria do curso 2010-11, seis estudantes da Facultade de Medicina da USC situáronse no *ranking* dos cen primeiros MIR e catro da Facultade de Farmacia lograron situarse entre os mellores FIR. Na convocatoria do PIR deste mesmo ano, os/as alumnos/as da USC obtiveron 17 prazas das 136 ofertadas (o 12,5%) e catro deles quedaron situados entre os vinte primeiros postos.

2.3. Valoración da docencia

Outro indicador esencial para avaliar os resultados da nosa actividade docente é a satisfacción do alumnado coa docencia recibida e a do profesorado sobre a docencia impartida. Revisamos a continuación as valoracións reflectidas polos/as alumnos/as nas enquisas realizadas no período da memoria.

2.3.1. Satisfacción do alumnado coa docencia recibida

A opinión do alumnado constitúe un factor fundamental para axudar o profesorado a mellorar o seu labor. En termos globais, nos cursos 2009-10 e 2010-11 mellorou moderadamente a valoración que o alumnado outorgou aos seus profesores/as (para titulacións de 1º e 2º ciclo o rango de valoración é de 1 a 5 e, para graos e másteres, de 1 a 7).

Satisfacción media do alumnado coa docencia recibida			
	2008-2009	2009-2010	2010-11
1º e 2º ciclo	3,46	3,49	3,53
Graos	4,33	4,78	4,81
Másteres oficiais	---	5,06	5,18

2.3.2. Opinión do profesorado sobre a docencia

A enquisa de opinión do profesorado sobre a docencia que desenvolve pretende coñecer aspectos relativos á relación do profesorado co alumnado, a súa motivación para impartir unha materia específica, os medios con que conta e tamén detectar se é preciso algún tipo de formación complementaria cara ao futuro. Os resultados revelan unha moderada mellora do grao de satisfacción do profesorado.

Satisfacción do profesorado coa docencia impartida (escala de 1 a 5)			
	2008-09	2009-10	2010-11
Satisfacción coa docencia desenvolvida	3,70	3,79	3,74
Satisfacción cos servizos de apoio á docencia	3,85	3,80	3,90
Satisfacción coa formación	3,76	3,66	3,51



3. RESULTADOS DE INVESTIGACIÓN E TRANSFERENCIA

A capacidade de transferencia do coñecemento xerado, as patentes/ licenzas, a difusión dos resultados medibles a través do número de artigos publicados e o seu impacto, o volume de proxectos competitivos, a captación de recursos humanos para investigación e o volume de I+D+i contratado (en termos absolutos e por PDI) fan da nosa Universidade unha das institucións máis importantes na investigación en España e consolídannos como a primeira fonte tecnolóxica e xeradora de coñecemento de Galicia e sitúannos entre as dez universidades públicas e privadas españolas con maior produción científica de relevancia internacional.

A tendencia na caída da contratación de servizos e colaboracións en I+D por parte das administracións, en particular por parte da Xunta de Galicia, leva a que no ano 2011, a pesar de que aumenta o volume de recursos obtidos en convocatorias internacionais, se reduce de xeito notable o volume total de captación de recursos (de 70 millóns de euros en 2010 a 45,9 en 2011).

A pesar destas dificultades de financiamento, durante o bienio 2010-2011 a USC mantivo unha produción científica equivalente á dos anos anteriores, incrementando sensiblemente tanto a proxección internacional das súas publicacións, como o número de patentes rexistradas.

3.1. Captación de recursos externos

Durante o ano 2011 un total de 1.924 actividades de investigación estaban vixentes e tiveron reflexo orzamentario. A tendencia que se iniciara no ano 2010, de caída no número de actividades de investigación, no ano 2011 acrecéntase (no exercicio 2010 houbo 235 actividades menos que no 2009 e no 2011 volveu descender respecto do ano anterior en 439 actividades).

Actividade investigadora e recursos captados

	2009	2010	2011
Número de actividades viventes	2.598	2.363	1.924
Importe dotado no orzamento (€)	74.303.509,55	70.557.868,57	50.048.228,52
Dereitos recoñecidos no exercicio (€)	74.409.589,10	70.529.802,03	44.810.851,91
Facturado no exercicio (€)	12.552.309,44	11.478.139,03	8.735.752,61

Esta cifra non sería relevante se o resto das magnitudes (importe dotado no orzamento, dereitos recoñecidos e importe facturado) se mantivesen en torno aos valores de exercicios anteriores, pero tamén o resto das magnitudes sofren significativas diminucións, o que evidencia a forte deterioración que están sufrindo os fondos destinados á investigación en Galicia.

Como adiantabamos no capítulo 3, no ano 2011 prodúcese una redución substancial dos recursos captados tanto a través de convocatorias públicas, que se viron fortemente reducidas a causa das políticas de axuste derivadas da consolidación fiscal das distintas administracións, como a través de contratos e convenios, mostrando a limitada capacidade do tecido económico para seguir investindo en investigación nas universidades tras unha etapa de crise tan prolongada.

Recursos externos captados para I+D (contías en miles de euros)

	2010		2011	
	Nº	Contía	Nº	Contía
CONVOCATORIA COMPETITIVA				
Proxectos / Accións internacionais	23	5.252	19	9.228
Proxectos / Accións nacionais	205	13.605	126	8.818
Proxectos /Accións autonómicas	258	12.694	30	3.988
Programa de recursos humanos de I+D		9.783		9.951
Outras accións por conv. competitiva		266		193
TOTAL		41.600		32.178
% captado por convocatoria competitiva*		74		76
CONTRATO E CONVENIO				
Con administracións	92	3.526	47	2.206
Con empresas/entidades	196	7.912	147	5.033
Servizos técnicos e asesoría		3.407		2.769
TOTAL		14.845		10.008
% captado por convocatoria competitiva*		26		24
ACCIÓNs INSTITUCIONAIS				
Apoio á investigación		9.904		976
Apoio á infraestrutura científica		3.750		2.515
Apoio á promoción e transferencia		778		234
TOTAL		13.654		3.725
TOTAL DE RECURSOS EXTERNOS CAPTADOS PARA I+D		70.099		45.911

*Porcentaxe do total de recursos externos excluindo as accións institucionais.

A área con maior número total de actividades e recursos captados é a da Ciencias da Saúde, seguida da de Ciencias Experimentais.

A área de Ciencias Sociais e Xurídicas ocupa o terceiro posto no volume de recursos captados, mentres que o número de actividades de investigación é similar ao da área de Ensinanzas Técnicas.

Na captación de proxectos e recursos competitivos, ocupa o primeiro posto a área de Ciencias Experimentais, seguida da de Ciencias da Saúde, que empata no número de proxectos captados coa área de Humanidades; ocupa esta a terceira posición no volume de recursos obtido neste tipo de convocatorias.

En termos de contía media dos proxectos captados, nas convocatorias competitivas destacan as áreas de Ciencias da Saúde e as Ciencias Sociais e Xurídicas, mentres que no apartado de contratos e convenios se atopan no primeiro posto as Ciencias da Saúde.

Contía media de recursos externos de I+D captados (miles de euros)

Grande área	Convocatorias competitivas	Contratos e convenios
Ciencias Experimentais (ACE)	106.301	11.453
Ciencias da Saúde (ACS)	151.449	26.160
Ciencias Sociais e Xurídicas (ACX)	151.313	14.033
Ensinanzas Técnicas (AET)	106.197	16.513
Humanidades (AHU)	51.870	16.513
TOTAL	113.426	16.934

A captación de persoal investigador a través dos programas de dotación de recursos humanos seguiu a tendencia descendente iniciada no ano 2008, acusando a redución das partidas públicas dedicadas á I+D nestes anos.



CONVOCATORIAS	2010		2011	
	Total	% de mulleres	Total	% de mulleres
EUROPEAS (Marie Curie)	3	33	0	0
NACIONAIS	76	57	59	30
Ramón y Cajal	5	40	3	33
Juan de la Cierva	4	0	2	0
Técnicos	4	25	5	20
FPI/FPU	63	63	49	49
AUTONÓMICAS	104	51	61	44
Isidro Parga Pondal	12	42	9	44
Ánxeles Alvariño	12	8		
María Barbeito	46	57	Non se convocaron	
I. Barreto/L. Labrada	34	62		
Axudas de apoio á etapa predoutoral			52	44
TOTAL	183	53	120	35

Pese a iso a USC segue a manter a súa presenza dentro do ámbito nacional e autonómico. Por exemplo, durante o ano 2010 a USC ocupou a quinta posición de España na captación de axudas dos programas de FPU e, no ámbito autonómico, segue a ocupar a primeira posición en captación de persoal para programas de I+D. No ano 2011 non se convocaron os programas autonómicos.

3.2. Producción científica

Moitos dos indicadores da difusión da investigación e da produción científica sitúan a nosa Universidade entre as primeiras de todo o territorio nacional. O informe CYD 2011 (da Fundación Conocimiento y Desarrollo) coloca a USC na posición número 11 no *ranking* de universidades españolas por volume acumulado de produción científica no período 2003-2010 (a 13.^a no período 2006-2010) e na número 14 segundo o impacto normalizado das publicacións no período 2003-2010 (a 10.^a no período 2006-2010, no cal ocupa a primeira posición segundo o impacto normalizado da produción científica no ámbito das matemáticas).

O *Ranking I-UGR de universidades españolas segundo campos e disciplinas científicas 2012*, atendendo á investigación publicada nas revistas internacionais de maior impacto e visibilidade, sitúa tamén a USC como a primeira das universidades españolas no campo das Matemáticas ao analizar o período 2007-2011. Ademais, ocupa o quinto posto en Ciencias Agrarias; o sexto en Tecnoloxías da Información e a Comunicación; sétima en Ciencias Biolóxicas, en Medicina e Farmacia, e en Economía, Empresa e Negocios; oitava en Química e Enxeñaría Química; e novena no campo da Psicoloxía e

Educación, estes últimos datos relativos ao período 2002-2011. Recollemos na táboa os valores de dous dos indicadores empregados na elaboración do *ranking*.

Rankings I-UGR de universidades españolas segundo campos e disciplinas científicas (3.^a ed. 2012)

Producción científica da USC no período 2007-2011

Campo	NDOC	NCIT
Ciencias Agrarias	374	1.495
Ciencias Biolóxicas	1.185	8.621
Ciencias da Terra e Medioambientais	489	2.295
Economía, Empresa e Negocios	70	153
Física	869	5.906
Enxeñaría	448	2.138
Matemáticas	400	2.230
Medicina e Farmacia	1.590	10.317
Outras ciencias sociais	95	146
Psicoloxía e Educación	194	447
Química e Enxeñaría Química	1.604	10.309
Tecnoloxías da Información e a Comunicación	155	730
Total	7.473	44.787

NDOC: Número de documentos citables publicados en revistas indexadas en calquera das categorías dos *Journal Citation Reports* (Thomson Reuters). Só se teñen en conta as tipoloxías Article, Review, Letter, Note e Proceeding Paper.

NCIT: Número de citas recibidas polos documentos citables

A pesar das dificultades que afronta a actividade investigadora, tanto a consecuencia dos menores recursos económicos obtidos como pola maior esixencia e dedicación que o EEES supón para o PDI, na USC seguiuuse a incrementar neste período o ritmo e a calidade na xeración de publicacións, manténdose a aposta pola formación de persoal doutor.

Evolución da produción científica da USC

	2008	2009	2010
Número de artigos publicados en revistas	1.686	1.798	1.871
Número de artigos publicados en revistas JCR	1.166	1.274	1.360
Número de teses defendidas	198	215	215

*Datos de 2011 non dispoñibles na data de elaboración da memoria

3.3. Transferencia e valorización

Das 58 (dez máis que no bienio 2008-2009) solicitudes de patente feitas pola USC á Oficina Española de Patentes e Marcas (OPEM) nos anos 2010 e 2011 fóronlle concedidas 42 (24 en 2008-2009). A USC conta así con máis de cento sesenta títulos de patente española concedidos, e o informe CYD 2011 sitúaa como a 5.^a universidade española por número de solicitudes de patente no período 2000-2010. Deste total de patentes, hoxe en día 34 están licenciadas.

Outras 42 solicitudes de patente internacional fixéronse ao Tratado de Cooperación en Materia de Patentes (PCT), das cales foron concedidas 7 no marco deste tratado que protexe os conceptos transferidos entre todos os países asinantes do acordo. A USC figura tamén no informe CYD 2011 no quinto lugar segundo o número de patentes solicitadas ao PCT no período 2004-2010.

Evolución da propiedade industrial de resultados de investigación

	2009	2010	2011
Solicitudes en España (OPEM)	24	31	27
Solicitudes Internacionais (PCT)	16	12	30
Concesións en España (OPEM)	14	17	25
Concesións internacionais (PCT)	2	2	3
Licenzas	1	1	6

O financiamento externo obtido por regalías, licenzas e vendas de patentes recuperouse en 2011 tras o acusado descenso de 2010.

Ingresos por licenzas

2009	2010	2011
93.930,53.€	44.148,63.€	70.540,00.€

No tocante á transferencia e a colaboración co mundo empresarial, tal e como reflicte o informe CYD 2011, na convocatoria 2010 do programa CENIT, cuxo obxectivo é aumentar a cooperación pública e privada en I+D+i a través da colaboración a longo prazo entre empresas e grupos de investigación, aprobáronse 76 proxectos, en tres dos cales participa a USC, que comparte o quinto posto en participación xunto coas politécnicas de Barcelona e Valencia e a Rey Juan Carlos. Ademais a USC era unha das dúas únicas universidades españolas que participaban no ano 2010 na rede Eureka, iniciativa intergubernamental de apoio á I+D+i cooperativa no ámbito europeo que ten como obxecto impulsar a competitividade das empresas

europas mediante o fomento da realización de proxectos tecnolóxicos, orientados ao desenvolvemento de produtos, procesos e/ou servizos con claro interese comercial no mercado internacional e baseados en tecnoloxías innovadoras.

A USC posúe tamén un alto potencial emprendedor e realiza un gran esforzo por impulsar a creación de empresas. A través dos programas Empresa Concepto e Woman Emprende impulsouse a creación de 8 empresas no período 2010-2011.

Empresas creadas a través do programa Empresa Concepto

2010	2011
Cilenis	Deroceras*
Biovía	Biocen*

*En trámites de constitución

Emprendemento feminino: Woman Emprende

Ano	Empresa (Sector)	Promotores
2010	Biovía (bioloxía)	1 muller
	Cilenis (filoloxía)	1 muller
	Biocen (enseñaría agroforestal)	1 muller
	Biotecnogal (enseñaría química)	1 muller
2011	Deroceras (bioloxía)	2 mulleres
	Xuntos	3 mulleres
	Biostat	4 mulleres
	Ermet	





4. DESEMPEÑO SOCIAL

No ámbito social temos que dar conta de como temos intentado satisfacer as expectativas dos nosos grupos de interese e respectado os seus dereitos. Cómpre revisar, pois, a nosa actuación en diversos ámbitos: apoio ao estudantado, integración social e igualdade de oportunidades, apoio ao persoal, internacionalización, voluntariado, cultura e deporte.

4.1. Apoio ao estudantado

Destacamos tres aspectos nesta área: a axeitada dotación de infraestruturas e servizos de apoio, as axudas económicas e o fomento da inserción laboral. A pesar de que as restricións económicas teñen afectado aos importes dalgunhas das axudas concedidas pola USC, os demais indicadores reflicten unha mellora que demostra o compromiso da USC coa satisfacción do seu estudantado.

Indicadores de apoio ao estudantado*

	2008-09	2009-10	2010-11
Nº de prazas subvencionadas no SUR	1.055	906	937
Importe das subvencións de prazas no SUR	1.574.487€	1.213.119€	1.448.217€
Importe subvencionado no transporte urbano	37.000€	37.000€	24.000€
Nº de postos de lectura totais en bibliotecas	6.710	6.787	6.853
Nº total de aulas de informática	94	94	94
Nº total de equipos nas aulas de informática	2.127	2.130	2.130
Rede sen fíos: nº de puntos de acceso instalados	707	723	735
Entrevistas de orientación laboral	1.316	1.428	1.440
Nº de estudantes con prácticas do Consello Social	1.133	892	946
% de mulleres con prácticas do Consello Social	72,46	73,99	73,57
Nº de titulados/as con prácticas Feuga	287	251	309
% de mulleres tituladas con prácticas Feuga	71,4	72,9	67,0
Nº de estudantes con prácticas Feuga	54	58	52
% de mulleres estudantes con prácticas Feuga	77,8	63,8	67,3
Queixas de estudantes ao Valedor	36	39	45

* As cifras de bibliotecas e servizos informáticos correspóndense co ano natural de peche do curso académico indicado e, as das entrevistas de orientación laboral, cos períodos de abril 2008-marzo 2009, abril 2009-xaneiro 2010 e febreiro 2010-xaneiro 2011.

4.2. Integración social e igualdade de oportunidades

A USC fomenta a integración dos/as estudantes con necesidades especiais e procura garantir a igualdade de oportunidades para todas as persoas. A través do SEPIU e coa axuda do Plan de igualdade de oportunidades entre mulleres e homes, en vigor no período 2009-2011, temos contribuído ao fornecemento do respecto a estes dereitos básicos das persoas, axudados tamén por unha sociedade cada vez máis concienciada e sensibilizada neste sentido.

Indicadores de integración social e igualdade de oportunidades*

	2008-09	2009-10	2010-11
Número de estudantes atendidos/as polo SEPIU	16	16	13
Número de estudantes con necesidades especiais aloxados/as no SUR	27	27	27
% de mulleres matriculadas en			
Titulacións de 1º e 2º ciclo (oficiais e propias) e graos	65,1	64,2	63,8
Másteres oficiais	-	61,8	60,6
Terceiro ciclo (etapas de formación e de tese)	56,2	55,5	55,6
Másteres propios, cursos de especialización e formación continua	64	66,16	62,63
IV ciclo	82,5	74,9	75,8
% de mulleres tituladas en			
Titulacións de 1º e 2º ciclo (oficiais e propias)	70,4	71,5	70,1
Diploma de estudos avanzados (DEA)	62	65	62,1
Título de doutora	49,7	42	51,7
Másteres oficiais		65,1	62,8
% de mulleres no persoal:			
Persoal total	45,2	45,5	45,5
PDI	38,2	38,6	39,1
PDI funcionarias	38,1	38,3	38,3
PDI contratadas	38,4	39,1	40,7
PAS	57,4	57,9	56,8
PAS funcionarias	69,4	69,8	69,3
PAS laboral fixo	37,4	38,1	37,8
PAS laboral eventual	55,8	54,2	51,6
PAS (outros)	57,9	79,3	61,5
% de mulleres no PDI:			
Catedráticas de universidade	14,3	16,3	18,1
Titulares de universidade	44,9	45,4	45,5
Catedráticas de escola universitaria	30,4	35	27,8
Titulares de escola universitaria	48,1	46	44,6
Contratadas doutoras	51,9	54,1	54,7
Axudantes doutoras	73,3	65,4	64
Axudantes	100	100	100



% de mulleres no PDI na área de			
Ciencias da Saúde	34,8	34,9	36,8
Ciencias Experimentais	35,7	35,6	35,4
Humanidades	45,3	47,3	46,8
Ciencias Xurídicas e Sociais	42,8	42,9	43,4
Ensinanzas Técnicas	24,8	25,2	25,2
% de mulleres no persoal dedicado á I+D:			
PDI en actividades de I+D	39,0	40,0	44,0
Contratos posdoutorais en programas de RR.HH. de I+D	55,0	49,0	39,0
Contratos predoutorais en programas de RR.HH. de I+D	60,0	59,0	57,0
Contratadas con cargo a actividades de I+D	57,0	56,0	57,0
Bolseiras con cargo a actividades de I+D	64,0	59,0	55,0
Persoal de apoio en infraestruturas científicas	54,0	54,0	58,0
Persoal de apoio en xestión e valorización	50,0	59,0	52,0

* As cifras de persoal correspóndense co ano natural de peche do curso académico indicado.

4.3. Apoio ao persoal

O noso persoal, o noso principal activo, non soamente debe contar coas mellores condicións de traballo posible, cunha xusta compensación económica e a garantía da súa seguridade e saúde no posto de traballo, senón que tamén debemos fomentar a formación continua e a articulación de beneficios sociais. Lamentablemente, a delicada situación económica ten afectado á intensidade dalgúns dos programas que a USC ven desenvolvendo desde fai anos nestes ámbitos; pero o seu compromiso de mellora segue a ser firme e terá que buscar solucións para seguir ofrecendo ao seu persoal un entorno de traballo motivador e axeitado pese a menor dispoñibilidade de recursos económicos.

Indicadores de apoio ao persoal

	2008-09	2009-10	2010-11
Nº de cursos de formación para o PAS	56	83	107
Nº de asistentes do PAS a cursos de formación	841	999	1.361
Nº de prazas da Escola Infantil Breogán	97	92	94
Nº de axudas cheque bebé Campus de Lugo	---	---	20
Nº de prazas do comedor da Escola Infantil Breogán	55	67	57
Porcentaxe do salario mínimo que representa o salario máis baixo na USC	237,49	236,39	226,54
Dotacións a plans de pensións	230.149 €	266.886 €	326.816 €
Custo para a USC da póliza de vida	150.486 €	192.401 €	127.259 €
Nº total de avaliacións (ou actualizacións) de risco	45	32	41
Nº total de postas en conformidade de equipos de traballo	367	150	94
Nº de plans de autoprotección elaborados ou actualizados	25	26	14
Nº de horas de formación en prevención de riscos	148	46	211
Nº de asistentes a cursos de formación en prevención de riscos (non necesariamente distintos)	59	94	203
Nº de horas de formación en equipos de emerxencia	82,5	81	33,5
Nº de asistentes a cursos de formación en equipos de emerxencia	1.173	1.006	583
Nº de centros con formación en equipos de emerxencia	65	62	34
Nº total de recoñecementos médicos no Servizo de Vixilancia da Saúde	705	802	683
Número de vacinacións no Servizo de Vixilancia da Saúde	493	336	389
Accidentes laborais	12	25	12
Días de baixa por sinistralidade	625	1486	259
Duración media da baixa por sinistralidade (días)	52	59	21
Queixas do PDI ao Valedor	6	8	10
Queixas do PAS ao Valedor	7	3	5

* As cifras poden corresponderse co ano académico ou co ano natural de peche do curso académico.

4.4. Internacionalización

Neste ámbito temos que destacar o peso do programa de mobilidade de estudantes ERASMUS, baixo o cal se produciu un movemento de máis de 1 500 alumnos/as no curso 2010-2011. Así mesmo, é necesario analizar que facilidades ofrecemos ao noso estudiantado para manexar o idioma do seu país de destino (español no caso do alumnado que recibimos, e algún dos diversos idiomas que se imparten no Centro de Linguas Modernas da USC no caso do alumnado doméstico). E cómpre considerar tamén outro tipo de

axudas artelladas para converter a USC nun destino atractivo para o estudiantado iberoamericano, co cal nos unen estreitos lazos.

Indicadores de internacionalización

	2008-09	2009-10	2010-11
Nº de acordos de intercambio ERASMUS asinados	820	1.250	1.661
Nº de universidades en convenios ERASMUS	353	388	425
Nº de países europeos con convenios ERASMUS	26	28	29
Nº de estudantes ERASMUS enviados/as	444	524	758
% de mulleres entre o alumnado ERASMUS enviado	67,6	67,7	62,3
Nº de estudantes ERASMUS recibidos/as	645	521	750
% de mulleres entre o alumnado ERASMUS recibido	68,5	69,7	76,7
Nº de alumnos/as matriculados/as en cursos de español para alumnado estranxeiro	955	909	890
Nº total de alumnos/as matriculados/as en cursos de idiomas	2.004	2.195	2.294
Nº de bolsas pre e posdoutorais para estudiantado iberoamericano na USC	11	29	10
% de mulleres con bolsa pre e posdoutoral para estudiantado iberoamericano na USC	72,7	41,4	50,0

4.5. Voluntariado

A USC é especialmente activa na promoción do voluntariado entre a comunidade universitaria. No bienio 2010-2011 incrementouse de xeito moi notable tanto o número de voluntarios/as que se implicaron nos diversos programas de voluntariado da USC (apoio a menores, saúde, asistencia a persoas maiores ou minorías étnicas), como o número estimado de persoas asistidas.

Actuacións nos diferentes programas (campus de Santiago e Lugo)

	2008-09		2009-10		2010-11	
	PA	V	PA	V	PA	V
Programas	79	21	182	72	178	66
Programas de apoio a menores	204	67	244	58	289	93
Actuacións no ámbito da saúde	540	72	643	113	363	63
Asistencia de persoas maiores	96	12	252	42	263	47
Minorías étnicas	89	18	153	126	122	42
TOTAL	1.008	190	1.474	411	1.215	311

PA: persoas asistidas (estimación)

V: voluntarios/as

A intensa actividade do SEPIU reflíctese tamén no número de programas de voluntariado desenvoltos e de convenios de compromiso social asinados.

Programas de voluntariado e convenios de compromiso social

	2008-09	2009-10	2010-11
Programas de voluntariado desenvoltos	50	68	60
Convenios de compromiso social asinados	7	13	9

4.6. Promoción da cultura e o deporte

Dentro da súa actividade de extensión universitaria, a USC comparte coa comunidade universitaria e o conxunto da sociedade o seu coñecemento e o seu patrimonio e fomenta todo tipo de manifestacións culturais e artísticas así como hábitos de vida saudables a través do deporte.

Indicadores de promoción da cultura

	2009	2010	2011
Nº de concertos, música e danza	78	91	82
Nº de exposicións	20	19	12
Nº de ciclos de cine	0	1	2
Nº de filmes proxectados	0	6	6
Nº de representacións teatrais	39	31	31
Nº de cursos de verán	72	38	39
Nº de alumnos/as matriculados/as en cursos de verán	3.608	1.667	1.566
Nº de usuarios/as rexistrados/as na fonoteca	97	51	45
Nº de audicións na fonoteca	244	120	110
Nº de préstamos de CD na fonoteca	1.001	504	262
Nº de proxeccións musicais na fonoteca	40	33	60
Nº de centros de ensinanza que visitaron o Museo Luís Iglesias	167	169	172
Nº total de estudantes e público xeral visitantes do Museo Luís Iglesias	10.722	12.811	10.328
Nº de visitantes no programa Universidade Viva	3.973	3.265	2.859

*As cifras da fonoteca correspóndense co curso académico que remata no ano indicado.

No que atinxe aos servizos deportivos, o número de persoas usuarias con carné das instalacións deportivas da USC rolda as 4.500; o das persoas matriculadas en actividades formativas e de lecer móvese por riba das 7.000; a cifra de participantes en ligas universitarias achégase aos 3.000 e o número de deportistas federados/as ascende a 555.

5. DESEMPEÑO AMBIENTAL.

Recollemos neste apartado os principais indicadores que resultan da xestión ambiental da USC e, en particular, o labor desenvolvido pola Oficina de Desenvolvemento Sostible, que, ademais de traballar nos eidos da investigación, formación e sensibilización ambiental, coordina as principais actuacións de xestión ambiental que se levan a cabo na nosa Universidade. Destacamos aquí as cifras relacionadas co consumo enerxético e de auga e coa xestión de residuos, os resultados das actuacións en materia de mobilidade sostible e a análise da pegada ecolóxica da USC.

5.1. Consumo enerxético

Unha primeira análise para facer neste eido refírese ao consumo de enerxía en forma de electricidade, gasóleo e gas natural.

Datos de consumo eléctrico (kWh)

	2009	2010	2011
Compañía distribuidora	24.240.609	23.269.689	21.887.073
Coxeración	3.852.687	4.615.281	5.521.773
Total consumo	28.093296	27.884970	27.408846



O consumo de enerxía eléctrica nestes dous últimos anos permaneceu case constante, con valores inferiores aos do ano 2009. A contribución da enerxía eléctrica por parte do sistema de coxeración recupérase e sitúase próxima aos valores do ano 2008, tras amañar os problemas mecánicos que limitaron o rendemento durante 2009 e comezos de 2010. A principal consecuencia disto é a diminución da achega externa de electricidade, co conseguente beneficio económico e ambiental. Na seguinte táboa especificanse os principais parámetros do sistema de coxeración da USC.

Datos do sistema de coxeración da USC

	2009	2010	2011
Xeración de electricidade (consumida máis vendida) (kWh)	4.777.603	5.356.205	7.003.543
Enerxía eléctrica producida e consumida na USC (kWh)	3.852.687	4.615.281	5.521.773
Porcentaxe sobre o total de consumo eléctrico	13,71	16,55	20,15
Enerxía excedente vendida (kWh)	924.916	740.924	1.481.770
Aproveitamento da coxeración en enerxía calorífica (gasóleo-litros)	620.846	418.918	573.816
Porcentaxe da cantidade anterior sobre o total de consumo de enerxía calorífica	10,80	21,01	10,80

A continuación recóllese a información do consumo de gasóleo e gas natural para caldeiras, combustibles que complementan a enerxía calorífica xerada polo sistema de coxeración. O consumo de gas natural correspóndese en 2011 nun 76% ao sistema de coxeración e nun 24% ás caldeiras nos centros.

Consumo de gasóleo e gas natural para calefacción

	2009	2010	2011
Total de consumo de gasóleo (litros)	1.663.860	1.665.742	919.753
Gas natural (kWh)	17.925.061	21.753.817	26.631.373

O incremento no consumo de gas natural explícase, como xa se comentou no capítulo 4, pola substitución de caldeiras de gasóleo por novas caldeiras de gas natural (debido ao menor impacto ambiental deste combustible) e a mellora nos motores de coxeración, que estiveron operativos durante máis tempo (o que implica un maior consumo de combustible).

O consumo enerxético leva asociadas unhas emisións de gases de efecto invernadoiro (GEI), que reflicten unha constante redución das emisións de CO₂. O aumento das emisións de óxido nítrico débese principalmente ao incremento do consumo de gas natural durante os dous últimos anos.

Emisións de GEI asociadas ao consumo enerxético (t)

	2009	2010	2011
CO ₂	18.839	15.886	14.331
CH ₄	763	465	504
N ₂ O	61	138	138

5.2. Consumo de auga

A evolución no consumo de auga amosa unha constante redución, debida, principalmente, a un uso máis racional da auga. No campus de Lugo pódese apreciar unha elevada subida no consumo, isto débese principalmente a que se incorporaron novos edificios ao tecido urbano do campus (CACTUS-Lugo) e a que ata o 2010 houbo consumos de auga non rexistrados nas bases de datos da USC.

Consumo de auga na USC (m3)

	2009	2010	2011
Campus de Santiago	382.645	320.186	295.388
Campus de Lugo	19.574	35.523*	39.852*
Total da USC	402.219	355.709	335.240

*Valor estimado.

5.3. Xestión de residuos

Proporcionando información e mediante a realización de campañas de sensibilización, a Oficina de Desenvolvemento Sostible pretende crear o hábito da recollida selectiva de residuos nos edificios universitarios. Para facilitar esta tarefa, anualmente revísase a dotación de colectores nas diferentes localizacións e dáse solución a demanda dos centros docentes. No bienio 2010-2011 seguiuise mellorando a dotación de colectores distribuídos nos edificios da USC, coa colaboración da Unidade de Xestión de Residuos.

Colectores internos distribuídos pola ODS

(valores acumulativos)

	2009	2010	2011
Papeleiras	3.814	3.815	3.946
Papel	264	267	280
Pilas	63	63	72
Tinta e tóner	78	82	90
Móbiles (colector)	8	8	8
Móbiles (bolsas)	35	45	45

Colectores internos distribuídos pola ODS
(valores acumulativos)

	2009	2010	2011
CD e DVD	64	64	71
Disquetes	---	35	38
Composteiros	3	3	5
Envases lixeiros	8	61	66

En colaboración cos concellos de Santiago de Compostela e Lugo, xestiónase a dotación de colectores externos e compártense os datos para estimar a cantidade de xeración de residuos sólidos urbanos da USC, que ofrecemos xunto cos datos de xeración de residuos perigosos, xestionados pola Unidade de Xestión de Residuos (dependente do Servizo de Prevención de Riscos).

Xeración de residuos na USC (kg)

	2009	2010	2011
Envases lixeiros*	18.121	21.805	34.869
Papel e cartón*	175.984	187.722	165.977
Vidro*	31.413	39.942	37.823
Xenéricos (materia orgánica e materiais non reciclables)*	401.039	439.023	876.458
Outros residuos non perigosos	30.647	1.284	1.487
Residuos perigosos	58.512	56.430	54.547

*Os valores de 2011 inclúen o campus de Lugo.

5.4. Mobilidade sostible

O estudo sobre os hábitos de mobilidade na USC constata que os membros da comunidade universitaria adoitan ir a pé nos seus desprazamentos cotiáns aos campus universitarios. A presenza do automóbil aínda segue a ser elevada, mentres que o uso do autobús como transporte público está a descender en número. O PDI e o PAS empregan o automóbil como principal medio de transporte, mentres que os estudantes son o colectivo que máis se despraza a pé e en bicicleta.

Hábitos de mobilidade na USC: uso de medios de transporte en 2011 (%)

A pé	Autobús	Automóbil	Bicicleta	Tren	Motocicleta
53	13,6	25,6	3,7	3,4	0,7

O programa de préstamo de bicicletas segue a ter moi boa acollida entre a comunidade universitaria, pois ano tras ano incrementase a demanda (en 2011 aumentou un 11% respecto a 2010).

Adxudicacións no programa de préstamo de bicicletas

	2010				2011			
	Estudiante	PDI	PAS	% sobre solicitudes	Estudiante	PDI	PAS	% sobre solicitudes
Campus de Santiago	155	12	13	65,7	150	11	9	56,7
Campus de Lugo	71	7	4	87,2	62	6	7	69,4
Total	226	19	17	71,2	212	17	16	60,0

5.5. Pegada ecolóxica

No ano 2011 pódese observar un lixeiro aumento no valor da pegada ecolóxica, pois pese á melloría nalgúns ámbitos (consumo eléctrico, consumo de auga e de papel), incrementouse o impacto asociado á mobilidade e ao emprego de gas natural, aínda que este último está esencialmente relacionado co mellor rendemento do sistema de coxeración, que posibilita a venda de enerxía eléctrica. Hai que ter en conta tamén que no ano 2011 compútanse os residuos de vidro, papel e cartón, envases lixeiros e xenéricos xerados no campus de Lugo, a diferenza dos anos 2009 e 2010. Por outra banda, a pegada ecolóxica por ha/persoa/ano vese incrementada pola diminución no número de membros da comunidade universitaria (34.524 persoas en 2010 e 31.108 en 2011).

Pegada ecolóxica (PE) na USC*

	PE (ha/ano)			PE (ha/persoa/ano)		
	2009	2010	2011	2009	2010	2011
Construción	1.267,78	1.285,75	1.296,58	0,038	0,037	0,042
Consumo eléctrico	2.407,27	1.558,48	1.465,88	0,073	0,045	0,047
Consumo de gasóleo	1.110,47	1.105,48	613,85	0,034	0,032	0,02
Consumo de gas natural	827,95	1.004,80	1.230,09	0,025	0,029	0,04
Consumo de papel	96,44	108,23	92,27	0,003	0,003	0,003
Consumo de auga	34,13	19,32	17,96	0,001	0,001	0,001
Xeración de residuos	57,28	62,24	124,03	0,002	0,002	0,004
Mobilidade	1.669,73	2.457,88	2899,81	0,051	0,071	0,093
Superficie ocupada	52,78	53,53	53,98	0,002	0,002	0,002
PE total	7.523,83	7655,71	7794,45	0,228	0,222	0,251

* Empregando como capacidade de absorción de CO₂ da masa forestal galega 4,33 tonCO₂/ha/ano (fonte: Herva Iglesias, M., *Development and integration of environmental evaluation tools for the ecodesign of sustainable processes and products*, Universidade de Santiago de Compostela, 2011).



6. POSICIÓN DA USC NOS PRINCIPAIS RANKINGS DE UNIVERSIDADES

A competitividade da nosa institución e dos nosos grupos de investigación en relación coas outras universidades do noso contorno máis inmediato é relevante para fundamentar a elección da nosa Universidade como destino preferente por parte do futuro estudiantado e persoal investigador.

A USC afianzou neste anos a súa posición entre as universidades públicas e privadas españolas con maior capacidade para xerar coñecemento, o que a sitúa en postos destacados nos diversos *rankings* que avalían o impacto da produción científica universitaria. A Thomson Reuters web of knowledge acreditou que a USC é a primeira universidade do mundo en citacións no período 2001-2011 en Medicina Legal e Ciencias Forenses. Tamén, como xa comentamos no apartado 3.2. deste capítulo os resultados da USC no *Ranking* I-UGR de universidades españolas segundo campos e disciplinas científicas 2012, no cal, no conxunto global e para o período 2007-2011, se sitúa na 9ª posición segundo o criterio de campos, e como a 1ª das universidades españolas no campo das Matemáticas. No relativo ás disciplinas, Odontoloxía sitúase como a 3ª de España tanto no período 2002-2011 como entre 2007 e 2011.

No Academic Ranking of World Universities (ARWU), que publican dende 2003 o Center for World-Class Universities e o Institute of Higher Education of Shanghai Jiao Tong University da China, a USC figura entre as 500 universidades máis importantes do mundo, tanto na edición de 2009 como na última de 2010, mentres que no *ranking* 2011/2012 QS World, o máis prestixioso xunto co ARWU, a USC figura entre as 450 mellores universidades do mundo.

No *ranking* SCImago (SIR) de institucións de educación superior españolas, baseado nos datos de Scopus 2006-2010, a USC figura na 11ª posición nunha lista de 93 institucións. E na súa versión iberoamericana, ocupa a posición 25ª dun total de 1 401 universidades iberoamericanas.

No último *ranking* de universidades do *El Mundo*, publicado en maio de 2012, a USC ocupa o 3º posto como mellor grao de Enxeñaría Química, Odontoloxía e Ciencias Políticas e da Administración e o 4º en Farmacia.

Outro eido en que a Universidade compostelá obtén un resultado destacado é no medioambiental. No *ranking* GreenMetric publicado en 2010, que avalía o compromiso das universidades de todo o mundo cara ao desenvolvemento de accións de desenvolvemento sostible, a USC atópase no posto 68, sendo a quinta institución universitaria española da listaxe.

Destacamos algúns dos resultados máis relevantes destas distintas clasificacións, que evidencian o inestimable esforzo de toda a comunidade universitaria por manter o nivel de esixencia nun contexto de restricións financeiras e de medidas difíciles.

Posición da USC na Thomson Reuters web of Knowledge. Ranking mundial por citacións no período 2001-2011

Campo	Posición
Medicina legal e Ciencias Forenses	1

Posición da USC no Ranking I-UGR 2012 por campos científicos (2007-2011)

Campo	Posición
Matemáticas	1
Ciencias Agrarias	6
Ciencias Biolóxicas	7
Química e Enxeñaría Química	9
Medicina e Farmacia	9

Posición da USC no Ranking I-UGR 2012 por disciplinas científicas (2007-2011)

Disciplina	Posición
Odontoloxía	3
Farmacia e Toxicoloxía	4
Ciencias Políticas	4
Bioquímica, Bioloxía Celular e Molecular	6
Agricultura	7
Xenética e Bioloxía Evolutiva	7
Medicina	8
Veterinaria e Gandería	8
Microbioloxía e Viroloxía	8
Saúde pública	9
Estadística	9
Enxeñaría Química	10
Ecoloxía e Ciencias Ambientais	10
Química	10
Economía	10

Posición da USC no informe CYD 2011 (baseado en SCImago 2006-2010)

Concepto	Posición
Produción científica das universidades españolas na área de Matemáticas-Impacto Normalizado	1
Produción científica das universidades españolas na área de Inmunoloxía e Microbioloxía-Volume de Producción	6
Produción científica das universidades españolas na área de Psicoloxía-Publicacións en Revistas Primer Cuartil	7
Produción científica das universidades españolas na área de Ciencias da Decisión -Impacto Normalizado	9
Produción científica total das universidades españolas- Impacto Normalizado	10

Outros indicadores da posición relativa da USC respecto das universidades españolas (2010)

Concepto	Posición
Volume de proxectos competitivos nacionais (Programa de investigación fundamental non orientada)	7
Número de artigos ISI-JCR	7
Convocatoria de recursos humanos FPU	5
Convocatoria de recursos humanos FPI	12
Programa autonómico de promoción xeral de investigación (INCITE)	1

Posición da USC no Ranking El Mundo 2012/2013 "50 carreiras"

Concepto	Posición
Grao en Enxeñaría Química	3
Grao en Ciencias Políticas e da Administración	3
Grao en Odontoloxía	3
Grao en Farmacia	4

7. PREMIOS E RECOÑECIMENTOS OBTIDOS

A USC, distintos grupos de investigación, membros do persoal docente e investigador e os/as estudantes, e algunhas das empresas xurdidas nela, teñen recibido diversos premios no período da memoria como recoñecemento á súa actividade por parte da sociedade.

Premios e recoñecementos 2011

Selo Humboldt á excelencia científica da Fundación Alexander von Humboldt
Medala Adelaida (galardón máis importante das Ciencias Forenses no ámbito mundial)
Premio Jaume I de Novas Tecnoloxías
Premio María Josefa Wonenburger 2011
XVI Premio Nóvoa Santos da Asociación de Médicos Galegos (ASOMEGA)
Cruz Distinguida de 1ª Clase da Orde de San Raimundo de Peñafort
Medala da Universidade de Lisboa
XV Premio Grupo Compostela-Xunta de Galicia
Premio de Investigación Universidade da Habana e o da Academia de Ciencias
Excellence Award on Thermodynamics and Transport Properties da European Federation on Chemical Engineering (EFCE)
Premios 'Defensa do medio ambiente e dos bens comúns' e 'Traballo Digno' da Fundación Luís Tilve
Premio Cultura Galega 2011
Premio de Mozo Investigador
Premio dos espectadores na Mostra Internacional de Teatro Universitario de Ourense
Premio de investigación científica Doutor Jiménez Herrero 2010 da Real Academia de Medicina e Cirurxía de Galicia
Premio da Federación Europea de Enxeñaría Química
Premio Domingo Fontán de investigación histórica
Premios de divulgación científica do Centro Nacional de Física de Partículas, Astropartículas e Nuclear
Premio Sergio Vidal 2011
XVI Premio de Xornalismo Reimóndez Portela
Premio Martínez Moreno de invención e investigación en química aplicada
Premio de Economía Mundial 'José Luis Sampedro'
Premio Galicia Sénior
Premios de Investigación 2011 da Real Academia Galega de Ciencias e Premio de Promoción de Novos Investigadores para menores de 28 anos
Premio da Crítica de Galicia 2011 na categoría investigadora
Premio José María Savirón de divulgación científica 2010
Premio Trasalba 2011 da fundación Otero Pedrayo
Premio HG&T-Agaxet e a Medalla Dagda na Categoría I+D e Formación na XIII Gala do Turismo e a Gastronomía de Galicia
Premio da revista Muy Interesante
Premio da Fundación Lafourcade Ponce, na modalidade de investigación
Premio do Organismo Autónomo de Programas Educativos Europeos (OAPEE).
Premio do XXIV Certame Nacional para Novos Investigadores do Ministerio de Educación e o INJUVE


Debemos mencionar tamén que a Facultade de Farmacia da USC foi distinguida en 2010 co Premio da Real Academia de Farmacia de Cataluña correspondente ao ano 2008 en recoñecemento a súa contribución ao longo de 150 anos “ao enaltecemento das Ciencias Farmacéuticas”. Pola súa banda, a Facultade de Veterinaria da Universidade de Santiago de Compostela pertence á European Association of Establishments for Veterinary Education (EAEVE), que ten a misión de apoiar, promover e desenvolver a educación veterinaria en tódolos seus aspectos. Ademais, a titulación de Enxeñaría Química da USC obtivo a acreditación pola Institution of Chemical Engineers (IChemE, UK), a nivel de Máster en Enxeñaría (MEng) e con validez dende o curso 2010-11 ata o curso 2012-13, o que permite que os titulados en Enxeñaría Química pola USC accedan á categoría profesional de *Chartered Engineer*.

Finalmente, destacamos o investimento como doutores Honoris Causa de profesores da USC por parte doutras institucións académicas no bienio 2010-2011.

Doutores Honoris Causa da USC

D. Carlos Pajares Vales	Catedrático de Física investido Doutor Honoris Causa pola Universidade Técnica de Lisboa en recoñecemento ao seu labor investigador en física de partículas e, en concreto, pola súa estreita colaboración co desenvolvemento da investigación en Portugal no eido da física
D. Francisco Puy Muñoz	Profesor emérito da Facultade de Dereito investido Doutor Honoris Causa pola Universidade Sagrado Coração de Bauru (Brasil) en recoñecemento aos seus “méritos e a súa extraordinaria contribución á filosofía do dereito e á investigación científica”

PERSPECTIVAS



O Plan estratéxico 2011-2020 da USC foi elaborado e aprobado en 2011 reflectindo moitas das recomendacións recollidas nos principais documentos de referencia para a educación superior: a “Estrategia Universidad 2015. Contribución de las universidades al progreso socioeconómico español”, publicada en 2010 pola Secretaría Xeral de Universidades do Ministerio de Educación, Cultura e Deporte; a comunicación “Europa 2020: unha estratexia para un crecemento intelixente, sostible e integrador”, publicada en marzo de 2011 pola Comisión Europea, así como o acordo do Plan de financiamento 2011-2015 entre a Xunta de Galicia e as universidades galegas.

O Plan considera un horizonte temporal amplo en que integrar as estratexias que a institución debe desenvolver para acadar os obxectivos marcados, tanto para recuperar o equilibrio no seu seo como para apoiar o inicio da recuperación do sistema económico baixo un obxectivo común e global de consecución dun desenvolvemento sostible.

As formulacións xerais do Plan estratéxico están a ser concretadas polo equipo de goberno nunha proposta de programación plurianual ata o exercicio 2014, pendente de discusión e aprobación nos outros órganos colexiados da USC, da cal cómpre destacar polo seu alcance e relevancia proxectiva varios aspectos.

No ámbito das PERSOAS, no marco do EEES debemos ofrecer aos/ás estudantes unhas oportunidades educativas de alta calidade que lles permitan prepararse para a súa internacionalización e o éxito profesional, captar os/as mellores estudantes e loitar contra a fuga do talento. Por outro lado, a metodoloxía da ensinanza debe prestar maior atención a que o estudantado adquira competencias e habilidades, non só coñecementos teóricos, facendo fincapé na capacitación e o “saber facer”. Isto non será posible sen a implicación do PDI e o PAS, con quen debemos traballar e colaborar para conseguir que xogue un papel máis aliñado cos novos obxectivos a medio e longo prazo. Así, teremos que

- a) establecer o cadro óptimo de persoal, baseado nun modelo de xestión de recursos humanos flexible, que recolla a diversidade, vinculándoo ás necesidades da USC e, moi especialmente, á captación e promoción do novo profesorado de cara a facilitar a remuda xeracional;
- b) atraer estudantes con alto potencial académico e mellorar o proceso formativo para incorporar competencias dirixidas a facilitar a empregabilidade.

No relativo á ACTIVIDADE UNIVERSITARIA, en primeiro lugar, e para garantir a adecuada inserción do noso estudantado no tecido produtivo, é necesario revisar a oferta de titulacións, para adaptala ás necesidades da sociedade actual, baseada no coñecemento e a innovación, sen esquecer a achega de títulos de gran traxectoria histórica e de títulos de formación básica que, aínda non sendo estritamente profesionalizantes, son imprescindibles para apuntalar o progreso humano e científico en todas as áreas do saber. Debemos preocuparnos tamén pola mellora da calidade na docencia e por que o esforzo do persoal docente sexa adecuadamente valorado, tanto pola sociedade, outorgando o debido recoñecemento ao seu labor, como polos responsables das políticas sobre PDI, tratando de respectar a maior vocación docente ou investigadora de cada persoa en base a criterios xustos e equitativos. Ademais, é necesario construír a nivel local, autonómico, estatal e internacional, alianzas constituídas por diferentes axentes e áreas de especialización, proce-

dentes do ámbito público, privado, civil e académico, que combinen os mellores coñecementos, activos e capacidades de cada sector para acadar os mellores resultados de investigación e transferencia. Tendo isto presente, as tarefas máis urxentes da USC neste ámbito son

- a) racionalizar e mellorar a oferta formativa, derivada da avaliación dos distintos estudos, especialmente no que atinxe a másteres, e desenvolver a nova estrutura dos programas de doutoramento;
- b) perfeccionar os procesos de garantía de calidade da docencia, área de acción fundamental da universidade, que esixe recursos materiais e humanos suficientes;
- c) promover a excelencia investigadora e acadar a participación doutras institucións na xestión dos centros de investigación.

No que atinxe á XESTIÓN INSTITUCIONAL, no marco do EEES resulta imprescindible apostar pola internacionalización das institucións universitarias, promovendo a mobilidade do estudiantado ou do profesorado e do persoal investigador e a creación de redes internacionais de grupos de investigación. Por outra banda, faise necesario buscar unha maior autonomía de ingresos a través da diversificación das fontes de financiamento, reforzando a nosa autonomía, e procurando a maior eficiencia na xestión. Neste sentido, debemos modernizar e profesionalizar os labores de xestión, apoiando o desenvolvemento da carreira profesional do PAS en relación coa administración e os servizos universitarios. Debemos reforzar tamén a integración das novas tecnoloxías, tanto na docencia e a investigación coma na xestión. Así, os retos máis salientables son

- a) establecer un plan estratéxico de internacionalización e proxección exterior da USC;
- b) acadar o equilibrio necesario entre recursos e necesidades mediante a obtención dos primeiros de administración públicas e entidades privadas, e a racionalización, eficiencia e austeridade na satisfacción das segundas;
- c) consolidar unha xestión de calidade, avanzando na acreditación de servizos;
- d) implantar a administración electrónica e desenvolver o III Plan estratéxico das TIC.

En canto á RELACIÓN CO CONTORNO, as universidades deben asumir un papel máis activo na xeración e difusión de coñecemento que facilite a innovación no tecido empresarial, promovendo unha perspectiva aplicada da investigación que facilite a transferencia de coñecemento e tecnoloxía á sociedade e contribúa ao desenvolvemento socioeconómico do contorno. Neste sentido, a USC ten mostrado un forte compromiso coa asunción da súa responsabilidade social nos pasados anos, mais debe facer un esforzo maior

para consolidalo e poñelo en valor, dotando de maior coherencia e coordinación as actuacións que se veñen desenvolvendo. As liñas directrices do futuro da actividade universitaria pasan por que as universidades asuman a súa responsabilidade social para acadar un desenvolvemento sostible capaz de combinar o dinamismo económico, social e cultural coa cohesión, a equidade, a interculturalidade, a protección ambiental, a calidade de vida das persoas, o recoñecemento da súa diversidade e a ampliación das súas oportunidades, dereitos e capacidades. Ademais, a universidade precisa do recoñecemento e apoio da sociedade, polo que debemos mellorar as ferramentas e mecanismos de comunicación e rendición de contas, incorporando novos instrumentos ou mellorando os xa existentes para difundir as nosas actividades tanto dentro da propia institución como de cara ao exterior.

Partindo destas reflexións, as prioridades por destacar neste ámbito son

- a) potenciar no marco da súa terceira misión (difusión e transferencia de coñecemento) o crecemento económico e a mellora da calidade de vida a través da investigación, a transferencia de coñecemento e a innovación;
- b) sistematizar a xestión da responsabilidade social, orientándoa cara á creación de valor para todos os grupos de interese e usándoa como base para o modelo de rendición de contas da Universidade á sociedade;
- c) elaborar e implantar o II Plan estratéxico de igualdade de oportunidades entre mulleres e homes, e diminuír o impacto ambiental das actividades universitarias mediante accións de formación e concienciación, así como con medidas de aforro e racionalización de consumos;
- d) deseñar e desenvolver un plan de comunicación integral e *marketing* institucional, que facilite a consecución dos obxectivos estratéxicos da USC.

Na procura de todos estes obxectivos, a responsabilidade social e a sostibilidade deben ser as nosas principais ferramentas de traballo. O Plan estratéxico da USC 2011-2020 integra a responsabilidade social na estratexia global da institución, converténdose no marco baixo o cal a USC asume un compromiso explícito de creación de valor social, ambiental e económico e de diálogo, transparencia e rendición de contas para con todos os membros da comunidade universitaria e a sociedade. Así, o Plan estratéxico da USC articula a responsabilidade social da USC como un eixe esencial que, ademais do seu peso específico, impregna e contaxia o resto dos eixes recollidos no plan, co obxectivo de converter a responsabilidade social nunha ferramenta estratéxica que dote de maior coordinación e coherencia as iniciativas e actuacións que xa se desenvolven na

institución, e que facilite o mantemento dun diálogo aberto e permanente con todos os nosos grupos de interese.

Para acadar estes obxectivos contamos, ademais, co máis importante e valioso activo, as persoas, grazas ás cales temos acadado importantes logros nos eidos da docencia, a investigación, a xestión e os servizos, e que teñen amosado, ademais, o seu compromiso social e ambiental, tanto de xeito individual coma apoiando as iniciativas da institución. Sen elas sería imposible construír una universidade socialmente responsable.

Índice de
indicadores
GRI-G3

ÍNDICADORES GRI-G3
PÁXINAS
1 ESTRATEXIA E ANÁLISE

1.1	Declaración do máximo responsable da organización.	7-8
1.2	Descrición dos principais impactos, riscos e oportunidades relacionados coa sustentabilidade.	39-41

2 PERFIL DA ORGANIZACIÓN

2.1	Nome da organización.	Portada
2.2	Principais marcas, produtos e servizos.	*(1)
2.3	Estrutura operativa da organización.	33-37
2.4	Localización da sede principal da organización.	23, 34
2.5	Países nos que opera a organización e desenvolve actividades significativas.	23, 34, 81, 123-125
2.6	Natureza da propiedade e forma xurídica	33-34
2.7	Mercados servidos (desglose xeográfico, sectores que abastece e tipos de clientes).	23, 34, 52-54
2.8	Dimensións da organización informante.	17
2.9	Cambios significativos durante o período cuberto pola memoria (tamaño, estrutura, propiedade da organización).	23, 33-34
2.10	Premios e distincións recibidos durante o período informativo.	183-184

3 PARÁMETROS DA MEMORIA

Perfil da memoria		
3.1	Período cuberto pola información contida na memoria.	15
3.2	Data da memoria anterior máis recente.	15
3.3	Ciclo de presentación de memorias (anual, bienal, etc.).	15
3.4	Punto de contacto para cuestións relativas á memoria ou o seu contido	15
Alcance e cobertura da memoria		
3.5	Proceso de definición do contido da memoria.	11-15
3.6	Cobertura da memoria (países, filiais, instalacións arrendadas, etc.).	15
3.7	Existencia de limitacións do alcance ou cobertura da memoria.	11-15
3.8	Bases para incluír información no caso de negocios conxuntos, filiais, etc. que poidan afectar significativamente á comparabilidade entre períodos e entre organizacións.	11-15
3.9	Técnicas de medición de datos para a elaboración de indicadores. Motivos polos que se decidiu non aplicar os Protocolos de indicadores do GRI, ou discrepancias cos mesmos.	11-15,193-199
3.10	Descrición do efecto da reformulación da información pertencente a memorias anteriores.	11-15
3.11	Cambios significativos respecto de períodos anteriores sobre o alcance, a cobertura ou os métodos de valoración aplicados na memoria.	11-15
Índice do contido GRI		
3.12	Táboa coa localización dos contidos básicos da memoria.	3-6, 193-199

Verificación		
3.13	Política e prácticas sobre a verificación externa da memoria. Relación entre a organización informante e o verificador.	*(2)
4 GOBERNO, COMPROMISOS E PARTICIPACIÓN DOS GRUPOS DE INTERESE		
Goberno		
4.1	Estrutura de goberno da organización.	33-34
4.2	Indicar se o presidente do máximo órgano de goberno ocupa tamén un cargo executivo e a súa función dentro da dirección da organización.	n.a.
4.3	Número de membros do máximo órgano de goberno que sexan independentes ou non executivos.	n.a.
4.4	Mecanismos dos accionistas e empregados para comunicar recomendacións ou indicacións ao máximo órgano de goberno.	33-34, 60-62, 116
4.5	Vínculo entre a retribución dos membros do máximo órgano de goberno, altos directivos e executivos e o desempeño da organización (incluído o desempeño social e ambiental).	n.a.
4.6	Procedementos implantados para evitar conflitos de interese no máximo órgano de goberno.	33-34
4.7	Procedemento de determinación da capacitación e experiencia esixible aos membros do máximo órgano de goberno para poder guiar a estratexia da organización nos aspectos sociais, ambientais e económicos.	33-34
4.8	Declaracións de misión, valores, códigos de conduta e principios relevantes para o desempeño económico, ambiental e social da organización.	29-31, 57-59
4.9	Procedemento do máximo órgano de goberno para supervisar a identificación e xestión do desempeño económico, ambiental e social da organización. Cumprimento dos estándares acordados a nivel internacional, códigos de conduta e principios.	33-34
4.10	Procedementos para avaliar o desempeño propio do máximo órgano de goberno, en especial con respecto ao desempeño económico, ambiental e social.	33-34
Compromisos coas iniciativas externas		
4.11	Aplicación do principio ou enfoque de precaución establecido nos Principios de Río.	*(3)
4.12	Principios ou programas sociais, ambientais e económicos desenvolvidos externamente, así como calquera outra iniciativa que a organización subscriba ou aprobe.	60
4.13	Principais asociacións ás que pertence a organización e grao de implicación.	60
Participación dos grupos de interese		
4.14	Relación dos grupos de interese da organización.	43
4.15	Procedementos para a identificación e selección dos grupos de interese da organización.	43-45
4.16	Enfoques adoptados para a inclusión dos grupos de interese e frecuencia de participación.	33-34, 43,45, 60-62, 116
4.17	Principais preocupacións e aspectos de interese xurdidos da participación dos grupos de interese e a forma na que respondeu a organización aos mesmos na elaboración da memoria.	*(4)

DIMENSIÓN ECONÓMICA		
Enfoque de xestión económico-financeira		83
Desempeño económico		
P	EC1 Valor económico directo xerado e distribuído, ingresos e custos de explotación, retribución a empregados, doazóns, beneficios non distribuídos, pagos a provedores e a gobernos.	22, 145-153
P	EC2 Consecuencias financeiras, outros riscos e oportunidades para as actividades da organización debidos ao cambio climático.	179
P	EC3 Cobertura das obrigacións da organización debidas a programas de beneficios sociais.	113-114, 172
P	EC4 Axudas financeiras significativas recibidas de gobernos.	146-148, 162
Presenza no mercado		
A	EC5 Rango das relacións entre o salario inicial estándar e o salario mínimo local en lugares onde se desenvolvan operacións significativas.	172
P	EC6 Política, prácticas e proporción de gasto correspondente a provedores locais en lugares onde se desenvolvan operacións significativas.	*(5)
P	EC7 Procedementos para a contratación local e proporción de altos directivos procedentes da comunidade local en lugares onde se desenvolvan operacións significativas.	33, 113
Impactos económicos indirectos		
A	EC8 Desenvolvemento e impacto dos investimentos en infraestruturas e os servizos prestados principalmente para o beneficio público.	99-142, 169-179
P	EC9 Descrición dos impactos económicos indirectos significativos.	21-27, 75-76, 83-90
DIMENSIÓN AMBIENTAL		
Enfoque de xestión ambiental		133-135
Materiais		
P	EN1 Materiais utilizados por peso ou volume.	*(6)
P	EN2 Porcentaxe dos materiais utilizados que son materiais valorizados.	177
Energía		
P	EN3 Consumo directo de enerxía desglosado por fontes primarias.	175-176
P	EN4 Consumo indirecto de enerxía desglosado por fontes primarias.	175-176
A	EN5 Aforro de enerxía debido á conservación e ás melloras na eficiencia.	175-176
A	EN6 Iniciativas para proporcionar produtos e servizos eficientes no consumo da enerxía.	n.a.
A	EN7 Iniciativas para reducir o consumo indirecto de enerxía e as reducións logradas coas devanditas iniciativas.	133-135, 176, 178-179

Auga		
P	EN8 Captación total de auga por fontes.	177
A	EN9 Fontes de auga que foron afectadas significativamente pola captación de auga.	n.a.
A	EN10 Porcentaxe e volume total de auga reciclada e reutilizada.	n.a.
Biodiversidade		
P	EN11 Descrición de terreos adxacentes ou situados dentro de espazos naturais protexidos ou de áreas de alta biodiversidade non protexidas.	n.a.
P	EN12 Impactos máis significativos na biodiversidade en espazos naturais protexidos ou en áreas de alta biodiversidade non protexidas.	n.a.
A	EN13 Hábitats protexidos ou restaurados.	n.a.
A	EN14 Estratexias implantadas e planificadas para a xestión de impactos sobre a biodiversidade.	n.a.
A	EN15 Número de especies en perigo de extinción (incluídas en Lista Vermella da iUCn e en listaxes nacionais) cuxos hábitats se atopan en áreas afectadas polas operacións da organización.	n.a.
Emisións, verteduras e residuos		
P	EN16 Emisións totais, directas e indirectas, de gases de efecto invernadoiro, en peso.	177
P	EN17 Outras emisións indirectas de gases de efecto invernadoiro, en peso.	177
A	EN18 Iniciativas para reducir as emisións de gases de efecto invernadoiro e as reducións logradas.	133-135, 177
P	EN19 Emisións de sustancias redutoras da capa de ozono, en peso.	n.a.
P	EN20 No, So e outras emisións significativas ao aire por tipo e peso.	*(7)
P	EN21 Vertedura de augas residuais, segundo natureza e destino.	n.a.
P	EN22 Peso total de residuos xestionados, segundo tipo e xestión do tratamento.	177-178
P	EN23 Número total e volume dos derrames accidentais máis significativos.	*(8)
A	EN24 Peso dos residuos perigosos transportados ou tratados (Convenio de Basilea).	178
A	EN25 Recursos hídricos e hábitats relacionados, afectados significativamente por verteduras de auga e augas de escorrentía da organización.	n.a.
Produtos e servizos		
P	EN26 Iniciativas para mitigar os impactos ambientais dos produtos e servizos, e grao de redución do impacto.	25, 134-135, 138-139, 175-179
P	EN27 Porcentaxe de produtos vendidos e as súas embalaxes recuperadas ao final da súa vida útil.	n.a.
Cumprimento normativo		
P	EN28 Custo das multas significativas e número de sancións non monetarias por incumprimento da normativa ambiental.	*(9)
Transporte		
A	EN29 Impactos ambientais do transporte de produtos e outros bens e materiais utilizados, así como do transporte do persoal.	178-179

Xeral		
A	EN30 Desglose por tipo do total de gastos e investimentos ambientais.	*(10)
DIMENSIÓN SOCIAL		
Enfoque de xestión das prácticas laborais		
59, 111-116		
Emprego		
P	LA1 Desglose do colectivo de traballadores por tipo de emprego, contrato e rexión.	46-51 *(11)
P	LA2 Número total de empregados e rotación media, desglosado por grupo de idade, sexo e rexión.	46-51 *(12)
A	LA3 Beneficios sociais para os empregados con xornada completa, que non se ofrecen aos empregados temporais ou de media xornada.	113-114
Relacións empresa/traballadores		
P	LA4 Porcentaxe de empregados incluídos en convenio colectivo.	116
P	LA5 Período mínimo de preaviso relativo a cambios organizativos.	
Saúde e seguridade no traballo		
A	LA6 Porcentaxe de empregados representados en comités de seguridade e saúde.	115
P	LA7 Taxas de absentismo, enfermidades profesionais, días perdidos e número de vítimas mortais.	172 *(13)
P	LA8 Programas de educación, formación, asesoramento, prevención e control de riscos que se apliquen aos traballadores, ás súas familias ou aos membros da comunidade en relación con enfermidades graves.	114-116, 172
A	LA9 Asuntos de saúde e seguridade cubertos en acordos formais con sindicatos.	114-116
Formación e educación		
P	LA10 Media de horas de formación ao ano por empregado, desglosado por categoría de empregado.	111, 172 *(14)
A	LA11 Programas de xestión de habilidades e de formación continua que fomenten a empregabilidade e o desenvolvemento das carreiras profesionais dos empregados.	111
A	LA12 Porcentaxe de empregados que reciben avaliacións regulares do desempeño e de desenvolvemento profesional.	*(15)
Diversidade e igualdade de oportunidades		
P	LA13 Composición dos órganos de goberno corporativo e cadro de persoal, desglosado por sexo, grupo de idade, pertenza a minorías e outros indicadores de diversidade.	33-34, 111-112, 170-171 *(16)
P	LA14 Relación entre o salario base dos homes con respecto ao das mulleres, desglosado por categoría profesional.	113
Enfoque de xestión dos dereitos humanos		
111-112, 58-59, 60-62		
Prácticas de investimento e abastecemento		

P	HR1 Porcentaxe e número total de investimentos que inclúan cláusulas de dereitos humanos ou que sexan obxecto de análise.	n.a.
P	HR2 Porcentaxe dos principais distribuidores e contratistas que foron obxecto de análise en materia de dereitos humanos, e medidas adoptadas como consecuencia.	n.a.
A	HR3 Horas de formación e porcentaxe de empregados formados en materia de dereitos humanos.	*(17)
Non discriminación		
P	HR4 Número total de incidentes de discriminación e medidas adoptadas.	61-62
Liberdade de asociación e convenios colectivos		
P	HR5 Actividades da compañía nas que o dereito á liberdade de asociación e de acollerse a convenios colectivos poida correr importantes riscos, e medidas adoptadas para contribuir á súa eliminación.	116
Explotación infantil		
P	HR6 Actividades con risco de explotación infantil, e medidas adoptadas para contribuir á súa eliminación.	n.a.
Traballos forzosos		
P	HR7 Operacións con risco de traballo forzoso ou non consentido e medidas adoptadas para contribuir á súa eliminación.	n.a.
Prácticas de seguridade		
A	HR8 Porcentaxe do persoal de seguridade formado en materia de dereitos humanos.	*(18)
Dereitos dos indíxenas		
A	HR9 Número de incidentes relacionados coa violación dos dereitos dos indíxenas e medidas adoptadas.	n.a.
Enfoque de xestión das relacións coa sociedade		
		57-59, 99-100
Comunidade		
P	SO1 Xestión dos impactos sobre as comunidades afectadas pola actividade.	99-142
Corrupción		
P	SO2 Porcentaxe e número total de unidades de negocio analizadas con respecto a riscos relacionados coa corrupción.	*(19)
P	SO3 Porcentaxe de empregados formados nas políticas e procedementos anticorrupción da organización.	*(20)
P	SO4 Medidas tomadas en resposta a incidentes de corrupción.	*(21)
Política pública		
P	SO5 Posición nas políticas públicas e actividades de lobbying.	n.a.
A	SO6 Valor total das achegas financeiras e en especie a partidos políticos ou a institucións relacionadas, por países.	n.a.

Comportamento de competencia desleal		
A	SO7 Número total de accións por causas relacionadas coas prácticas monopolísticas e contra a libre competencia, e os seus resultados.	n.a.
Cumprimento normativo		
P	SO8 Valor monetario de sancións, multas e número total de sancións non monetarias derivadas do incumprimento das leis e regulacións.	*(22)
Enfoque de xestión das responsabilidades do produto		
		63
Saúde e seguridade do cliente		
P	PR1 Fases do ciclo de vida dos produtos e servizos, nos que se avalían os impactos na saúde e seguridade do cliente, e porcentaxe de produtos e servizos suxeitos a tales procedementos de avaliación.	117-121
A	PR2 Número total de incidentes derivados do incumprimento da regulación legal ou dos códigos voluntarios relativos aos impactos dos produtos e servizos na saúde.	*(23)
Etiquetaxe de produtos e servizos		
P	PR3 Información sobre os produtos e servizos requiridos segundo a normativa.	*(24)
A	PR4 Número total de incumprimentos da regulación e dos códigos voluntarios relativos á información e á etiquetaxe dos produtos e servizos.	*(25)
A	PR5 Prácticas con respecto á satisfacción do cliente, incluíndo os resultados dos estudos de satisfacción.	119, 159
Comunicacións de mercadotecnia		
P	PR6 Programas de cumprimento das leis ou adhesión a estándares e códigos voluntarios mencionados nas comunicacións de mercadotecnia.	*(26)
A	PR7 Número de incidentes por incumprimento das normativas sobre mercadotecnia e publicidade.	*(27)
Privacidade do cliente		
A	PR8 Número de reclamacións con respecto á privacidade e fuga de datos persoais de clientes.	*(28)
Cumprimento normativo		
P	PR9 Custo das multas por incumprimento da normativa relacionada coa subministración e uso dos produtos e servizos da organización.	*(29)

P: indicador principal A: indicador adicional n.a.: non aplicable.

Aclaración sobre indicadores

- *(1) Os servizos prestados pola USC son os propios dunha institución de ensino superior.
- *(2) A memoria non foi sometida a verificación externa.
- *(3) Non se produciu ningunha situación de perigo de dano grave ou irreversible ao medio ambiente que necesitase da aplicación do Principio de Ríu.
- *(4) Non se estableceu un proceso de consulta formal cos grupos de interese para a realización da memoria.
- *(5) A maioría dos provedores teñen sede en España e acódesse a provedores locais sempre que sexa posible, tendo en conta que a maior parte das compras realízanse por concurso público.
- *(6) A compra de materiais está descentralizada por departamentos. non se estableceu un protocolo de recollida da devandita información.
- *(7) As emisións de No e So non son significativas dentro da actividade da USC.
- *(8) Non se produciron derrames significativos de augas nin doutros líquidos.
- *(9) Durante o período cuberto pola memoria, a USC non foi obxecto de ningunha multa ou sanción relacionada co incumprimento da normativa ambiental.
- *(10) Non se desglosan os gastos e investimentos ambientais.
- *(11) Non se desglosa por rexión.
- *(12) Datos de rotación media non dispoñibles.
- *(13) Datos de taxas de absentismo non dispoñibles.
- *(14) Infórmase das actividades formativas e persoal asistente. Non se dispón de datos sobre a media de horas de formación ao ano por empregado.
- *(15) Non se realizan avaliacións regulares do desempeño para o PAS. en relación co PDI, cada curso académico o alumnado avalía a súa satisfacción coa docencia recibida. A avaliación da investigación do PDI mídese polos sexenios concedidos. Cada ano, a nivel departamental, realízanse avaliacións da produción científica.
- *(16) Non se informa da pertenza a minorías. A composición do equipo de goberno non se desglosa por grupos de idade nin pertenza a minorías.
- *(17) Non se imparte formación específica para o persoal en dereitos humanos dado que non existe risco de incumprimento no ámbito de actuación da USC.
- *(18) Non se imparte formación específica en dereitos humanos.
- *(19) Non se ten evidencia de incidentes de prácticas corruptas.
- *(20) Non se imparte formación específica nesta materia.
- *(21) Non se ten evidencia de incidentes de prácticas corruptas.
- *(22) A USC non foi obxecto de sancións ou multas significativas.
- *(23) Non se detectaron casos de incumprimento da regulación legal.
- *(24) Os estudantes e egresados dispoñen de información completa accesible na web institucional da USC.
- *(25) Non se rexistraron casos de incumprimento da normativa referente á información dos servizos.
- *(26) A USC cumpre a normativa vixente sobre comunicacións de marketing.
- *(27) Non se rexistraron casos de incumprimento.
- *(28) Non se recibiu reclamación algunha. A USC garante a privacidade dos datos de carácter persoal dos membros da comunidade e aplica estritamente a Lei orgánica de Protección de datos de Carácter Persoal.
- *(29) Non se rexistraron casos de incumprimento.

Indicadores non aplicables

4.2., 4.3. Ao tratarse dunha institución de educación superior non é aplicable o concepto de presidente executivo nin o de conselleiro independente.

4.5. O réxime retributivo das autoridades académicas está establecido pola lexislación; polo tanto, non se establece retribución variable a efectos deste indicador.

EN6. Debido á natureza da actividade non cabe adoptar iniciativas para proporcionar produtos e servizos con baixo consumo de enerxía.

EN9. Só utilízase auga da rede de abastecemento urbano. non hai ningunha fonte afectada significativamente polas nosas captacións.

EN10. A auga consumida é de uso sanitario polo que non se reutiliza nin recicla.

EN11. As instalacións da USC non se atopan en terreos protexidos nin adxacentes aos mesmos.

EN12, EN13, EN14. Dada a natureza da actividade da USC, non se producen impactos

significativos na biodiversidade.

EN15. A actividade da USC non afecta a ningún hábitat destas características.

EN19. A USC non realiza actividades susceptibles de emitir sustancias reductoras da capa de ozono.

EN21. As augas residuais xeradas na USC son augas residuais urbanas, que son vertidas á rede de saneamento pública de Santiago e Lugo, seguindo os tratamentos de depuración existentes nas EDAR de ambos os concellos.

EN25. Unicamente xéranse augas residuais urbanas recollidas pola rede de saneamento pública e non se producen verteduras directas aos recursos hídricos.

EN27. Dada a natureza da actividade, a USC non opera con volumes significativos de produtos físicos nin embalaxes.

HR1, HR2. Todos os investimentos e compras realízanse en España, onde o marco xurídico garante a protección dos dereitos humanos, polo que non é necesario incluír unha cláusula concreta neste sentido.

HR6, HR7. En España, onde opera a USC, a normativa laboral recolle as recomendacións da organización internacional do traballo, nas que se mostra un total rexeitamento ao traballo infantil e ao traballo forzado.

HR9. No ámbito xeográfico no que actúa a USC non hai comunidades indíxenas.

SO5. As relacións entre a USC e as Administracións baséanse no comportamento ético e o respecto á legalidade, polo que non realiza actividades de lobbying.

SO6. A USC non realiza achegas nin doazóns a partidos políticos ou a institucións relacionadas.

SO7. Como institución educativa pública, a USC non leva a cabo prácticas monopolísticas nin contrarias á libre competencia.